



**PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E
DOTACIÓNS PARA A AMPLIACIÓN DO
CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN
XOÁN DE ANCEIS, MUNICIPIO DE
CAMBRE (A CORUÑA)**

APROBACIÓN INICIAL
Abril 2025



ÍNDICE XERAL

**DOC 01.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E
OBXECTIVOS, ASÍ COMO DAS SÚAS
DETERMINACIÓNS**

DOC 02.- PLANOS DE INFORMACIÓN

DOC 03.- PLANOS DE ORDENACIÓN

DOC 04.- NORMAS URBANÍSTICAS

DOC 05.- CATÁLOGO

**DOC 06.- ESTUDO ECONÓMICO E MEMORIA DE VIABILIDADE
ECONÓMICA**

**DOC 07.- DOCUMENTO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN
AMBIENTAL ESTRATÉXICA**



1 EQUIPO REDACTOR

Relaciónase a continuación o persoal que formou parte do equipo redactor do presente PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN XOÁN DE ANCEIS, MUNICIPIO DE CAMBRE (A CORUÑA):

Director dos traballos:

Alfonso Botana Castelo

Arquitecto

Responsables:

Alfonso Botana Castelo

Arquitecto

Beatriz García Becerra

Arquitecta

Paula Fernández Otero

Bióloga

Equipo técnico:

Adrián Lorenzo Castiñeiras

Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos

Xurxo Rodríguez Baña

*T.S. en desenvolvemento de proxectos de urbanismo e
operación topográficas*

ÍNDICE XERAL

PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN XOÁN DE ANCEIS, MUNICIPIO DE CAMBRE (A CORUÑA)

DOC 01.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E OBJECTIVOS, ASÍ COMO DAS SÚAS DETERMINACIÓNS

PARTE I INFORMATIVA

PARTE II XUSTIFICATIVA

ANEXO 03.1.- ESTUDO DA PAISAXE

DOC 02.- PLANOS DE INFORMACIÓN

DOC 03.- PLANOS DE ORDENACIÓN

DOC 04.- NORMAS URBANÍSTICAS

DOC 05.- CATÁLOGO

DOC 06.- ESTUDO ECONÓMICO E MEMORIA DE VIABILIDADE ECONÓMICA

DOC 07.- DOCUMENTO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

ÍNDICE

PARTE I. INFORMACIÓN

PARTE I. INFORMACIÓN.....	3
1 INTRODUCCIÓN.....	3
1.1 PROMOTOR.....	3
1.2 OBOXECTO DO PLAN ESPECIAL.....	3
2 CONTIDO DO PLAN ESPECIAL.....	3
3 INFORMACIÓN URBANÍSTICA.....	4
3.1 LOCALIZACIÓN E DELIMITACIÓN DO ÁMBITO.....	4
3.2 CARACTERIZACIÓN DO TERRITORIO.....	5
3.2.1 Características naturais.....	5
3.2.2 Usos do solo e edificacións.....	8
3.2.3 Medio socioeconómico.....	9
3.2.4 Patrimonio cultural.....	11
3.2.5 Estudo da paisaxe.....	11
3.3 INFRAESTRUTURAS EXISTENTES.....	13
3.4 VULNERABILIDADE DO ÁMBITO ANTE RISCOS.....	14
3.4.1 Risco de incendio.....	15
3.4.2 Contaminación atmosférica.....	15
3.4.3 Risco sísmico.....	15
4 INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO.....	16
4.1 DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO.....	16
4.2 DIRECTRICES DE PAISAXE.....	17
4.3 PLAN BÁSICO AUTONÓMICO.....	17
4.4 PLANEAMENTO MUNICIPAL VIXENTE.....	17

DOC 01.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E OBJECTIVOS, ASÍ COMO DAS SÚAS DETERMINACIÓNS

PARTE I. INFORMACIÓN

1 INTRODUCCIÓN

De conformidade co disposto no artigo 184.1.a) do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG), aprobado mediante o decreto 143/2016, do 22 de setembro, o presente documento constitúe a parte informativa da MEMORIA XUSTIFICATIVA do PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN XOÁN DE ANCEIS (en adiante PEID), no municipio de Cambre (A Coruña).

1.1 PROMOTOR

O promotor do plan é o Arzobispado de Santiago de Compostela:

Praza da Inmaculada 1
15.704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 57 23 00

1.2 OBXECTO DO PLAN ESPECIAL

O obxecto do presente documento é a redacción do Plan Especial de infraestruturas e dotacións para obter solo clasificado para equipamento que permita proceder á ampliación e urbanización do cemiterio parroquial de San Xoán de Anceis, no municipio de Cambre.

A tal fin o PEID define os espazos e usos concretos a implantar na parcela e establece as medidas necesarias para a súa adecuada integración no territorio e a súa correcta conexión co sistema viario xeral.

A súa necesidade xurde do estado de ocupación do cemiterio existente, vencellado á igrexa parroquial de San Xoán de Anceis que fai necesaria unha ampliación que albergue as condicións adecuadas de control sanitario de vertidos, ventilación, e adaptación ás condicións legais establecidas para nichos na lexislación de aplicación.

2 CONTIDO DO PLAN ESPECIAL

Segundo o artigo 73.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia (LSG):

“Os plans especiais de infraestruturas e dotacións teñen por obxecto o establecemento e a ordenación das infraestruturas relativas ao sistema de comunicacións, transportes, espazos libres públicos, equipamento comunitario, instalacións destinadas aos servizos públicos e subministracións de enerxía e abastecemento, evacuación e depuración de augas e a implantación dos usos previstos nos puntos o) e p) do artigo 35.1, de conformidade co disposto

no artigo 36.4."

O citado punto 35.1. p) refírese a construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados como o que resulta obxecto do presente Plan.

O presente Plan Especial, de conformidade co establecido no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG debe integrar as determinacións axeitadas á súa finalidade e, en todo caso, as seguintes (art.73 da LSG):

- DELIMITACIÓN DOS ESPAZOS RESERVADOS PARA INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS URBANÍSTICAS E O SEU DESTINO CONCRETO.

O ámbito do presente PEID abrangue 2.186,06 m² colindantes co cemiterio existente. A súa delimitación gráfase no planos de información e ordenación.

- MEDIDAS NECESARIAS PARA A SÚA ADECUADA INTEGRACIÓN NO TERRITORIO E PARA RESOLVER OS PROBLEMAS QUE XERE NO VIARIO E NAS DEMAIS DOTACIÓNS URBANÍSTICAS.

O Plan Especial establece as medidas necesarias para a integración da actuación no territorio e co cemiterio existente, e conta con medidas destinadas a resolver os posibles problemas orixinados no sistema viario como consecuencia do seu desenvolvemento.

- MEDIDAS DE PROTECCIÓN NECESARIAS PARA GARANTIR A FUNCIONALIDADE E ACCESIBILIDADE UNIVERSAL DAS INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS URBANÍSTICAS.

O presente Plan Especial desenvolve unha actuación encamiñada a lograr a máxima accesibilidade e os niveis de calidade imprescindibles para que cumpra a súa función. O ámbito proposto localízase nun lugar apropiado e congruente co carácter do equipamento dado que se trata dunha ampliación e contará con acceso peonil e aparcadoiros suficientes.

O PEID sométese ao procedemento de avaliación ambiental de conformidade co artigo 75.3 da LSG. A avaliación ambiental é un instrumento plenamente consolidado que acompaña ao desenvolvemento, asegurando que este sexa sustentable e integrador cuxo procedemento se atopa regulado pola Lei 21/2013 de 9 de decembro, de avaliación ambiental.

3 INFORMACIÓN URBANÍSTICA


3.1 LOCALIZACIÓN E DELIMITACIÓN DO ÁMBITO

O ámbito obxecto do PEID atópase no municipio de Cambre (A Coruña). O territorio municipal encádrase na Área Urbana de A Coruña (definida nas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, DOT), inserida na Rexión Urbana Ártabra.

O ámbito do Plan Especial correspóndese con parte dunha única parcela de titularidade do Arzobispado de Santiago de Compostela, con referencia catastral 2319101NH5921N, emprazada en Seoane de Abaixo, na parroquia de San Xoán de Anceis. Esta parroquia está situada no suroeste do municipio limita ao norte coa parroquia de Sigrás, ao leste coas de Andeiro e Meixigo, ao sur co termo municipal de Carral e ao oeste co de Culleredo. Ten unha superficie de 527,9 ha, e unha densidade de poboación de 243 hab/km².

A ampliación proposta abrangue unha superficie de 2.186,06 m² desa parcela na zona que forma o agregado urbano Sigrás-Anceis, cara o sur e leste da Igrexa parroquial de San Xoán de Anceis e do cemiterio existente.

O ámbito delimita polo norte co núcleo de Seoane e polo resto de puntos con solos rústicos propios dun mosaico agrícola e rurourbano.



Localización do ámbito do PEID

3.2 CARACTERIZACIÓN DO TERRITORIO

3.2.1 Características naturais

a) CLIMA

O municipio de Cambre presenta un clima oceánico, tépedo e húmido, cunha escasa variación das temperaturas ao longo do ano e unha reducida pluviosidade anual no contexto oceánico. Trazos que permiten falar da existencia dun microclima que se debe á influencia do relevo, a posición en relación aos ventos dominantes e a dirección das frentes nubradas. O resultado son uns invernos non excesivamente húmidos, en relación ao resto de Galicia, de temperaturas suaves e abundancia de días nubrados, a consecuencia da sombra pluviométrica en que queda este sector coruñés en relación aos ventos de S.W. e N.W.; mentres que os veráns son pouco calorosos e curtos, debido á humidade e ao impacto dos ventos que se producen ao dominar no verán as situacións de N.E.

En balance, un clima suave cun panorama xeral de invernos benignos e veráns frescos, aínda que matizado localmente

b) XEOMORFOLOXÍA

O relevo do territorio é froito do modelado fluvial. Concretamente, é a rede hidrográfica do

río Mero a que atravesa o seu val dende o encoro de Cecebre ata a ría do Burgo.

O contorno presenta unha topografía suave, caracterizada pola secuencia de pequenas elevacións so interrompidas pola presenza de grandes vales (como o do río Mero) e con altitudes na súa maior parte por debaixo dos 200 m de altitude e con pendentes en xeral, inferiores ao 10%.

O ámbito do PEID presenta unha lixeira pendente cara o surlleste con valores inferiores ao 10%. As altitudes van desde o 72 aos 50 m sobre o nivel do mar.

c) XEOLOXÍA

As características litolóxicas do termo municipal de Cambre corresponden ás do Dominio da "Serie de Ordes" Precámbrico – Cámbrico, con inclusión de áreas pertencentes ao Cuaternario Holoceno, nas áreas aluviais do contorno do sistema fluvial do Río Mero.

No ámbito delimitado os materiais aflorantes predominantes son os xistos de Ordes da Unidade de Betanzos cun grao de metamorfismo baixo.

É unha das rochas máis características e abundantes da Galicia Central e Occidental. Son metasedimentos monótonos que proceden de rochas pelíticas e grauváquicas. Son xistos, lousas, filitas, metagrauvas, conglomerados, metapelitas carbonosas e cuarcitas

d) HIDROLOXÍA

O ámbito pertence á Demarcación hidrográfica Galicia Costa, en concreto ao sistema de explotación do Río Mero, Arteixo e Ría da Coruña.

O ámbito non afecta a ningún curso de auga nin se atopan próximos ao ámbito do PEID. Tampouco existen captacións para abastecemento humano, outras zonas protexidas, identificadas polo Plan Hidrolóxico vixente (PHGC), próximas, nin zonas incluídas nos recentes estudos de inundabilidade realizados polo organismo de conca Augas de Galicia.

O PHGC identifica a masa de auga subterránea denominada Coruña-Betanzos-Ares-Ferrol (014.011), que presenta risco en estudo por contaminación difusa.

En canto á contaminación das augas subterráneas, o Mapa de Vulnerabilidade do Medio Físico á Contaminación dos Mantos Acuíferos (Xunta de Galicia, 1996) encadra aos depósitos sedimentarios cuaternarios nas zonas moi vulnerables fronte á contaminación urbana e industrial nas que, polo tanto, é preciso extremar as medidas preventivas e impoñer medidas de control. Porén, nos terreos precámbricos e paleozoicos, a contaminación afectará, case que en exclusiva, ás augas superficiais, debido á súa baixa ou nula permeabilidade.

e) BIODIVERSIDADE

O ámbito atópase dentro do punto de vista bioxeográfico na rexión Eurosiberiana, Provincia Atlántico-Medioeuropea, Subprovincia Atlántica e Sector Galaico-Portugués. A vexetación potencial correspóndese segundo Rivas Martínez (1987) coa serie 8c propia das carballeiras colinas da asociación *Rusco aculeati-Quercetum roboris sigmetum*. Esta serie corresponde no seu óptimo estable a unha carballeira densa de carballos (*Quercus robur*), que pode levar asociados unha certa cantidade de rebolos (*Quercus pyrenaica*), acibros (*Ilex aquifolium*), castiñeiros (*Castanea sativa*), loureiros (*Laurus nobilis*) y alcornoques (*Quercus suber*). A degradación moderada dos bosques desta serie permite a extensión das xesteiras oceánicas

colinas e mesomediterráneas cuxa estrutura se corresponde cun piorno de gran talla rico en fentos, silvas e toxos.

As ripisilvas características do territorio son as pertencentes á asociación *Senecio bayonensis-Alnetum glutinosae*, ameneiral ribeirego claramente termófilo e de influencia mediterránea.

O inventario nacional de habitats non identifica habitats de interese para a súa conservación nin no ámbito nin na súa contorna.

O ámbito do PEID atópase nun espazo rurourbano con relativa densidade de poboación, infraestruturas e dotacións, polo que a flora e a fauna están compostas por especies xeneralistas e adaptadas a medios agrícolas e urbanos.

Neste contexto, e malia que no termo municipal están potencialmente presentes especies de flora e fauna de especial interese para a conservación, que inclúe diversas especies ameazadas, no ámbito non se ten rexistrada a súa presenza.

No que respecta á conservación das especies ameazadas en Galicia, cómpre destacar que o territorio litoral acolle zonas de presenza da especie de ave ameazada Escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher), que conta cun plan de recuperación e de conservación. O "Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitanica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia", establece unha zonificación segundo a área de distribución potencial, a área de presenza e a área de conservación prioritaria da escribenta das canaveiras. A delimitación da Área de Distribución Potencial abrangue todo o territorio de Cambre, e inclúe aqueles humidaís costeiros que poderían ser utilizados pola subespecie lusitanica, así como as áreas de descanso durante os movementos dispersivos ou entre as áreas de distribución actual, ou ben en épocas diferentes ás de cría e en especial durante o inverno. A delimitación inclúe todos os humidaís de Galicia de vexetación palustre de grande tamaño que se encontran entre a liña de costa e 15 km cara ao interior. Neste sentido, é preciso manifestar que non se atopan, no contorno do ámbito habitats axeitados para dita especie ameazada, polo que a súa presenza na área é pouco probable.

Non se identifican árbores ou formacións senlleiras catalogadas no ámbito nin na súa contorna nin se atopan habitats de interese comunitario para a súa conservación.

f) ÁREAS ESTRATÉXICAS DE CONSERVACIÓN

A ampliación proposta atópase dentro da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo promovida pola Asociación de Desenvolvemento Rural "Mariñas-Betanzos" foi declarada pola UNESCO en maio de 2013. A reserva abrangue o territorio dos concellos coruñeses de Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Sada e Sobrado, e conta cunha superficie total de 116.724,3 ha, das cales 113.969,6 ha (97,64%) corresponden a medio terrestre, e 2.754,7 ha (2,36%) corresponden a medio mariño.

Caracterízase por acoller unha elevada riqueza de especies silvestres, tanto no relativo á flora como á fauna, representativas do medio mariño, costeiro, e continental da Rexión Bioxeográfica Atlántica. Á diversidade de especies debe engadirse unha importante diversidade de habitats que inclúe 49 tipos de habitats (68% dos presentes en Galicia), 12

designados como prioritarios (66% dos presentes en Galicia).

No que respecta á zonificación, a Zona Núcleo da reserva comprende aqueles enclaves do territorio que albergan os ecosistemas naturais menos alterados e os espazos de maior valor ecolóxico. A Zona Tampón serve de área de amortiguamento entre as zonas núcleo e transición, e desempeña unha función intrínseca de conservación da diversidade biolóxica e antropolóxica, así como de conectividade que permita o intercambio xenético entre as especies e os seus desprazamentos polo territorio. Pola súa parte, a Zona de Transición abrangue a superficie ocupada polos asentamentos humanos, as terras circundantes, as infraestruturas de maior entidade, e de forma xeral as superficies antropizadas e transformadas por actividades humanas. Esta zona é a que maior capacidade ten para absorber os impactos derivados da actividade económica, e onde residen a maior parte das actividades produtivas desenvolvidas no ámbito da Reserva, sendo esta a que ocupa o ámbito do PEID.

No ámbito do PEID non existen espazos naturais protexidos incluídos na Rede Natura 2000 ou na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos.

3.2.2 Usos do solo e edificacións

En Cambre a ocupación do solo está fortemente condicionada pola súa progresiva introdución na Área Urbana da Coruña, pois as parroquias urbanas emprazadas no fondo da Ría do Burgo (O Temple, Cambre e Sigrás), forman xa parte da súa primeira coroa metropolitana, e as restantes parroquias, que presentan menores densidades de ocupación residencial e entre as que se atopa a de San Xoán de Anceis,, intégranse na segunda coroa. Nun marco territorial singularizado pola urbanización difusa metropolitana, tal e como describen as DOT, o desenvolvemento recente de Cambre caracterizouse pola expansión residencial de moi baixa densidade global sobre unha matriz de orixe rural e a carón das infraestruturas viarias provocando a extensión lineal dos agregados de núcleos urbanos e rurais.

Segundo o mapa de usos do solo (SIOSE 2014) o ámbito atópase nunha zona de mosaico agrícola e urbano rodeado e prados e cultivos.

O ámbito atópase integrado no núcleo de Seoane entre vivendas unifamiliares illadas e as vías de comunicación que conectan o núcleo con outros asentamentos e infraestruturas.



Vista do cemiterio no núcleo de Seoane

Na parcela desenvólvese o uso propio dun equipamento relixioso ao albergar a Igrexa de San Xoán de Anceis e o cemiterio, que conta con sepulturas, osario, instalacións de abastecemento, saneamento e electricidade e zonas para cinzas de incineración ou columbario.

Existe un peche perimetral de formigón con celosía prefabricada e un peche metálico formado con paneis soldados de aceiro galvanizado en cor verde con postes de aceiro verde colocado sobre unha base de bloque de formigón prefabricado. No límite sur da parcela co solo rústico existe unha plantación de cipreses de alto porte.



Peches no ámbito de cemiterio

3.2.3 Medio socioeconómico


O municipio de Cambre acolle un total de 119 entidades de poboación agrupadas en 12 parroquias: Anceis (á que pertence o ámbito do PEID), Andeiro, Brexo, Bribes, Cambre, Cecebre, Cela, San Lorenzo, O Temple, Pravio, Sigrás e Vigo.

As parroquias situadas ao noroeste do municipio dan cabida aos principais núcleos urbanos: Santa María do Temple, onde se foi conformando un fragmento urbano de alta densidade e uns 9.000 habitantes, integrando os núcleos de O Temple e O Graxal; Santa María de Cambre onde se sitúan o núcleo histórico de Cambre e o recente asentamento da Barcala. Ao sueste, as parroquias con menor densidade de poboación (Andeiro e Vigo), máis próximas ao seu pasado rural. Entre estes dous territorios aparece unha área central ocupando, a ambos os dous lados do río Mero, as parroquias de: Sigrás, Anceis, Meixigo, Brexo, Cela, Pravio, Cecebre e Bribes; onde se mesturan núcleos preexistentes e crecementos recentes. Trátase de parroquias con densidades de poboación superiores aos 200 hab./km² (os casos de Sigrás e Cela superan os 500 hab./km²), propias dun ámbito metropolitano.

Trátase dun municipio de pequeno tamaño, moi por debaixo da media no contexto provincial (124,2 km²) e autonómico (93,9 km²), cunha densidade de poboación de 593,14 hab./km², moi superior á media autonómica (94,1 hab./km²) e á provincial (143,8 hab./km²).


Segundo datos do IGE a poboación de Cambre no ano 2022 é de 24.505 habitantes. O municipio rexistra un incremento poboacional moi importante nos últimos anos. A puxanza demográfica de Cambre é unha consecuencia directa do proceso de metropolitanización que emana da cidade herculina. Nese contexto, o diferencial de prezos con Coruña exerceu como un potente catalizador do proceso de deslocalización demográfica.

O municipio pasa dos 10.685 habitantes no ano 1986, a 24.505 habitantes en 2022; un incremento de 13.820 habitantes en 36 anos que supón en termos relativos un crecemento dun 56%.



Evolución demográfica no municipio de Cambre


A parroquia de Anceis, onde se sitúa o ámbito do PEID, concentra 1.290 habitantes no ano 2022, o que supón o 5,26% da poboación municipal. Dende o ano 2000 a poboación parroquial incrementouse en 38 habitantes, se ben dende o ano 2020 experimenta un progresivo decrecemento.



Evolución demográfica na parroquia de San Xoán de Anceis

O saldo vexetativo no municipio é negativo (-74) dado que se produce un maior número de defuncións (222) que de nacementos (148).

Como se pode observar no gráfico, esta tendencia vense producindo e incrementando nos últimos cinco anos.




Evolución do crecemento vexetativo no municipio

O 67% da poboación ten unha idade comprendida entre os 16 e os 64 anos e mais do 19% é maior de 65 anos, resultando a idade media de 45,35 anos.

O grupo de idade con maior número de efectivos abrangue desde os 40 aos 64 anos.

- A poboación menor de 18 anos en Cambre é de 3.799, o 15,5%.
- A poboación entre 18 y 65 anos en Cambre é de 16.358 o 66,8%.
- A poboación maior de 65 anos en Cambre é de 4.348 o 17,7%.



Poboación segundo grupos quinquenais de idade

Respecto as actividades económicas, o peso do sector servizos no municipio foise incrementando ano tras ano, pasando de representar no ano 1999 un 47,1% dos afiliados ó 79% no ano 2022. Isto non significa que o resto de sectores non gañen número de afiliados, senón que crecen a un ritmo menor que o sector servizos.

O sector industrial ocupa ao 12% da poboación activa e o sector da construción a un 8%.

3.2.4 Patrimonio cultural

Non se identifican elementos do patrimonio cultural de Galicia no ámbito pero si se inclúe no contorno de protección establecido para a Igrexa de San Xoán de Anceis.



Elementos do patrimonio cultural na contorna do PEID

3.2.5 Estudo da paisaxe

Segundo as Directrices de paisaxe de Galicia, aprobadas mediante Decreto 238/2020, do 29 de decembro, os instrumentos de ordenación do territorio deberán estudar a paisaxe do seu ámbito territorial, en canto aos aspectos sinalados na determinación DX.01 que procedan en cada caso, en atención á natureza e ámbito territorial do instrumento en cuestión. O presente PEID incorpora un Estudo da paisaxe do ámbito no seu Anexo 03.1.

Segundo a Estratexia Galega da Paisaxe desenvolvida a partir da Lei de Protección da Paisaxe de Galicia (Lei 7/2008, do 7 de xullo) o ámbito do PEID pertence á Gran Área Paisaxística do Golfo Ártabro (GAP), dentro da comarca Golfo Ártabro Interior.

A posición costeira determina a caracterización paisaxística da GAP Golfo Ártabro, ben sexa pola propia presenza do litoral ou polas diversas influencias que este exerce nas súas dinámicas (socioeconómicas e climáticas, por exemplo). A súa división en dúas comarcas paisaxísticas ben diferenciadas (litoral e interior) é debida a unha gran diversidade xeográfica, estética e funcional nunha superficie relativamente pequena. Esta ausencia de homoxeneidade tradúcese en áreas e comarcas paisaxísticas de superficie reducida pero dunha gran variedade

estética.

Segundo o Catálogo de Paisaxes de Galicia a zona de estudo non pertence a ningunha área de especial interese paisaxístico.

Entre os valores ecolóxicos non destacan elementos bióticos merecedores de protección pola súa singularidade ou naturalidade. Non existen hábitats de interese comunitario para a súa conservación ou áreas estratéxicas de conservación na zona estudo.

Entre os valores culturais, o ámbito do PEID abrangue parte do contorno de protección da Igrexa de San Xoán de Anceis. Non presenta elementos do patrimonio cultural de Galicia.



Igrexa de San Xoán de Anceis

O ámbito e a súa contorna non presenta valores panorámicos entendo como tales os establecidos polo Catálogo de Paisaxes como miradoiros, sendas ou camiños e rutas BTT.

Trátase, en resumo, dun ámbito antropizado, bordeado por vías urbanas que non conta con elementos bióticos singulares e relevantes que requiran medidas de cautela ou protección específicos, máis alá das propios do tratamento e acondicionamento coidadoso do ámbito.

O ámbito obxecto de estudo esta incluído no novo PXOM de Cambre (aprobado inicialmente) como solo urbano destinado ao uso de equipamento privado (PrCE0101).

De acordo co Catálogo das Paisaxes de Galicia as paisaxes de Cambre afectadas intensamente pola rururbanización, o crecemento periurbano e o desenvolvemento de infraestruturas, presentan moi baixa calidade, e grandes impactos territoriais e ambientais derivados da densa rede de infraestruturas e da urbanización difusa.

Na diagnose e ao respecto das causas e dinámicas da paisaxe no Catálogo dise sobre a rururbanización, o crecemento periurbano e o desenvolvemento de infraestruturas, o seguinte: "O considerable transvase de poboación das áreas rurais ás urbanas que experimentou Galicia entre 1960 e 1980 terminou ocasionando este tipo de paisaxe que algúns denominan "maia

rururbana" (Oliveira et al., 2009). Esta nova paisaxe urbana caracterízase por edificacións de tipoloxía menos homoxénea, con gran variedade de materiais e cores e, en xeral, unha deficiente ordenación urbana. Dende os anos setenta, en Galicia as construcións de tipo urbano expandíronse fóra dos límites que, de forma pouco precisa, definían entón os núcleos urbanos.

A paisaxe destas zonas, rururbanas e periurbanas, caracterízase pola presenza dunha densidade media de edificacións de diferentes tipoloxías e usos, que se serven de redes viarias e de servizos moitas veces incompletas. Esas edificacións non ocupan a totalidade do espazo, de tal modo que conviven con áreas rurais, ofrecendo unha gran diversidade de combinacións e texturas da paisaxe. Os elementos escénicos deste tipo de paisaxe son moi heteroxéneos, en escala, forma e cor, e non existen pautas compositivas, polo que a maior parte destas áreas merecen unha valoración paisaxística moi baixa.

Respecto a visibilidade do ámbito, e como consecuencia da morfoloxía do territorio as cuncas visuais son abertas, con horizontes formados por suaves ondulacións, interrompidos pola urbanización difusa que provocan os numerosos asentamentos de poboación que existen neste ámbito.

O principal factor a ter en conta no que respecta á visibilidade do ámbito, é súa posición dentro do propio núcleo de Seoane, limitado polo norte pola igrexa parroquial e o cemiterio. Esta situación e o feito de que a intervención do PEID non implique a construción de ningunha edificación (agás a futura ampliación do cemiterio), fai que xa nunha primeira aproximación intúase que o impacto visual non vaia ser importante.

Por outra banda, a topografía suave e homoxénea da contorna próxima, sen fortes elevacións, implica que dende distancias intermedias e longas tampouco haxa unha grande visibilidade da proposta do PEID.

3.3 INFRAESTRUTURAS EXISTENTES

Respecto a infraestrutura viaria, a Igrexa de San Xoán de Anceis sitúase nas marxes do viario local que comunica o núcleo de Seoane co resto de asentamentos de Cambre. O acceso ao equipamento relixioso realízase a través de esta vía. O interior do recinto relixioso so é de acceso peonil.

Desde esta vía se accede á estrada da deputación DP-1702 que discorre cara o oeste do cemiterio e enlaza a súa vez coa estrada N-550 e coa autovía do noroeste A-6.

Existe unha praza de aparcadoiro á entrada da igrexa para persoas con mobilidade reducida.

O viario existente serve de condutor para as redes de servizos.

A rede de abastecemento na zona presenta un diámetro de 80mm e procede do depósito regulador de Tabeaio (Carral), con canalización de $\varnothing$ 150 mm a través dun contador de turbina de $\varnothing$ 100 mm. Abastécese do depósito de almacenamento de A Castellana. Dende o depósito a rede segue en canalización de $\varnothing$ 200 mm, cara a Rocha, pola estrada DP-1702.

A rede de saneamento provén do colector do río Valiñas. Recolle as augas residuais de Sigrás,

Anceis e zona occidental do municipio. Existe un bombeo cara o norte da ampliación que recolle as augas residuais deste núcleo e impúlsaas directamente ao colector que discorre polas estradas DP-1702, AC-123 e AC-214, ata a súa descarga no bombeo de A Telva.

A rede eléctrica pertence á empresa Naturgy (Gas Natural Fenosa), e desenvólvese a través dunha rede de media tensión (MT) en 20 KW e unha distribución en baixa tensión (en 400-200 V).

Existe iluminación pública nas marxes do viario e no propio recinto da igrexa e do cemiterio que consta de dous puntos propios.

Existe un punto de xestión de residuos á entrada da igrexa con contedores para o depósito recollida de refugallos.

3.4 VULNERABILIDADE DO ÁMBITO ANTE RISCOS

A exposición a riscos naturais e tecnolóxicos é un dos aspectos clave a ter en conta polos seus efectos previstos na ordenación do territorio, tal e como recolle o "Informe de Sustentabilidade Ambiental" das Directrices de ordenación do territorio. Deste modo, na determinación 3.1.14 regúlase o seguinte: "os instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico deberán conter unha análise dos riscos naturais e tecnolóxicos aos que se expón o territorio do seu ámbito de influencia, debendo estes terreos expostos quedar excluídos do proceso urbanizador e, en todo caso, dos usos polos que poden verse afectadas as persoas e bens materiais ou que deixen de ser funcionais no caso de materialización do risco".

O PLATERGA (Plan Territorial de Emerxencias de Galicia) clasifica o concello do Cambre como de risco potencial de emerxencia baixo a partir da análise do risco estatístico (alto), da vulnerabilidade (moi alta) e do risco por emerxencias especiais (baixo). O risco derivado das emerxencias especiais inclúe: a avaliación do risco químico, que se considera que non existe o o risco por mercadorías perigosas, que é moderado neste caso; o risco de sismos, baixo o risco de incendios forestais, avaliado como baixo; o alto risco de inundacións na contorna do río Mero ; o risco de nevaradas, considerado baixo; o risco de temporais, avaliado como alto; e o risco de salvamento en praias, que non existe no municipio.

RISCO ESTATÍSTICO			VULNERABILIDADE	
Frecuencia	Casualidade	Risco Estatístico	Poboación (hab)	Vulnerabilidade poboacional
Alto	Moi alto	Moi alto	21.523	Moi alto

RISCO POTENCIAL DE EMERXENCIA				
Risco Químico	Mercadorías perigosas	Sismos	Incendio Forestal	Inundacións
Sen risco	Moderado	Baixo	Baixo	Alto
Nevaradas	Temporais	Sapraga	Riego Especial	
Baixo	Alto	Sen risco	Baixo	

A continuación, para minimizar os posibles riscos naturais e tecnolóxicos no ámbito do plan, que poidan causar danos ás persoas, ós seus bens, e/ou ó medio ambiente, desenvólvense en detalle os principais riscos.

3.4.1 Risco de incendio

En relación ao planeamento e ordenación dos recursos forestais o ámbito do PEID pertence á Demarcación de Betanzos e ao Distrito forestal II Bergantiños - Mariñas Coruñesas. O “Plan de Defensa contra Incendios Forestais do Distrito II Bergantiños – Mariñas Coruñesas”, regulado polos artigos 14 e 15 da Lei 3/2007, foi aprobado na Orde de 13 de marzo de 2009 sobre aprobación dos plans de defensa contra incendios forestais de distrito.

Con base en criterios da información histórica sobre a ocorrencia de incendios forestais, vulnerabilidade poboacional, ameazas aos ecosistemas forestais e a protección do solo fronte á erosión, clasifícase o territorio segundo o risco espacial de incendio forestal en Galicia en zonas de baixo risco, medio risco e alto risco de incendio forestal. A Orde do 18 de abril do 2007 define as zonas de alto risco (ZAR) de incendio como as superficies onde se reconece como prioritaria a aplicación de medidas máis rigorosas de defensa contra os incendios forestais ante o elevado risco de incendio, pola especial frecuencia ou virulencia dos incendios forestais ou a importancia dos valores ameazados. A incidencia dos lumes forestais acontecidos en Cambre dende os últimos 10 anos favoreceu que o municipio non se clasifique como zona de risco de alto risco de incendio.

Segundo o PLADIGA 2023 a de San Xoán de Anceis non se identifica como parroquia con alto risco de incendio.

O punto de vixilancia mais cercano é o do Monte Xalo.

3.4.2 Contaminación atmosférica

Segundo se establece no Plan Básico Autonómico non se identifican no ámbito ou próximos establecementos susceptibles de provocar accidentes graves debido a intervención de substancias perigosas (Real Decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas).

3.4.3 Risco sísmico

Considerase como zona xeográfica con risco de sufrir terremotos de intensidade igual ou superior a VI, a aqueles Concellos incluídos no Anexo do Real Decreto 997/2002, de 27 de setembro, polo que se aproba a Norma de Construción Sismoresistente, Parte Xeral e de Edificación (NCSE-02), publicada no BOE nº 244 de 11 de outubro de 2002, que relaciona os Concellos cunha aceleración sísmica básica igual ou maior de 0.4 g entre os que non se atopa o municipio de Cambre.

O Plan Especial fronte ao Risco Sísmico de Galicia (SISMIGAL) establece a clasificación sísmica das parroquias de Galicia e encadra ás parroquias do termo dentro da área con perigosidade

sísmica V-VI. A vulnerabilidade da edificación do municipio é clasificada como baixa.

4 INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

4.1 DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

As Directrices de Ordenación do Territorio aprobadas mediante Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, inclúen o municipio de Cambre na rexión urbana que forma as cidades de A Coruña-Ferrol, a rexión urbana Ártabra. As DOT identifican os concellos integrantes da rexión urbana como espazos cunha crecente presenza de edificacións dispersas e de urbanizacións residenciais de diverso tamaño, onde se deixa sentir a presión urbana, residencial e turística, de forma que, conforme os usos primarios perden importancia, esta zona asume trazos periurbanos caracterizados por un poboamento disperso e difuso.

En tal sentido, a poboación asentada no concello, e os novos asentamentos, teñen esta vocación de perda de vinculación co uso primario do territorio e máis vinculado co carácter periurbano da Coruña como cabeceira comarcal, polo que a planificación urbanística debe contribuír a mellorar o estándar dotacional do concello, de maneira que se alcance unha óptima calidade de vida esperada nun concello destas con este potencial.

As Rexións urbanas que propoñen as DOT son ámbitos de planificación territorial, de infraestruturas, equipamentos e servizos aos cidadáns con capacidade estruturante. Permiten, ao contemplar estes espazos complexos desde unha perspectiva global, optimizar a oferta de dotacións, equipamentos e servizos á poboación, configurar sistemas de transporte orientados cara a unha mobilidade máis sostible e eficaz e racionalizar os procesos de desenvolvemento urbano e económico do conxunto de cada Rexión urbana.

Segundo as DOT o principal obxectivo territorial en relación cos equipamentos é lograr a máxima accesibilidade e cobertura da poboación cos niveis de calidade imprescindibles para que as diferentes dotacións cumpran a súa función de forma efectiva. Este obxectivo implica unha maior eficacia e coherencia entre a oferta de equipamentos e as necesidades de cada ámbito territorial.

En canto ás Determinacións Orientativas destácase a seguinte:

“Det.2.4.3.- O planeamento urbanístico municipal e os plans e programas da administración considerarán os ámbitos parroquias nos seus diagnósticos para a planificación, e procurarán localizar as súas actuacións de dotación ou desenvolvemento nos núcleos principais das citadas parroquias, aproveitando o seu carácter de centralidade e relación parroquial, para optimizar a rendibilidade social dos recursos.”

De conformidade coas DOT, o ámbito da ampliación do cemiterio de San Xoán de Anceis proposto localízase nun lugar apropiado e congruente co carácter do equipamento e co uso existente, con accesos peonil e rodado. O ámbito proposto sitúase nunha contorna urbanizada, integrado no núcleo de Seoane e non afecta a elementos do patrimonio natural con valores para a súa conservación nin altera os valores culturais da igrexa de San Xoán de Anceis.

4.2 DIRECTRICES DE PAISAXE

Segundo as Directrices de paisaxe de Galicia, aprobadas mediante Decreto 238/2020, do 29 de decembro, os instrumentos de ordenación do territorio deberán estudar a paisaxe do seu ámbito territorial, en canto aos aspectos sinalados na determinación DX.01 que procedan en cada caso, en atención á natureza e ámbito territorial do instrumento en cuestión.

De acordo co artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, o PEID realiza un estudo da paisaxe, proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03), e co contido que regula o artigo citado.

4.3 PLAN BÁSICO AUTONÓMICO

O Plan Básico Autonómico (PBA) é un instrumento de planeamento urbanístico que ten por obxecto delimitar, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, as afeccións derivadas da lexislación sectorial e identificar os asentamentos de poboación existentes; así mesmo, establece unha regulación de carácter xeral dos diferentes usos do solo e da edificación.

As determinacións contidas no Plan básico autonómico son as seguintes:

- Relación cos instrumentos de ordenación do territorio.
- Determinación das afeccións derivadas das lexislacións sectoriais sobre o territorio.
- Identificación dos asentamentos de poboación existentes.
- Regulación dos usos do solo e da edificación.

O decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (PBA) establece que dito documento será de aplicación para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do planeamento municipal vixente, sen que en ningún caso se poida modificar a clasificación do solo nin alterar as determinacións do planeamento que complementa.

Neste sentido, no ámbito de estudo o PBA identifica unha serie de afeccións, contempladas no plano de información 04.

4.4 PLANEAMENTO MUNICIPAL VIXENTE

O instrumento de ordenación urbanística vixente no municipio son as Normas Subsidiarias de Planeamento (NNSS) aprobadas definitivamente o 27 de Xullo de 1994 e publicadas no BOP de A Coruña o 30.08.1994.

As NNSS vixentes de Cambre, non está adaptado á vixente Lei 2/2016, do 10 de febreiro, nin á anterior Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), polo que debemos seguir o regulado polo punto 2b) da disposición transitoria da LSG que indica:

“b) Ao solo urbanizable delimitado, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo urbanizable.


Ao solo urbanizable non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o

desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico."

Malia o anterior, ao solo urbanizable delimitado, non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico con planeamento de desenvolvemento aprobado inicialmente antes da entrada en vigor desta lei, aplicaráselle o réxime do solo urbanizable previsto nela.

Así mesmo, ao solo urbanizable delimitado, non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico con planeamento de desenvolvemento aprobado definitivamente antes da entrada en vigor desta lei, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo."



Polo que aos terreos que nos ocupa, por estar clasificados nas vixentes NNSS como Solo Non Urbanizable Común, se lles debe aplicar o disposto na LSG para o solo rústico.



O concello de Cambre promoveu no ano 2019 a elaboración dun Plan Xeral de Ordenación Municipal que iniciou a súa tramitación o 03 de setembro de 2019. Dito planeamento foi aprobado inicialmente en sesión extraordinaria de data 1 de decembro de 2022 e publicada no DOG nº13 do xoves 19 de xaneiro de 2023.

Durante o prazo de dous anos a partir de entón suspendeuse o procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición, así como de títulos habilitantes para a implantación de usos ou actividades en todo o termo municipal de Cambre, excepto naqueles ámbitos onde simultaneamente se cumpran as condicións das vixentes normas subsidiarias do plan e as do Plan xeral de ordenación municipal aprobado inicialmente, prazo que será contado a partir da data de aprobación inicial deste instrumento de plan urbanístico e que se extinguirá en todo caso coa aprobación definitiva do mesmo.

Compre destacar que o PXOM aprobado inicialmente recolle o ámbito do presente PEID como equipamento relixioso privado (PrCE.0101) situado no solo urbano que forman os asentamentos agregados de A Cabana-Castrobó-A Rocha e Seoane.



Ámbito do PEID no PXOM

Asinan:

Alfonso Botana Castelo
Arquitecto

Beatriz García Becerra
Arquitecta

Paula Fernández Otero
Bióloga



ÍNDICE XERAL

PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN XOÁN DE ANCEIS, MUNICIPIO DE CAMBRE (A CORUÑA)

DOC 01.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E OBJECTIVOS, ASÍ COMO DAS SÚAS DETERMINACIÓNS

PARTE I INFORMATIVA

PARTE II XUSTIFICATIVA

ANEXO 03.1.- ESTUDO DA PAISAXE

DOC 02.- PLANOS DE INFORMACIÓN

DOC 03.- PLANOS DE ORDENACIÓN

DOC 04.- NORMAS URBANÍSTICAS

DOC 05.- CATÁLOGO

DOC 06.- ESTUDO ECONÓMICO E MEMORIA DE VIABILIDADE ECONÓMICA

DOC 07.- DOCUMENTO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

ÍNDICE

PARTE II. XUSTIFICATIVA

PARTE II. XUSTIFICATIVA.....	3
1 CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DO PEID	3
2 OBXECTIVOS DE ORDENACIÓN	4
3 DETERMINACIÓNS DA PLANIFICACIÓN.....	5
3.1 MEDIDAS NECESARIAS PARA A SÚA ADECUADA INTEGRACIÓN NO TERRITORIO E PARA RESOLVER OS PROBLEMAS QUE XERE NO VIARIO E NAS DEMAIS DOTACIÓNS URBANÍSTICAS	7
3.2 MEDIDAS DE PROTECCIÓN NECESARIAS PARA GARANTIR A FUNCIONALIDADE E ACCESIBILIDADE UNIVERSAL DAS INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS URBANÍSTICAS	8
4 CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN URBANÍSTICA E SECTORIAL.....	9
4.1 XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA LSG	9
4.2 XUSTIFICACIÓN DA ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS	10
4.3 COHERENCIA COAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO	11
4.3.1 Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade.....	12
4.3.2 Proceso de decisión.....	14
4.3.3 Relación cos elementos territoriais estratéxicos de Galicia	16
4.4 DIRECTRICES DE PAISAXE	16
4.5 PLAN BÁSICO AUTONÓMICO	16
4.6 PLANEAMENTO MUNICIPAL VIXENTE	17
5 TRAMITACIÓN	19
5.1 AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA	19
5.1.1 Dirección Xeral de Urbanismo	19
5.1.2 Instituto de Estudos do Territorio	20
5.1.3 Dirección Xeral do Patrimonio Cultural	20

DOC 01.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E OBJECTIVOS, ASÍ COMO DAS SÚAS DETERMINACIÓNS

PARTE II. XUSTIFICATIVA

1 CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DO PEID

A formulación deste Plan especial de infraestruturas e dotacións para a ampliación do cemiterio de San Xoán de Anceis resulta obrigada en tanto que é de aplicación o artigo 36.4 da Lei do solo de Galicia, o cal esixe da aprobación dun plan especial para a admisión do uso dotacional en terreos que teñen a clasificación de solo rústico.

É, polo tanto, un plan especial non previsto no planeamento vixente pero que xurde ante a necesidade actual de dotar á poboación de Cambre deste tipo de equipamentos.

Por outra parte, as directrices da propia lexislación mortuoria destacan a importancia das entidades locais, como administracións provedoras dos servizos públicos primarios á poboación, entre os que se atopan os servizos mortuorios. De feito, a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local, modificou o artigo 26 da Lei de bases de réxime local, mantendo o cemiterio como servizo que debe ser prestado por todos os municipios.

Ditos servizos públicos teñen tamén unha dimensión territorial que os suxeita a unha necesaria planificación e ordenación para levar a cabo dita entidade local, establecendo as normas de planeamento necesarias para integrar ditos servizos.

Na actualidade existe no termo municipal un cemiterio municipal -de titularidade pública situado ao sur da Vila de Cambre. Conta cunha escasa superficie que abrangue un total de 3.378 m², o que supón un estándar de 0,11 m² por habitante. Esta dotación necesita ser completada polos cemiterios de titularidade privada repartidos polas parroquias, descritos na seguinte táboa de maneira que se poda elevar ese estándar.

Parroquia	Denominación	Superficie (m2)
Cemiterio municipal	Cemiterio municipal de Cambre	3.378
San Martiño de Andeiro	Cemiterio parroquial de San Martiño de Andeiro	1.733
San Xoán de Anceis	Cemiterio de San Xoán de Anceis	4.189
San Paio de Brexo	Cemiterio parroquial	159
	Cemiterio parroquial novo	2.265
San Cibrán de Bribes	Cemiterio parroquial	573
	Cemiterio parroquial novo	4.360
Santiago do Burgo	Cemiterio parroquial do Burgo	13.947
San Salvador de Cecebre	Cemiterio parroquial de Cecebre	2.668
San Xulián de Cela	Cemiterio parroquial de Cela	557
San Lourenzo de Meixigo	Igrexa e cemiterio parroquial de Meixigo	747

Parroquia	Denominación	Superficie (m2)
San Xoán de Pravio	Igrexa e cemiterio parroquial de Pravio	785
	Novo cemiterio parroquial Pravio-Cela	4.186
Santiago de Sigrás	Cemiterio parroquial de Sigrás	2.984
Santa María do Temple	Cemiterio parroquial do Temple	729
Santa María de Vigo	Cemiterio parroquial de Santa María de Vigo	1874
TOTAL		46.692

O PEID xorde da necesidade de ampliar o cemiterio parroquial de San Xoán de Anceis que na actualidade non conta con mais espazo para a construción de mais corpos pétreos. Respecto ao emprazamento escollido, a localización proposta polo PEID sitúase, de forma coherente, colindante co existe e na parcela da mesma propiedade do Arzobispado, nos únicos que terreos que o permiten debido ao sistema viario, a presenza de vivendas próximas e á propia Igrexa.

O Concello de Cambre contaba no 2022 con 24.505 habitantes, experimentado un leve decrecemento desde o ano 2019 dende o que se perden 143 habitantes. A parroquia de Anceis, onde se sitúa o ámbito do PEID, concentra 1.290 habitantes no ano 2022, o que supón o 5,26% da poboación municipal e dende o ano 2020 tamén experimenta un progresivo decrecemento.

O saldo vexetativo no municipio é negativo (-74) dado que se produce un maior número de defuncións (222) que de nacementos (148), tendencia que vense producindo e incrementando nos últimos cinco anos.

As peculiares características da organización social e da distribución da nosa poboación, e das tradicións xeradas arredor dos usos e costumes mortuorios incidiron no desenvolvemento dos cemiterios parroquiais, a grande maioría dos cales datan de épocas moi anteriores a calquera normativa reguladora, e por cuxas características non resultan de doada modificación ou adaptación a criterios técnicos, ao situárense en lugares con moitas limitacións espaciais, de conservación patrimonial e de desenvolvemento potencial. Neste caso o cemiterio de San Xoán de Anceis permite a súa ampliación sen afectar a elementos de interese patrimonial ou natural nin a poboación próxima resultando polo tanto unha actuación de interese xeral para o Concello de Cambre, baseada na ampliación e desenvolvemento dun equipamento dotacional de necesidade.

2 OBXECTIVOS DE ORDENACIÓN

O plan especial de infraestruturas e dotacións ten como obxectivo obter solo clasificado para equipamento que permita proceder á ampliación do cemiterio parroquial de San Xoán de Anceis, no municipio de Cambre, definir as condicións de implantación da ampliación, do seu acceso e das medidas complementarias necesarias para a súa integración cos elementos que bordean o ámbito. O plan vai definir tamén as actuacións necesarias para a axeitada conexión co sistema viario e coas infraestruturas de servizos, exteriores ao ámbito.

Os criterios xerais de ordenación son:

- Minimizar a superficie alterada e optimizar os movementos de terra, realizando unha ordenación acorde ao medio, procurando a máxima integración topográfica minimizando o impacto paisaxístico da dotación.
- Establecer un deseño coherente coa contorna empregando materiais, cores e formas construtivas similares, creando nexos de unión coa zona e contribuíndo a xeración de espazos exteriores de calidade e seguros para o colectivo que empregará ás instalacións.

A continuación, enuméranse as variables ambientais sobre as que as determinacións do PEID proposto teñen algún efecto e os obxectivos propostos para acadar unha planificación sustentable.

VARIABLES AMBIENTAIS	OBXECTIVOS
Paisaxe	Favorecer a integración paisaxística da ampliación do cemiterio na contorna
Patrimonio natural e cultural	Preservar a integridade funcional dos sistemas naturais e os elementos do patrimonio cultural.
Sociedade	Contribuír a unha contorna saudable e mellorar a calidade de vida
Economía	Potenciar os recursos locais. Contribuír á dinamización laboral
Enerxía	Minimizar o consumo enerxético da dotación.
Atmosfera	Minimizar as emisións atmosféricas debidas a urbanización do ámbito da ampliación.
Ciclo hídrico	Minimizar o consumo de recursos e facilitar o ciclo natural da auga
Ciclo de materiais	Xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos.
Solo	Pular por un desenvolvemento ordenado e eficiente propoñendo unha ocupación racional do solo. Integrar a dotación no contorno: minimizar o consumo do solo e a fragmentación do territorio.

3 DETERMINACIÓNS DA PLANIFICACIÓN

O alcance físico do PEID circunscríbese ao ámbito delimitado nos planos e forma parte da mesma parcela que o cemiterio existente, propiedade do Arzobispado de Santiago de Compostela, identificada coa referencia catastral 2319101NH5921N, sobre a que se ampliará a superficie do actual cemiterio nunha extensión bruta de 2186,06 m².

A ampliación atópase nos terreos colindantes polo sur co cemiterio parroquial existente limitado pola presenza de vivendas e polo sistema viario. Esta natureza do ámbito promove e garante un desenvolvemento adecuado ás necesidades que require a actuación.

Sobre o usos previstos, o PEID clasifica Dotación privada de Equipamento co uso concreto de cemiterio, na zona da futura ampliación do actual cemiterio.

O uso sanitario está regulado pola lexislación sectorial en materia de policía sanitaria.

A única construción que se vai executar no PEID, será a ampliación do actual cemiterio parroquial de San Xoán de Anceis. No que respecta ás condicións de edificación da ampliación do equipamento existente, estarase ao disposto na Lei do Solo de Galicia para a clase de solo na que se desenvolven as actuacións.

O plan especial establece condicións estéticas e construtivas para os nichos de obra nova que se poidan construír na ampliación.

O volume máximo da edificación é similar ao das edificacións existentes da contorna ao igual que as características tipolóxicas da edificación.


Respecto ao aproveitamento, non se contempla ningún tipo de aproveitamento dos indicados no artigo 42 da Lei do Solo de Galicia, mais ao tratarse dun cemiterio privado, poderá sacarse un rendemento da venda dos novos espazos de enterramento, resultado da ampliación do equipamento.

Ao non haber aproveitamento nin edificabilidade, non se precisa cumprir cunha reserva mínima de prazas de aparcamento.

O PEID define unha única zona de ordenación, tal e como se recolle no plano PORD-01ZON, destinada integramente a área de movemento da edificación (AME).

A zonificación proposta polo PEID non require dunha superficie mínima de parcela, tal e como se indica no artigo 61.2 do RLSG e a superficie máxima ocupada pola edificación poderá extenderse ao 100% do ámbito segundo o disposto no artigo 61.3 do RLSG. polo que as condicións de posición e edificación esixidas defínense no cadro seguinte:

Zonificación	Ocupación máxima	100 % da parcela
	Área de movemento da edificación	2.186,06 m2



Zonificación proposta

3.1 MEDIDAS NECESARIAS PARA A SÚA ADECUADA INTEGRACIÓN NO TERRITORIO E PARA RESOLVER OS PROBLEMAS QUE XERE NO VIARIO E NAS DEMAIS DOTACIÓNS URBANÍSTICAS

A ordenación e as determinacións normativas do PEID garantirán o cumprimento do establecido polo artigo 91 da LSG relativo á adaptación ao ambiente e protección da paisaxe. O resto de parámetros do artigo 91 da LSG quedarán garantidos coas determinacións que se establezan a tal efecto nas ordenanzas reguladoras que desenvolvan o presente PEID.

O PEID desenvolve unha actuación que, adaptándose ao terreo na medida do posible, permita a accesibilidade e funcionalidade do ámbito, sen menosprezar a súa integración no ambiente. Isto conséguese coa utilización de pavimentos drenantes, que harmonicen co entorno e limiten a impermeabilización superficie e faciliten a recarga do terreo, e distinguindo os espazos para tránsito rodado dos espazos destinados ao tránsito peonil.

O plan establece o control volumétrico da nova edificación que está definido pola área de movemento da edificación (AME). A edificación poderá dispoñerse libremente dentro deste volume de referencia, coincidente coa totalidade do ámbito do PEID. Os terreos, dentro deste ámbito, non ocupados pola edificación incorporaranse aos espazos libres da parcela.

O PEID proposto establece os seguintes criterios básicos na relación coa ordenación do ámbito:

- Mantéñense as determinacións de clasificación e cualificación dos terreos adxacentes, limitándose este plan especial ás actuacións e ordenación para as que está habilitado legalmente este documento.
- Búscase minimizar a superficie alterada e optimizar os movementos de terra realizando unha ordenación acorde co medio, tentando conseguir a máxima integración topográfica e evitando un impacto paisaxístico. Establécense unha zona arborada situada no sur do ámbito coa función de protección ou amortecemento entre os solo rústico e a ampliación do cemiterio.
- Será necesario un deseño coherente da edificación, utilizando materiais, cores e formas construtivas adaptables á contorna e reducindo ao máximo as superficies construídas.
- Utilizaranse solucións de pavimentación, mobiliario urbano, e axardinamento da área a urbanizar o menos agresivas posibles coa menor intervención na paisaxe mantendo os terreos en estado natural e a vexetación arborada existente.
- Articularanse ademais as determinacións necesarias que garantan o mantemento da calidade das redes e infraestruturas das que se serve. Todas as redes locais deberán ser soterradas.
- O acceso ao ámbito contéplase a través do cemiterio existente sen necesidade de crear un novo acceso.

a) REDE VIARIA

A ampliación non require da construción de novas infraestrutura viaria integrándose no sistema viario local existente que comunica o núcleo de Seoane co resto de asentamentos do municipio

e coas estrada da deputación DP-1702 que discorre cara o oeste do cemiterio e enlaza a súa vez coa estrada N-550 e coa autovía do noroeste A-6.

Existe unha praza de aparcadoiro á entrada da igrexa para persoas con mobilidade reducida.

b) REDES DE SERVICIOS

A ampliación non require da construción de novas infraestruturas. O viario existente serve de conductor para as redes de saneamento e abastecemento.

A rede de abastecemento na zona presenta un diámetro de 80mm e procede do depósito regulador de Tabeaio (Carral), con canalización de $\varnothing$ 150 mm a través dun contador de turbina de $\varnothing$ 100 mm. Abastécese do depósito de almacenamento de A Castellana. Dende o depósito a rede segue en canalización de $\varnothing$ 200 mm, cara a Rocha, pola estrada DP-1702.

A rede de saneamento provén do colector do río Valiñas. Recolle as augas residuais de Sigrás, Anceis e zona occidental do municipio. Existe un bombeo cara o norte da ampliación que recolle as augas residuais deste núcleo e impúlsas directamente ao colector que discorre polas estradas DP-1702, AC-123 e AC-214, ata a súa descarga no bombeo de A Telva.

c) REDE ELÉCTRICA

A rede eléctrica pertence á empresa Naturgy (Gas Natural Fenosa), e desenvólvese a través dunha rede de media tensión (MT) en 20 KW e unha distribución en baixa tensión (en 400-200 V).

Existe iluminación pública nas marxes do viario e no propio recinto da igrexa e do cemiterio que consta de dous puntos propios.

d) XESTIÓN DE RESIDUOS

Existe un punto de xestión de residuos á entrada da igrexa con contedores para o depósito e recollida de refugалlos.

3.2 MEDIDAS DE PROTECCIÓN NECESARIAS PARA GARANTIR A FUNCIONALIDADE E ACCESIBILIDADE UNIVERSAL DAS INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS URBANÍSTICAS

O desenvolvemento do PEID debe garantir o acceso por medio de tráfico rodado e peonil, ambos convenientemente diferenciados, sinalizados e independentes, optándose por unha solución segura e funcional, que harmonice co entorno no que se insire. Por elo, realizarase un trazado orgánico, adaptándose ao terreo na medida do posible, e empregando preferiblemente pavimentos filtrantes tanto nas zonas peonís como nas de tránsito e aparcamento de vehículos.

O ámbito proposto abrangue unha superficie de 2.186,06 m² cun relevo practicamente chan.

A situación do PEID, que se inxire no núcleo de Seoane, fai que o acceso ás redes de infraestruturas sexa inmediato. Durante o desenvolvemento do plan especial, solicitaranse os correspondentes informes ás empresas subministradoras das redes de abastecemento, saneamento e electricidade, relativos á suficiencia de ditos servizos.

En cumprimento do artigo 43.3 da LSG, o PEID, como planeamento que establece a ordenación

detallada terá en conta as previsións necesarias para evitar barreiras arquitectónicas e urbanísticas, de maneira que as persoas con mobilidade reducida vexan facilitado ao máximo o acceso directo aos espazos públicos e ás edificacións públicas e privadas, de acordo coa normativa vixente sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

As condicións de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización de espazos públicos urbanizados aplícanse ás áreas de uso peonil, áreas de estanza e itinerarios peonís comprendidos en espazos públicos urbanizados. Ditas condicións, establecen unha serie de características de deseño, construción, mantemento e xestión que deben cumprir coa lexislación vixente.

4 CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN URBANÍSTICA E SECTORIAL

4.1 XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA LSG

O instrumento de ordenación urbanística vixente no municipio de Cambre son as Normas Subsidiarias de Planeamento (NNSSPP) aprobadas definitivamente o 27 de Xullo de 1994 e publicadas no BOP de A Coruña o 30.08.1994.

As NNSSPP vixentes de Cambre, non están adaptadas á vixente Lei 2/2016, do 10 de febreiro, nin á anterior Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), polo que debemos seguir o regulado polo punto 2b) da disposición transitoria da LSG que indica:

"b) Ao solo urbanizable delimitado, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo urbanizable.

Ao solo urbanizable non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico."

Malia o anterior, ao solo urbanizable delimitado, non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico con planeamento de desenvolvemento aprobado inicialmente antes da entrada en vigor desta lei, aplicaráselle o réxime do solo urbanizable previsto nela.

Así mesmo, ao solo urbanizable delimitado, non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico con planeamento de desenvolvemento aprobado definitivamente antes da entrada en vigor desta lei, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo."

Polo que aos terreos que nos ocupa, por estar clasificados nas vixentes NNSSPP como Solo Non Urbanizable Común, se lles debe aplicar o disposto na LSG para o solo rústico.

A LSG establece no seu artigo 70, que os plans especiais poderán formularse coa finalidade de protexer ámbitos singulares, levar a cabo operacións de reforma interior, protexer, rehabilitar e mellorar o medio rural e como é caso que nos ocupa, coordinar a execución de dotacións urbanísticas.

Segundo o artigo 73.1:

“Os plans especiais de infraestruturas e dotacións teñen por obxecto o establecemento e a ordenación das infraestruturas relativas ao sistema de comunicacións, transportes, espazos libres públicos, equipamento comunitario, instalacións destinadas aos servizos públicos e subministracións de enerxía e abastecemento, evacuación e depuración de augas e a implantación dos usos previstos nos puntos o) e p) do artigo 35.1, de conformidade co disposto no artigo 36.4.”

Compre destacar que o concello de Cambre iniciou no ano 2019 a tramitación do seu Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). O PXOM aprobado inicialmente recolle o ámbito do presente PEID como equipamento relixioso privado (PrCE.0101) situado no solo urbano que forman os asentamentos agregados de A Cabana-Castrobó-A Rocha e Seoane.

Segundo o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, os plans especiais deberán integrar as determinacións axeitadas á súa finalidade e, en todo caso, as seguintes (art.73 da LSG):

- Delimitación dos espazos reservados para infraestruturas e dotacións urbanísticas e o seu destino concreto.
- Medidas necesarias para a súa adecuada integración no territorio e para resolver os problemas que xere no viario e nas demais dotacións urbanísticas.
- Medidas de protección necesarias para garantir a funcionalidade e accesibilidade universal das infraestruturas e dotacións urbanísticas.

O Plan especial de infraestruturas e dotacións para a ampliación do cemiterio parroquial de San Xoán de Anceis fórmase, polo tanto, coa finalidade e alcance previstos nos artigos 70, 73 e 36.4 (en relación co 35.1.p) da LSG, limitándose o alcance das súas determinacións ao ámbito delimitado, sen que estas supoñan, en ningún caso, a alteración da clasificación do solo.

A normativa do presente PEID adopta as condicións xerais de edificación que establece a LSG para o solo rústico no seu artigo 39.

4.2 XUSTIFICACIÓN DA ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS

En aplicación das disposicións contidas na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (no sucesivo LASB), así como o no Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (en diante RASB), a ordenación establecida no presente PEID respecta as disposicións contidas nos devanditos textos legais, ao obxecto de lograr a accesibilidade integral a todas as persoas e en especial a aquelas con mobilidade reducida. De acordo coas disposicións da LASB e o RASB, diferenciamos dous tipos de barreiras: Barreiras arquitectónicas urbanísticas e barreiras arquitectónicas na edificación.

Coa finalidade de eliminar e impedir a formación de barreiras arquitectónicas urbanísticas, o presente PEID establece, de conformidade coas disposicións contidas na LASB, as condicións que deben cumprir as vías e espazos libres de uso público.

Os espazos libres de uso público deberán ser adaptados de acordo coas seguintes condicións

de accesibilidade:

- Disporán dun itinerario adaptado que permita un percorrido polo seu interior e o acceso aos elementos singulares do espazo e aos servizos hixiénicos segundo as esixencias sinaladas na base 1.1 do Regulamento sobre accesibilidade e supresión de barreiras.
- Os elementos de urbanización (pavimentos, saneamento, iluminado, electricidade, subministración de auga, etc.) que forman parte do citado itinerario estarán adaptados, de acordo coa base 1.2 do citado regulamento.
- O mobiliario urbano (sinais de tránsito, postes de iluminación ou calquera outro elemento vertical de sinalización) será adaptado de acordo coa base 1.4 do código de accesibilidade e co previsto no Art.19 e Sección 6ª do Regulamento citado anteriormente.
- As áreas axardinadas e demais espazos libres de uso público deberán cumprir as prescricións sobre itinerarios, comunicación vertical, ramplas, ascensores e escaleiras previstas nos Arts. 16º e 17º do Regulamento citado no apartado a) anteriormente.
- Os aseos de uso público deberán dispoñer polo menos dunha unidade adaptada composta como mínimo por un inodoro e un lavabo que poida ser accesible a calquera tipo de persoa, a cal poderá ser substituída pola adaptación, como mínimo, dun inodoro e un lavabo no interior dos aseos para cada sexo.
- Para acceder a estes servizos hixiénicos deberá existir un itinerario adaptado conforme ás condicións establecidas no Regulamento sobre accesibilidade e supresión de barreiras.

4.3 COHERENCIA COAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

As Directrices de Ordenación do Territorio aprobadas mediante Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, inclúen o municipio de Cambre na rexión urbana que formas as cidades de A Coruña-Ferrol, a rexión urbana Ártabra. As DOT identifican os concellos integrantes da rexión urbana como espazos cunha crecente presenza de edificacións dispersas e de urbanizacións residenciais de diverso tamaño, onde se deixa sentir a presión urbana, residencial e turística, de forma que, conforme os usos primarios perden importancia, esta zona asume trazos periurbanos caracterizados por un poboamento disperso e difuso.

En tal sentido, a poboación asentada no concello, e os novos asentamentos, teñen esta vocación de perda de vinculación co uso primario do territorio e máis vinculado co carácter periurbano da Coruña como cabeceira comarcal, polo que a planificación urbanística debe contribuír a mellorar o estándar dotacional do concello, de maneira que se alcance unha óptima calidade de vida esperada nun concello destas con este potencial.

As Rexións urbanas que propoñen as DOT son ámbitos de planificación territorial, de infraestruturas, equipamentos e servizos aos cidadáns con capacidade estruturante. Permiten, ao contemplar estes espazos complexos desde unha perspectiva global, optimizar a oferta de dotacións, equipamentos e servizos á poboación, configurar sistemas de transporte orientados cara a unha mobilidade máis sostible e eficaz e racionalizar os procesos de desenvolvemento urbano e económico do conxunto de cada Rexión urbana.

Segundo a determinación 8.2 das DOT, como forma de garantir a coherencia da planificación e de evitar o risco da incorporación de actuacións con criterios alleos e inconsistentes coas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, realízase neste apartado unha ANÁLISE DA COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA (ACE) da alternativa proposta, co obxectivo de avaliar o grao de compatibilidade entre o planeamento e as aliñacións ou concordancias estratéxicas, obxectivos e criterios das DOT.

A continuación preséntase unha táboa resumo na que se compilan os aspectos clave identificados polas DOT en función da variable de sustentabilidade á que afectan de forma máis directa, co obxectivo de facilitar a análise dos efectos do PEID sobre os mesmos.

4.3.1 Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade

Variable	Aspectos Clave para a sustentabilidade
Ocupación do territorio (OT)	Calidade do solo Exposición a riscos naturais e tecnolóxicos Vocacionalidade dos ámbitos
Paisaxe, Patrimonio Natural e Cultural (PPNC)	Integridade paisaxística Conservación do patrimonio natural e cultural Fragmentación do territorio
Sociedade e Economía (SE)	Competitividade económica Equilibrio do desenvolvemento económico Cohesión social Calidade de vida da poboación
Atmosfera (A)	Gobernanza
Ciclo Hídrico (CH)	Calidade do aire Calidade da auga
Enerxía	Consumo de recursos hídricos
Xestión de Residuos	Consumo enerxético
Cambio Climático (CC)	Xeración de residuos
Mobilidade (M)	Emisións de GEI Necesidades de mobilidade Equilibrio no reparto modal

a) OCUPACIÓN DO TERRITORIO

Co PEID promóvese un uso eficiente e sostible do solo pulando por unha optimización dos recursos existentes ao proporse unha zona colindante co cemiterio existente. Iso favorece unha ocupación racional do solo e polo tanto unha menor degradación deste recurso así como a dispoñibilidade dos servizos, infraestruturas e outros elementos existentes no contorno do ámbito.

O PEID proposto mantén a clasificación do solo establecida polo instrumento de planeamento vixente no concello.

O PEID considera os riscos naturais e tecnolóxicos existentes para escoller a alternativa finalmente seleccionada. Non existen riscos naturais ou tecnolóxicos potenciais na contorna do ámbito que impidan o desenvolvemento da actuación prevista polo PEID.

b) PAISAXE, PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL

- **INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA:** O ámbito non se atopa en situación de fragilidade nin de alta exposición visual, senón que se localiza dentro dun núcleo rural. A alternativa escollida permite integrar de xeito harmónico o uso dotacional na paisaxe ao integrarse no núcleo de Seoane a carón do cemiterio existente e prever unha franxa verde de amortecemento co solo rústico. Ademais, o PEID establece pautas que orienten a elección de materiais de acabado, encamiñados a unha mellor integración da ampliación.
- **CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL.** A proposta non afecta a áreas estratéxicas de conservación polo que non se ven afectados directa nin indirectamente, non provocando efectos negativos significativos. Non se agardan efectos de ningún tipo sobre o patrimonio cultural de Galicia.
- **FRAGMENTACIÓN DO TERRITORIO.** O PEID consolida unha área na que xa se desenvolve o mesmo uso e supón a alternativa máis racional para a optimización de recursos e polo tanto tamén para evitar contribuír á fragmentación do territorio.

c) SOCIEDADE E ECONOMÍA

Co obxectivo de avanzar de cara a unha mellor cohesión social, son de aplicación o artigo 31.3 "Políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda" da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para la Igualdad efectiva de mujeres y hombres, así como o artigo 20.1 c) do "real Decreto Legislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto Refundido de la Ley del Suelo y Rehabilitación Urbana.

O recoñecemento das diferentes realidades sociais debe estar presente no deseño urbano, evitando contribuír á redución da privacidade dos individuos e ao retroceso do espazo público. Neste senso, terase en conta a necesidade de espazos seguros que ademais de selo transmitan sensación de seguridade, potenciando a independencia e a liberdade dos colectivos máis vulnerables.

A secuencia integrada neste PEID persegue a creación de espazos flexibles, accesibles e permeables a través das seguintes pautas e decisións de deseño

- A ampliación ten continuidade, evitando a formación de espazos en fondo de saco.
- Dentro do ámbito de ampliación so existe itinerario peonil accesible.
- Proxéctase unha iluminación equilibrada evitando os recunchos escuros.

Respecto a Gobernanza, o procedemento de avaliación ambiental estratéxica ao que se somete o presente PEID garante a participación pública na proposta.

d) ATMOSFERA

O desenvolvemento do PEID non suporá efectos significativos sobre esta variable.

e) CICLO HÍDRICO

O desenvolvemento da ampliación proposta polo PEID non prevé efectos significativos sobre esta variable respecto a situación de partida.

O PEID conta entre os seus obxectivos optimizar o consumo de recursos hídricos no rego de zonas verdes.

f) ENERXÍA

As instalacións terán en conta as medidas necesarias para minimizar o consumo enerxético.

g) XESTIÓN DE RESIDUOS

Os residuos orixinados pola actividade prevista xestionaranse eficientemente asegurando o menor consumo de recursos e a menor xeración de residuos posible, e garante a implantación e capacidade do sistema de recollida selectiva para favorecer a reutilización e reciclaxe dos materiais.

h) CAMBIO CLIMÁTICO

O desenvolvemento do PEID non suporá efectos significativos sobre esta variable.

i) MOBILIDADE

A ampliación non require da construción de novas infraestruturas, senón que se servirá das xa existentes. O ámbito consta dun itinerario peonil e accesible.

4.3.2 Proceso de decisión

a) COHERENCIA EN FERVENZA

Segundo as DOT o principal obxectivo territorial en relación cos equipamentos é lograr a máxima accesibilidade e cobertura da poboación cos niveis de calidade imprescindibles para que as diferentes dotacións cumpran a súa función de forma efectiva. Este obxectivo implica unha maior eficacia e coherencia entre a oferta de equipamentos e as necesidades de cada ámbito territorial.

En canto ás Determinacións Orientativas destácase a seguinte:

"Det. 2.4.3.- O planeamento urbanístico municipal e os plans e programas das administración considerarán os ámbitos parroquias nos seus diagnósticos para a planificación, e procurarán localizar as súas actuacións de dotación ou desenvolvemento nos núcleos principais das citadas parroquias, aproveitando o seu carácter de centralidade e relación parroquial, para optimizar a rendibilidade social dos recursos."

De conformidade coas DOT, o ámbito da ampliación do cemiterio de San Xoán de Anceis proposto localízase nun lugar apropiado e congruente co carácter do equipamento e co uso

existente, con accesos peonil e rodado. O ámbito proposto sitúase nunha contorna urbanizada, integrado no núcleo de Seoane e non afecta a elementos do patrimonio natural con valores para a súa conservación nin altera os valores culturais da igrexa de San Xoán de Anceis.

b) COHERENCIA TRANSVERSAL

O PEID incorpora nas súas determinacións a lexislación comunitaria, estatal e autonómica de carácter básico e sectorial vixente que, xunto coa progresiva introdución de criterios de sustentabilidade nas diferentes normativas sectoriais de aplicación na ordenación do territorio froito dunha maior preocupación pola tutela ambiental e territorial da sociedade, asegura a adopción de eficaces medidas de prevención dos posibles efectos negativos significativos sobre o medio ambiente derivados da ampliación proposta.

c) DEMANDA SOCIAL

As peculiares características da organización social e da distribución da nosa poboación, e das tradicións xeradas arredor dos usos e costumes mortuorios incidiron no desenvolvemento dos cemiterios parroquiais. Neste caso o cemiterio de San Xoán de Anceis permite a súa ampliación sen afectar a elementos de interese patrimonial ou natural nin a poboación próxima resultando polo tanto unha actuación de interese xeral para o Concello de Cambre, baseada na ampliación e desenvolvemento dun equipamento dotacional de necesidade.

d) CONSIDERACIÓN DE ALTERNATIVAS

As diferentes alternativas propostas para desenvolver o PEID valoráronse segundo a súa adecuación aos obxectivos pretendidos para cada unha das variables de sustentabilidade analizadas.

e) CONSULTAS E COORDINACIÓN

En relación á participación cidadá, durante o procedemento de elaboración e de tramitación do PEID seguiranse as esixencias establecidas tanto pola normativa urbanística como pola normativa ambiental a este respecto.

Neste senso, unha vez iniciado o procedemento de avaliación ambiental estratéxica, o borrador do PEID e o documento ambiental estratéxico estarán á disposición das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas durante o período de consultas de dous meses.

O equipo redactor introducirá nos documentos do PEID as correccións ou modificacións necesarias para emendar as deficiencias que indique o informe que emitan as Administracións.

O equipo redactor elaborará un informe ou valoración dos informes de carácter sectorial que se teñan recibido dos organismos competentes, de conformidade co previsto no artigo 60 da LSG e na correspondente lexislación de carácter sectorial.

O PEID fórmase en coherencia coas determinacións dos instrumentos de ordenación do territorio e recolle as afeccións sectoriais do ámbito da comunidade autónoma galega.

4.3.3 Relación cos elementos territoriais estratéxicos de Galicia

a) PAISAXE, PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL: O PEID non ten incidencia sobre elementos do patrimonio natural e cultural de Galicia. Contribúe a integración paisaxística da ampliación. As medidas establecidas no planeamento están orientadas a garantir a integración paisaxística da actuación e minimizar a afección sobre a paisaxe e preservar os elementos de maior valor e trazos paisaxísticos e xeomorfolóxicos do territorio.

b) PRODUCCIÓN DE ALIMENTOS: O PEID non ten incidencia sobre este elemento estratéxico.

c) SOLO EMPRESARIAL: O PEID non ten incidencia sobre este elemento estratéxico.

d) TURISMO: O PEID non ten incidencia sobre este elemento estratéxico.

e) EQUIPAMENTOS E SERVIZOS BÁSICOS: Segundo as DOT, é fundamental lograr a máxima accesibilidade e cobertura da poboación cos niveis de calidade imprescindibles para que as diferentes dotacións cumpran a súa función de forma efectiva.

O PEID proposto permite optimizar e ampliar os recursos existentes neste aspecto garantindo unha maior accesibilidade e cobertura dos servizos dispoñibles.

4.4 DIRECTRICES DE PAISAXE

Segundo as Directrices de paisaxe de Galicia, aprobadas mediante Decreto 238/2020, do 29 de decembro, os instrumentos de ordenación do territorio deberán estudar a paisaxe do seu ámbito territorial, en canto aos aspectos sinalados na determinación DX.01 que procedan en cada caso, en atención á natureza e ámbito territorial do instrumento en cuestión.

De acordo co artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, o PEID realiza un estudo da paisaxe, proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03), e co contido que regula o artigo citado.

As determinacións do PEID acóllense aos obxectivos de calidade paisaxística xeral: OX.1, OX.2, OX.3, OX.4, OX.5 e OX.8.

De acordo co artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, o PEID realiza un estudo da paisaxe, proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03), e co contido que regula o artigo citado.

4.5 PLAN BÁSICO AUTONÓMICO

O Plan Básico Autonómico (PBA) é un instrumento de planeamento urbanístico que ten por obxecto delimitar, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, as afeccións derivadas da lexislación sectorial e identificar os asentamentos de poboación existentes; así mesmo, establece unha regulación de carácter xeral dos diferentes usos do solo e da edificación.

As determinacións contidas no Plan básico autonómico son as seguintes:

- Relación cos instrumentos de ordenación do territorio.

- Determinación das afeccións derivadas das lexislacións sectoriais sobre o territorio.
- Identificación dos asentamentos de poboación existentes.
- Regulación dos usos do solo e da edificación.

O decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (PBA) establece que dito documento será de aplicación para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do planeamento municipal vixente, sen que en ningún caso se poida modificar a clasificación do solo nin alterar as determinacións do planeamento que complementa.

Neste sentido, no ámbito de estudo o PBA identifica unha serie de afeccións, contempladas no plano de información 03_1.

4.6 PLANEAMENTO MUNICIPAL VIXENTE

O instrumento de ordenación urbanística vixente no municipio son as Normas Subsidiarias de Planeamento (NNSSPP) aprobadas definitivamente o 27 de Xullo de 1994 e publicadas no BOP de A Coruña o 30.08.1994.

As NNSSPP vixentes de Cambre, non está adaptado á vixente Lei 2/2016, do 10 de febreiro, nin á anterior Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), polo que debemos seguir o regulado polo punto 2b) da disposición transitoria da LSG que indica:


“b) Ao solo urbanizable delimitado, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo urbanizable.

Ao solo urbanizable non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.”

Malia o anterior, ao solo urbanizable delimitado, non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico con planeamento de desenvolvemento aprobado inicialmente antes da entrada en vigor desta lei, aplicaráselle o réxime do solo urbanizable previsto nela.

Así mesmo, ao solo urbanizable delimitado, non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico con planeamento de desenvolvemento aprobado definitivamente antes da entrada en vigor desta lei, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.”


Polo que aos terreos que nos ocupa, por estar clasificados nas vixentes NNSSPP como Solo Non Urbanizable Común, se lles debe aplicar o disposto na LSG para o solo rústico.




O concello de Cambre promoveu no ano 2019 a elaboración dun Plan Xeral de Ordenación Municipal que iniciou a súa tramitación o 03 de setembro de 2019. Dito planeamento foi aprobado inicialmente en sesión extraordinaria de data 1 de decembro de 2022 e publicada no DOG nº13 do xoves 19 de xaneiro de 2023.

Durante o prazo de dous anos a partir de entón suspendeuse o procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición, así como de títulos habilitantes para a implantación de usos ou actividades en todo o termo municipal de Cambre, excepto naqueles ámbitos onde simultaneamente se cumpran as condicións das vixentes normas subsidiarias do plan e as do Plan xeral de ordenación municipal aprobado inicialmente, prazo que será contado a partir da data de aprobación inicial deste instrumento de plan urbanístico e que se extinguirá en todo caso coa aprobación definitiva do mesmo.

Compre destacar que o PXOM aprobado inicialmente recolle o ámbito do presente PEID como equipamento relixioso privado (PrCE.0101) situado no solo urbano que forman os asentamentos agregados de A Cabana-Castrobó-A Rocha e Seoane.





Ámbito do PEID no PXOM

5 TRAMITACIÓN

5.1 AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Con data do 12 de setembro de 2024 dase traslado á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada presente PEID.

Previamente á formulación do informe ambiental estratéxico iniciouse un período de consultas poñendo o documento a disposición das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas por un prazo de trinta (30) días hábiles. Ditas consultas descríbense brevemente nos apartados seguintes.

O Informe Ambiental Estratéxico emitido, tendo en conta o resultado das consultas realizadas e os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, conclúe que non se prevé que o Plan especial infraestruturas e dotacións para a ampliación do cemiterio parroquial de San Xoán de Anceis teña efectos ambientais significativos pero deberán atenderse as condicións derivadas das consultas realizadas e que se detallan a continuación.

5.1.1 Dirección Xeral de Urbanismo

Con data do 03 de outubro de 2024, a Dirección Xeral de Urbanismo indica que:

"O plan especial conterá as determinacións establecidas no artigo 73 da LSG e 183 do RLSG, e os documentos do artigo 184 do RLSG que proceda, tendo en conta as determinacións legais sobre solo rústico dos artigos 45 e 61 do RLSG. Así mesmo, deberá axustarse ás normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia aprobadas por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 10/10/2019, modificadas pola orde da mesma consellería do 08/04/2022.

En particular:

-A definición do uso previsto (punto 3 da memoria xustificati do plan, páx. 5/19) debe incluír o uso concreto 'Cemiterio', non bastando o xenérico de 'Dotación privada de equipamento'.

-Deberá xustificarse en todo o ámbito do PEID o cumprimento das condicións de accesibilidade para uso dos espazos públicos (artigo 5.1 da lei 10/2014, de accesibilidade)"

-Concrétase a definición de uso na memoria xustificativa e achégase no documento de normativa o cumprimento da normativa de accesibilidade.

5.1.2 Instituto de Estudos do Territorio

Con data do 28 de outubro de 2024, o Instituto de Estudos do Territorio indica a seguinte consideración:

(...) "De acordo co artigo 35 do RLPPG, o PEID incorpora un estudo da paisaxe proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03), e co contido que regula o artigo citado, se ben debe completarse coa avaliación dos impactos existentes, resultado do cal deberá establecer medidas adicionais, e en particular nos seguintes aspectos:

Conforme á directriz de paisaxe DX.17.c.9, cando se trate de ampliacións, as novas construcións ou instalacións integraranse coas existentes co fin de acadar unha axeitada imaxe de conxunto. Se estas se atopasen nun mal estado de conservación, ou as súas características fosen discordantes cos criterios de integración paisaxística expostos nestas directrices, o proxecto de ampliación debe prever as obras de mellora ou acondicionamento precisas para conseguir unha adecuada imaxe do conxunto. Polo tanto, os peches do PEID deberían quedar integrados cos existentes, cunha única tipoloxía e procurando unha harmónica e homoxénea. Na mesma liña, os paramentos dos nichos da totalidade do cemiterio (incluíndo os adxacentes ao ámbito) deberían ter un único tratamento de cor, coherente co existente no vello cemiterio e procurando a homoxeneidade do conxunto dotacional.

Conforme á directriz de paisaxe DX.05.d, deben minimizarse os futuros impactos perceptivos mediante as oportunas cautelas nas ordenanzas ou normas reguladoras. Neste caso o PEID debería establecer criterios específicos en canto á regulación de alturas máximas e coherencia tipolóxica para futuras construcións dentro do ámbito."

-Complétase a avaliación dos impactos contidos no estudo da paisaxe cos detectados nos acabados dos paramentos e nas tipoloxías de peches e incorpóranse as medidas adicionais descritas, tanto no estudo da paisaxe como na normativa urbanística.

-Na normativa urbanística establécense criterios específicos para a regulación da altura máxima e a coherencia tipolóxica das futuras construcións.

5.1.3 Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Con data do 11 de novembro de 2024, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sinala dous aspectos respecto ao documento sometido a avaliación ambiental estratéxica:

"-A Igrexa está situada fóra do ámbito do PEID polo que non é esixible a incorporación da súa ficha no Catálogo do plan especial, e tampouco é esixible a delimitación do seu contorno de protección segundo os criterios establecidos pola LPCG, aceptándose o uso dos contornos de protección subsidiarios definidos no artigo 38 da LPCG.

-A ficha presentada non contén toda a información esixida pola normativa vixente"

A continuación indica as medidas protectoras e correctoras seguintes:

"a. A ficha de Catálogo da Igrexa de San Xoán de Anceis (AR.01.01) deberá completarse para que conteña toda a información esixida pola normativa vixente e relacionada no apartado 2 deste informe.

b. Deberá a Igrexa de San Xoán de Anceis, así como o seu contorno de protección, seguindo os criterios sinalados no apartado 2 deste informe. Esta delimitación deberá representarse nos planos de ordenación do plan especial.

c. Corrixase a normativa do Catálogo do borrador do PEID para incluír o réxime de protección aplicable aos bens catalogados completo, así como no relativo aos BIC declarados por ministerio da lei.

d. A ordenación detallada definitiva deberá dar cumprimento ás esixencias do artigo 46 da LPCG relativo aos criterios específicos de intervención nos contornos de protección."

-Modifícase as delimitacións indicadas, complétase a descrición da ficha cos valores culturais que xustifican a catalogación da Igrexa e engádese a cateogría do ben así como as determinacións sobre o ben para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación.

-Introdúcense as delimitacións nos planos de ordenación

-Corríxese a normativa de protección co indicado no informe, completando o réxime de protección aplicable aos bens catalogados e engádense os criterios específicos de intervención nos contornos de protección.

5.1.4 Informe sección de planeamento e xestión do Concello de Cambre

Con data do 28 de febreiro de 2025, a sección de planeamento e xestión do Concello de Cambre emite informe o documento presentado para aprobación inicial indicando as seguintes apreciacións:

"- Considerando que a actuación pretende ampliar a superficie do cemiterio actual débese reflejar no documento que unha vez rematados os trámites as dúas parcelas catastrais constituen una única finca rexistral previa agrupación das memas"

-O proxecto de ampliación do cemiterio xustificará a agrupación das fincas indicadas.

"- Segundo o informe de paisaxe, conforme á directriz de paisaxe DX.17.c.9, cando se trate de ampliacións, as novas construcións ou instalacións integranse coas existentes co fin de acadar unha axeitada imaxe de conxunto. Se estas se atopasen nun mal estado de conservación, ou as súas características fosen discordantes cos criterios de integración paisaxística expostos nestas directrices, o proxecto de ampliación debe prever as obras de mellora ou acondicionamento precisas para conseguir unha adecuada imaxe do conxunto. Polo tanto, os peches do PEID deberían quedar integrados cos existentes, cunha única tipoloxía e procurando unha

armónica e homoxénea.

No DOC 04.- NORMAS URBANÍSTICAS fanse unhas definición xenericas que non precian as actuacións posibles para asegurase a integración das obras novas cas existentes o mesmo ocorre cos peches autorizables que non preven o mesmo tratamento que as preexistencias. Polo que deben modificarse e justificar as mesmas"

-Modifícase a normativa urbanística incluíndo a necesidade de rematar o enfoscado dos peches e novas construcións en branco para armonizar co cemiterio tradicional existente.

"- Con respecto a afección de patrimonio debe xustificarse a afección o entorno de protección subsidiarios segundo o artigo 38 da lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia"

-Non se establece contorno de protección subsidiario, xa que se introducécese a delimitación da igrexa e do contorno de protección nos planos de ordenación segundo os criterios da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.


Asinan:



Alfonso Botana Castelo
Arquitecto



Beatriz García Becerra
Arquitecta



Paula Fernández Otero
Bióloga

ÍNDICE XERAL

PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN XOÁN DE ANCEIS, MUNICIPIO DE CAMBRE (A CORUÑA)

DOC 01.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E OBJECTIVOS, ASÍ COMO DAS SÚAS DETERMINACIÓNS

PARTE I INFORMATIVA

PARTE II XUSTIFICATIVA

ANEXO 03.1.- ESTUDO DA PAISAXE

DOC 02.- PLANOS DE INFORMACIÓN

DOC 03.- PLANOS DE ORDENACIÓN

DOC 04.- NORMAS URBANÍSTICAS

DOC 05.- CATÁLOGO

DOC 06.- ESTUDO ECONÓMICO E MEMORIA DE VIABILIDADE ECONÓMICA

DOC 07.- DOCUMENTO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

ÍNDICE

1 INTRODUCCIÓN	3
1.1 LOCALIZACIÓN E DELIMITACIÓN DO ÁMBITO	3
2 CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE	4
2.1 UNIDADES DE PAISAXE	5
2.2 ELEMENTOS DA PAISAXE	5
2.2.1.1 Valoración da paisaxe	7
2.2.1.2 Visibilidade.....	8
3 IDENTIFICACIÓN DOS IMPACTOS EXISTENTES	10
4 COHERENCIA COAS DIRECTRICES DE PAISAXE DE GALICIA.....	11
4.1 OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA.....	11
4.2 MEDIDAS E ACCIÓNS ESPECÍFICAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS DE CALIDADE	13

ANEXO 03.1.- ESTUDO DA PAISAXE

1 INTRODUCCIÓN

A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, incorporou a crecente sensibilidade social pola paisaxe, elevándoa a rango de lei por vez primeira en Galicia, e fíxoo desde a máis actual concepción daquela, que emana do Convenio europeo da paisaxe, asinado en Florencia o 20 de outubro de 2000

Posteriormente, mediante o Decreto 119/2016 (DOG do 25/08/2016), aprobouse o Catálogo das paisaxes de Galicia, no que se identifican os tipos de paisaxe, delimitan as unidades de paisaxe, inventarían os valores paisaxísticos, analizan as causas que determinaron cada tipo de paisaxe e faise unha diagnose xeral sobre o estado da paisaxe, en cada área paisaxística.

A través do Decreto 96/2020, aprobouse o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (RLPPG), deixando constancia da cada vez maior importancia da paisaxe para abordar calquera tema urbanístico.

Así, segundo o artigo 35 deste regulamento, os estudos da paisaxe fundamentaranse nos Catálogos da Paisaxe de Galicia, pormenorizando nos aspectos que resulten necesarios.

Ademais, elaborárase unha análise da paisaxe do ámbito e do entorno no que se inxire, identificando os tipos e unidades de paisaxe. Reflexáranse as zonas de valor paisaxístico, así como unha análise da visibilidade, e a identificación dos impactos paisaxísticos existentes e a incorporación de medidas correctoras.

Segundo as Directrices de paisaxe de Galicia, aprobadas mediante Decreto 238/2020, do 29 de decembro, os instrumentos de ordenación do territorio deberán estudar a paisaxe do seu ámbito territorial, en canto aos aspectos sinalados na determinación DX.01 e DX.03 que procedan en cada caso, en atención á natureza e ámbito territorial do instrumento en cuestión.

1.1 LOCALIZACIÓN E DELIMITACIÓN DO ÁMBITO


O ámbito obxecto do PEID atópase no municipio de Cambre (A Coruña). O territorio municipal encádrase na Área Urbana de A Coruña (definida nas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, DOT), inserida na Rexión Urbana Ártabra.

O ámbito do Plan Especial correspóndese cunha única parcela de titularidade do Arzobispado de Santiago de Compostela, con referencia catastral 2319101NH5921N, emprazada en Seoane de Abaixo, na parroquia de San Xoán de Anceis. Esta parroquia está situada no suroeste do municipio limita ao norte coa parroquia de Sigrás, ao leste coas de Andeiro e Meixigo, ao sur co termo municipal de Carral e ao oeste co de Culleredo. Ten unha superficie de 527,9 ha, e unha densidade de poboación de 243 hab/km².

A ampliación proposta abrangue unha superficie 2.186,06 m² na zona que forma o agregado

urbano Sigrás-Anceis, cara o sur e leste da Igrexa parroquial de San Xoan de Anceis e do cemiterio existente.


O ámbito delimita polo norte co núcleo de Seoane e polo resto de puntos con solos rústicos propios dun mosaico agrícola e rurourbano.



Localización do ámbito do PEID

2 CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE

Segundo a Estratexia Galega da Paisaxe desenvolvida a partir da Lei de Protección da Paisaxe de Galicia (Lei 7/2008, do 7 de xullo) o ámbito do PEID pertence á Gran Área Paisaxística do Golfo Ártabro (GAP), dentro da comarca Golfo Ártabro Interior.



Ámbito da comarca do Golfo Ártabro interior. Fle: Catálogo das paisaxes de Galicia

A posición costeira desta GAP determina a caracterización paisaxística da GAP Golfo Ártabro, ben sexa pola propia presenza do litoral ou polas diversas influencias que este exerce nas súas dinámicas (socioeconómicas e climáticas, por exemplo).

A súa división en dúas comarcas paisaxísticas ben diferenciadas (litoral e interior) é debida a unha gran diversidade xeográfica, estética e funcional nunha superficie relativamente pequena. Esta ausencia de homoxeneidade tradúcese en

2.1 UNIDADES DE PAISAXE

Os principais tipos de paisaxe de Golfo Ártabro en canto a superficie son aqueles que combinan unha morfoloxía propia do litoral (Litoral Cántabro- Atlántico ou Vales Sublitorais), unhas cubertas do solo relacionadas cunha forte humanización do territorio (Rururbano ou Mosaico agroforestal) e uns termotipos vinculados tamén á influencia litoral (Termotemperado ou Mesotemperado). A combinación destas tres variables configura unha GAP caracterizada pola suavidade tanto de formas como de condicións climáticas, factores clave para explicar a outra compoñente da ecuación: a ocupación intensa e continuada no tempo e no espazo deste sector do territorio galego, se ben con matices locais.

O Catálogo das Paisaxes de Galicia determina que o ámbito do PEID, segundo a súa xeomorfoloxía e clima, pertence a unidade formada Litoral Cantabro-Atlántico nun clima termotemperado. Segundo a súa cuberta a unidade paisaxística é propia do medio rurourbano (diseminado).

2.2 ELEMENTOS DA PAISAXE

Entre os compoñentes físicos, o relevo ten unha considerable influencia sobre a percepción da paisaxe mentres que entre os compoñentes bióticos destacan os usos e coberturas do solo que recobren o ámbito do PEID.


No que respecta ao clima, o ámbito pertence á zona costeira de influencia marítima, polo que presenta un clima oceánico, tépedo e húmido, cunha escasa variación das temperaturas ao longo do ano e unha reducida pluviosidade anual no contexto oceánico.

O ámbito do PEID e a súa contorna presenta un relevo suave, de altitudes baixas e vales amplos formados polo río Mero e os seus afluentes, sobre todo o Brexa que discorren cara o norte e o sur do ámbito respectivamente. Trátase dunha ampla extensión de terreo na que en moi poucos puntos se exceden os 200 m de altitude. Altimetricamente a parroquia de San Xoán de Anceis acada as cotas máis altas no contorno de Altamira (+200 m) e as máis baixas en Os Campóns (+20 m). O territorio aparece limitado ao oeste polo río Valiñas, e o Rego de San Benito e varios afluentes nacen nesta parroquia para discorrer en dirección norte ata o Mero. Entre os vales de ambos localízanse os asentamentos.

Polo tanto, o relevo non presenta contrastes, tratándose dunha zona practicamente chaira con suaves oscilacións nos valores de pendente cara o sur do ámbito.

A unidade litolóxica esta dominada por xistos da serie de ordes. Son xistos, lousas, filitas, metagrauvacas, conglomerados, metapelitas carbonosas e cuarcitas.

Non existen cursos de auga no ámbito. O rego mais próximo sitúase a mais de 200 m cara o nordeste.



Situación dos cursos de auga en relación co ámbito do PEID

O ámbito do PEID se inclúe na Zona de Transición da Reserva da Biosfera que forman as Mariñas coruñesas e Terras do Mandeo. Esta zona abrangue a superficie ocupada polos asentamentos humanos, as terras circundantes, as infraestruturas de maior entidade, e de forma xeral as superficies antropizadas e transformadas por actividades humanas, sendo a zona que maior capacidade ten para absorber os impactos derivados da actividade económica, e onde residen a maior parte das actividades produtivas desenvolvidas no ámbito da Reserva.

O Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia, establece unha zonificación segundo a área de distribución potencial, a área de presenza e a área de conservación prioritaria da escribenta das canaveiras. O ámbito do PEID por atoparse entre a liña de costa e 15 Km cara o interior se inclúe na zona de distribución potencial resultando pouco probable a súa presenza no ámbito e na súa contorna dada a inexistencia de habitats húmidos axeitados para a especie.

Non se identifican elementos do patrimonio cultural na parcela de ampliación que se inclúe no contorno de protección establecido para a Igrexa de San Xoán de Anceis.



Igrexa de San Xoán de Anceis

Segundo o mapa de usos do solo (SIOSE 2014) o ámbito atópase nunha zona de mosaico agrícola e urbano rodeado de prados e cultivos.

O ámbito atópase integrado no núcleo de Seoane entre vivendas unifamiliares illadas e as vías de comunicación que conectan o núcleo con outros asentamentos e infraestruturas.



Vista do cemiterio no núcleo de Seoane

Na parcela desenvólvese o uso propio dun equipamento relixioso ao albergar a Igrexa de San Xoán de Anceis e o cemiterio, que conta con sepulturas, osario, instalacións de abastecemento, saneamento e electricidade e zonas para cinzas de incineración ou columbario.

Existe un peche perimetral de formigón con celosía prefabricada e un peche metálico formado con paneis soldados de aceiro galvanizado en cor verde con postes de aceiro verde colocado sobre unha base de bloque de formigón prefabricado. No límite sur da parcela co solo rústico existe unha plantación de cipreses de alto porte.

2.2.1.1 Valoración da paisaxe

Segundo o Catálogo de paisaxes de Galicia non existen áreas de interese paisaxístico no ámbito nin nas súas proximidades.

As intervencións en materia de paisaxe estarán guiadas pola comprensión do lugar e o coñecemento das súas necesidades funcionais, a identificación dos elementos característicos ou a percepción social e cultural.

Entre os valores ecolóxicos non destacan elementos bióticos merecedores de protección pola súa singularidade ou naturalidade. Non existen hábitats de interese comunitario para a súa conservación ou áreas estratéxicas de conservación na zona estudo.

Entre os valores culturais, o ámbito do PEID abrangue parte do contorno de protección da Igrexa de San Xoán de Anceis. Non presenta elementos do patrimonio cultural de Galicia.

O ámbito e a súa contorna non presenta valores panorámicos entendo como tales os establecidos polo Catálogo de Paisaxes como miradoiros, sendas ou camiños e rutas BTT.

Trátase, en resumo, dun ámbito antropizado, bordeado por vías urbanas que non conta con

elementos bióticos singulares e relevantes que requiran medidas de cautela ou protección específicos, máis alá das propios do tratamento e acondicionamento coidadoso do ámbito.

O ámbito obxecto de estudo está incluído no novo PXOM de Cambre (aprobado inicialmente) como solo urbano destinado ao uso de equipamento privado (PrCE0101).

De acordo co Catálogo das Paisaxes de Galicia as paisaxes de Cambre afectadas intensamente pola rururbanización, o crecemento periurbano e o desenvolvemento de infraestruturas, presentan moi baixa calidade, e grandes impactos territoriais e ambientais derivados da densa rede de infraestruturas e da urbanización difusa.

Na diagnose e ao respecto das causas e dinámicas da paisaxe no Catálogo dise sobre a rururbanización, o crecemento periurbano e o desenvolvemento de infraestruturas, o seguinte: *"O considerable transvase de poboación das áreas rurais ás urbanas que experimentou Galicia entre 1960 e 1980 terminou ocasionando este tipo de paisaxe que algúns denominan "maia rururbana" (Oliveira et al., 2009).* Esta nova paisaxe urbana caracterízase por edificacións de tipoloxía menos homoxénea, con gran variedade de materiais e cores e, en xeral, unha deficiente ordenación urbana. Dende os anos setenta, en Galicia as construcións de tipo urbano expandíronse fóra dos límites que, de forma pouco precisa, definían entón os núcleos urbanos.

A paisaxe destas zonas, rururbanas e periurbanas, caracterízase pola presenza dunha densidade media de edificacións de diferentes tipoloxías e usos, que se serven de redes viarias e de servizos moitas veces incompletas. Esas edificacións non ocupan a totalidade do espazo, de tal modo que conviven con áreas rurais, ofrecendo unha gran diversidade de combinacións e texturas da paisaxe. Os elementos escénicos deste tipo de paisaxe son moi heteroxéneos, en escala, forma e cor, e non existen pautas compositivas, polo que a maior parte destas áreas merecen unha valoración paisaxística moi baixa.

2.2.1.2 Visibilidade

Consecuencia da morfoloxía do territorio as cuncas visuais son abertas, con horizontes formados por suaves ondulacións, interrompidos pola urbanización difusa que provocan os numerosos asentamentos de poboación que existen neste ámbito.


O principal factor a ter en conta no que respecta á visibilidade do ámbito, é súa posición dentro do propio núcleo de Seoane, limitado polo norte pola igrexa parroquial e o cemiterio. Esta situación e o feito de que a intervención do PEID non implique a construción de ningunha edificación (agás a futura ampliación do cemiterio), fai que xa nunha primeira aproximación intúase que o impacto visual non vaia ser importante.

Por outra banda, a topografía suave e homoxénea da contorna próxima, sen fortes elevacións, implica que dende distancias intermedias e longas tampouco haxa unha grande visibilidade da proposta do PEID.


Segundo o Catálogo de Paisaxes de Galicia, o ámbito do PEID atópase ente as zonas de visibilidade media tendo en conta as zonas de maior potencial de vistas (principais estradas e núcleos, miradoiros, Camiño de Santiago ou rutas de sendeirismo e BTT).



Tendo en conta as principais estradas e núcleos o Catálogo de paisaxes determina que a zona de estudo resulta visible dende as mesmas debido a proximidade da estrada A-6.



Visibilidade do ámbito desde principais estradas e núcleos. Fonte : <https://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/>




Visibilidade do ámbito desde zonas de maior potencial de vistas.

Fonte: <https://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/>

A análise levada a cabo mediante o Modelo Dixital de Superficies (MDS), xerado a partir de tecnoloxía LIDAR, e que ten en conta a topografía, as edificacións e a vexetación existentes (con resolución de píxeles de 1m), móstrase a visibilidade do ámbito a distancias intermedias e curtas.

Á hora de estudar a visibilidade, por unha banda tomouse como referencia o cemiterio parroquial e o ámbito da ampliación, establecendo catro puntos de observación a unha altura de 4 m:



Visibilidade do PEID. Modelo Dixital de Superficies. Elaboración propia

-Dende o norte, a visibilidade é practicamente nula.

-Dende o leste, a visibilidade é moi baixa dende puntos intermedios e media dende puntos próximos.

-Dende o sur, a visibilidade é media-baixa, moi baixa dende a autovía A-6 e media dende puntos próximos.

-Dende o oeste, é baixa dende puntos intermedios e media dende puntos próximos.

3 IDENTIFICACIÓN DOS IMPACTOS EXISTENTES

No ámbito do PEID, o propio cemiterio co seu muro perimetral xera un impacto paisaxístico baixo, xa que se atopa integrado no núcleo de Seoane.

O Catálogo das Paisaxe identifica como impactos ou zonas degradadas as áreas de urbanización difusa e de extensión das paisaxes rururbanas como na que se insire o PEID.

“A intensa urbanización difusa do territorio periurbano deu lugar a un notable incremento da artificialización e a aparición de tecidos urbanos fragmentados e infradotados, degradando os valores do territorio e, xa que logo, das paisaxes tanto urbanas como rurais. A esta foi contribuíndo especialmente o establecemento de espazos residenciais e industriais, os novos barrios residenciais illados e afastados das tramas urbanas consolidadas, así como a

diseminación de edificacións residenciais unifamiliares, ocupando terreos antano dedicados ao cultivo, principalmente a carón das estradas e camiños, nun contexto de ausencia de ordenación de conxunto realizada con criterios de sustentabilidade. A proximidade dos asentamentos de orixe e a potenciación da directrizlineal nos seus crecementos, propiciou a formación de longos agregados seguindo tanto os antigos camiños como as estradas máis recentes. A expansión das edificacións levou asociado un incremento e consolidación do soporte infraestrutural.

No medio rural coexisten ademais dous procesos máis recentes, por una banda a progresiva desaparición dos usos agrarios tradicionais, e por outro o abandono e ruína do patrimonio das aldeas, acompañado por unha intensa ocupación do espazo por novas vivendas unifamiliares, desvinculadas dos devanditos usos e do modelo de asentamento."

O ámbito do PEID presenta acabados nos paramentos e nas tipoloxía de peches que carecen de homoxeneidade co cemiterio contemporáneo adxacente. Así, a fronte suroeste cara o camiño rural está pechado con dous peches de tipoloxía diferente (celosía e malla metálica), e as traseiras dos nichos do cemiterio adxacente (fóra do ámbito) a ese camiño presenta acabados de cor dispares. Estes aspectos confiren unha imaxe desordenada do conxunto dotacional para o que deben adoptarse as correspondentes medidas preventivas ou correctoras.

4 COHERENCIA COAS DIRECTRICES DE PAISAXE DE GALICIA

4.1 OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

O ámbito acóllese aos seguintes obxectivos de calidade paisaxística xeral definidos nas Directrices da Paisaxe de Galicia (D. 238/2020), así como as determinacións establecidas para as unidades de paisaxe correspondentes:

"OX.1. Unhas paisaxes protexidas, ordenadas e xestionadas co obxecto de respectar e manter o carácter dos diferentes tipos de paisaxe baixo principios de sustentabilidade e de procurar a mellora da calidade de vida da cidadanía.

OX.2. Unhas paisaxes heteroxéneas en que o mosaico paisaxístico sexa entendido como un valor en si mesmo, mantendo unha matriz paisaxística que outorgue variedade textural e perceptiva e evitando a banalización e o abandono.

OX.3. Unhas paisaxes en que se manteña a interface que xeran as combinacións harmónicas, evitando a fragmentación e as grandes continuidades que homoxeinizan a paisaxe.

OX.4. Unhas paisaxes en que se manteña a singularidade a través da preservación e potenciación dos valores referenciais que as conforman.

OX.5. Unhas paisaxes vivas, accesibles e que poidan ser desfrutadas pola cidadanía. Creación dunha cultura da paisaxe mediante recursos didácticos e formativos.

OX.8. Unhas paisaxes urbanas ben dimensionadas, nas cales os materiais e volumes se adapten á paisaxe da contorna e nas cales se procure a compactidade fronte á dispersión."

No que respecta aos Obxectivos de Calidade Paisaxística (OCP) fixados para a Grande Área Paisaxística do Golfo Ártabro o ámbito do PEID encaixa nos seguintes:

“11B_1/3. Un espazo rururbano cun crecemento planificado, que busque compactidade e defina a funcionalidade dos espazos, xerando unha paisaxe de núcleos ordenados. Uns núcleos rurais que conserven as súas características tradicionais e estean integrados na paisaxe.

9B_2. Uns espazos urbanos cun crecemento controlado, nos cales se promova a compactidade urbana, a integración paisaxística e a conservación dos elementos con valor paisaxístico.

10B_4. Uns conxuntos históricos cunha estrutura e elementos característicos ben xestionados e planificados, nos cales se desenvolva unha variedade de usos que favoreza a súa conservación e habitabilidade.”

En canto aos Obxectivos de Calidade Paisaxística Específicos, como Unidade de Paisaxe de Tipo: rururbano (diseminado) en vales sublitorais o ámbito do PEID encaixa no seguinte:

11B_1_1. Un espazo rururbano en que os asentamentos e as construcións se integren na paisaxe, planificados segundo as necesidades de desenvolvemento e buscando a súa compactidade, seguindo un esquema básico da estrutura territorial do solo rústico e do espazo construído ben definido, no cal as funcionalidades estean claras, de xeito que se xere unha paisaxe de núcleos ordenados urbanisticamente e cunha visión de conxunto conforme a asunción dun patrón de asentamento claro.

Ao tratarse dun ámbito que está a medio camiño entre o urbano e o rural tamén se considera de aplicación os Obxectivos de Calidade Paisaxística Específicos establecidos para a unidade de paisaxe con tipos de paisaxe urbano en vales sublitorais:

“9B_2_1. Uns núcleos urbanos ordenados en que se promova a compactidade do núcleo, a diversidade de usos compatibles co residencial e a ordenación dos valores paisaxísticos como os elementos construídos con valor histórico, cultural ou patrimonial. Buscarase a integración das edificacións contemporáneas cos valores propios do núcleo e a creación de zonas de transición coa contorna agrícola e natural axeitadas.

9B_2_2. Unhas urbanizacións ordenadas e localizadas adecuadamente, con crecementos proporcionados, de escala axeitada ao territorio sobre o cal se insiren, nas cales se leven a cabo actuacións de mellora e integración paisaxística, e deseñadas con criterios de integración na paisaxe da contorna.”

Dada a proximidade da Igrexa de San Xoán de Anceis tense en conta o obxectivo establecido para a unidade de paisaxe: conxunto histórico en vales sublitorais:

“10B_4_1. Conxuntos históricos xestionados con criterios de mantemento da estrutura e dos elementos orixinais, priorizando a recuperación das edificacións existentes fronte a novas construcións e cunha vertebración a través dos espazos públicos. Uns espazos urbanos vivos, habitados e con diversidade de usos.”

4.2 MEDIDAS E ACCIÓNS ESPECÍFICAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS DE CALIDADE

Dentro dos obxectivos xerais, a pesar de que se compartía o interese en acadar unhas paisaxes protexidas, ordenadas e xestionadas de xeito que poidan respectarse a si mesmas na súa peculiaridade e como factor de calidade de vida da cidadanía (OX1), o ámbito da actuación é moi reducido, e non ten no seu alcance a proposta de obxectivos amplos en canto a territorio nin a heteroxeneidade.

Gárdase certo paralelismo co interese en acadar paisaxes urbanas ben dimensionadas, nas cales, os materiais e volumes se adaptan á paisaxe da contorna, procurando a compactidade fronte á dispersión (OX8).

Neste senso, a posibilidade que implica o PEID de mellorar as dotacións existentes da igrexa e do cemiterio a través da ampliación deste último axudará a cumprir o OX.5.


No que respecta aos Obxectivos de Calidade Paisaxística (OCP) e específicos fixados para a Grande Área Paisaxística do Golfo Ártabro, o PEID busca a compacidade e funcionalidade da dotación ao situarse a carón do cemiterio existente e polo tanto cun uso característico e compatible vinculado ao equipamento relixioso. Tamén se terá en conta a Guía de Boas Prácticas en Intervencións en Espazos Públicos.

Ademais o PEID incorpora as seguintes medidas que garanten a súa integración no territorio:

- Amortecemento do impacto visual do muro do cemiterio, a través da súa ocultación parcial con especies vexetais.
- Prantación de arborado no peche perimetral en contacto co solo rústico.
- Establecemento de pautas que orienten a elección dos materiais encamiñando a evitar lampexos e acadar un acabado digno e integrado no contexto.
- Mínima impermeabilización do terreo que se manterá en estado natural na maior parte do ámbito.
- Coidaranse aqueles aspectos que incidan na conformación dos espazos públicos, como pavimentos, mobiliario urbano, vexetación, instalacións, alumeadado público e sinalética. Para isto, terase en conta o contido da "Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos".
- Conforme á directriz de paisaxe DX.17.c.9, as novas construcións ou instalacións integraranse coas existentes co fin de acadar unha axeitada imaxe de conxunto. Por tanto, o proxecto de ampliación debe prever as obras de mellora ou acondicionamento precisas para conseguir unha adecuada imaxe do conxunto.
- Os peches do ámbito do PEID quedarán integrados cos existentes, cunha única tipoloxía e procurando unha harmónica e homoxénea. Na mesma liña, os paramentos dos nichos da totalidade do cemiterio (incluíndo os adxacentes ao ámbito) presentarán un único tratamento de cor, coherente co existente no vello cemiterio e procurando a homoxeneidade do conxunto dotacional.

- Conforme á directriz de paisaxe DX.05.d, na normativa urbanística fíxase a regulación de alturas máximas e a coherencia tipolóxica para as futuras construcións dentro do ámbito.

Asinan:




Alfonso Botana Castelo
Arquitecto



Beatriz García Becerra
Arquitecta



Paula Fernández Otero
Bióloga



 Delimitación do ámbito

Fonte de datos:
ORTOFOTOMAPA PNOA 2020 e CARTOGRAFÍA 1:25.000:
Centro Nacional de Información Geográfica CNIG
(centrodedescargas.cnig.es)

GRÁFICO
DE FOLLAS



1 de 1

ARCHIDIOCESIS DE
SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ALFONSO
BOTANA

15017_PEID_202504_AI
Abril 2025

ETRS89 29N
EPSG: 25829



CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA)
PEID CEMITERIO
Alfonso Botana S.L.
Aprobación inicial
II. PLANOS DE INFORMACIÓN URBANÍSTICA
II.00 Situación e emprazamento
Varias escalas



ÍNDICE XERAL

PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN XOÁN DE ANCEIS, MUNICIPIO DE CAMBRE (A CORUÑA)

DOC 01.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E
OBJECTIVOS, ASÍ COMO DAS SÚAS
DETERMINACIÓNS

DOC 02.- PLANOS DE INFORMACIÓN

DOC 03.- PLANOS DE ORDENACIÓN

DOC 04.- NORMAS URBANÍSTICAS

DOC 05.- CATÁLOGO

DOC 06.- ESTUDO ECONÓMICO E MEMORIA DE VIABILIDADE
ECONÓMICA

DOC 07.- DOCUMENTO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN
AMBIENTAL ESTRATÉXICA



ALFONSO
BOTANA



ÍNDICE


15017_PEID_202502_AI_PINF_00EMPRAZA
15017_PEID_202502_AI_PINF_01DEL
15017_PEID_202502_AI_PINF_02ORD
15017_PEID_202502_AI_PINF_03COMUNICACIONES
15017_PEID_202502_AI_PINF_04IOT_AFEC
15017_PEID_202502_AI_PINF_05SERV_URBA
15017_PEID_202502_AI_PINF_06HIDROG
15017_PEID_202502_AI_PINF_07CATASTRO
15017_PEID_202502_AI_PINF_08CV

Asinan:

Alfonso Botana Castelo
Arquitecto

Beatriz García Becerra
Arquitecta

Paula Fernández Otero
Bióloga



 Delimitación do ámbito



GRÁFICO
DE FOLLAS


ARCHIDIOCESIS DE
SANTIAGO
DE COMPOSTELA


ALFONSO
BOTANA

15017_PEID_202504_AI

Abri 2025

ETRS89 29N
EPSG: 25829

1:2.500



CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA)

PEID CEMITERIO

Alfonso Botana S.L.


Aprobación inicial

II. PLANOS DE INFORMACIÓN URBANÍSTICA

II.01 Delimitación do ámbito

02550100

Metros



 Delimitación do ámbito




GRÁFICO DE FOLLAS

ARCHIDIOCESIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ALFONSO BOTANA

15017_PEID_202504_AI

Abril 2025

ETRS89 29N EPSG: 25829

1:2.500

CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA)

PEID CEMITERIO

Alfonso Botana S.L.

Aprobación inicial

II. PLANOS DE INFORMACIÓN URBANÍSTICA

II.02 Planeamento vixente

0 25 50 100 Metros



 Delimitación do ámbito

Estradas
Titularidade

-  Estado
-  Comunidade Aut
-  Provincial
-  Municipal
-  Sendas



GRÁFICO DE FOLLAS

1 de 1



ARCHIDIOCESIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



ALFONSO BOTANA

15017_PEID_202504_AI

Abril 2025

ETRS89 29N
EPSG: 25829

1:5.000



CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA)

PEID CEMITERIO


Alfonso Botana S.L.

Aprobación inicial

II. PLANOS DE INFORMACIÓN URBANÍSTICA

II.03 Redes de comunicacións

0 55 110 220 Metros



 Delimitación do ámbito

Estradas
Titularidade
— Deputación
— Vías municipais
— Sendas

 Afección de estradas
 Servidumes Aeronáuticas

Patrimonio Cultural

- Xacementos arqueolóxicos
- Patrimonio arquitectónico-etnográfico
-  Patrimonio_PBA2021_afeccion_15005

AUGAS
 Policia de Cauces



GRÁFICO DE FOLLAS


ARCHIDIOCESIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


ALFONSO BOTANA

15017_PEID_202504_AI

Abril 2025

ETRS89 29N
EPSG: 25829

1:2.500



1 de 1

CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA)

PEID CEMITERIO


Alfonso Botana S.L.


Aprobación inicial

II. PLANOS DE INFORMACIÓN URBANÍSTICA

II.04 Afeccións sectoriais

0 25 50 100 Metros





-  Delimitación do ámbito
-  Policia de Cauces
-  Corrente natural
- AUGAS**





ARCHIDIOCESIS DE
SANTIAGO
DE COMPOSTELA



**ALFONSO
BOTANA**

15017_PEID_202504_AI

Abril 2025

ETRS89 29N
EPSG: 25829

1:2.500

CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA)

PEID CEMITERIO


Alfonso Botana S.L.

Aprobación inicial

II. PLANOS DE INFORMACIÓN URBANÍSTICA

II.05 Rede hidrográfica





Nº	REFERENCIA CATASTRAL	COORD. X (ETRS 89 H29)	COORD. Y (ETRS 89 H29)	SUPERFICIE CATASTRAL (m2)	SUPERFICIE AFECTADA (m2)
1	2319101NH5921N	552177,57	4791671,99	4405,82	4405,82
TOTAL				4405,82	4405,82

 Delimitación do ámbito

Parcelario

 Parcelario

 Parcelas Afectadas

 Superficie Afectada



GRÁFICO DE FOLLAS


ARCHIDIOCESIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


ALFONSO BOTANA

15017_PEID_202504_AI

Abril 2025

ETRS89 29N
EPSG: 25829

1:2.500



1 de 1

CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA)

PEID CEMITERIO


Alfonso Botana S.L.

Aprobación inicial

II. PLANOS DE INFORMACIÓN URBANÍSTICA

II.06 Catastro

0 25 50 100 Metros



 Delimitación do ámbito

 Puntos Visibilidade

Visibilidade

 Non visible

 Visible



15017_PEID_202504_AI

Abril 2025

ETRS89 29N

EPSG: 25829

1:5.000



CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA)

PEID CEMITERIO

Alfonso Botana S.L.

Aprobación inicial

II. PLANOS DE INFORMACIÓN URBANÍSTICA

II.08 Visibilidade

0 55 110 220 Metros



ÍNDICE XERAL

PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN XOÁN DE ANCEIS, MUNICIPIO DE CAMBRE (A CORUÑA)

DOC 01.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E
OBJECTIVOS, ASÍ COMO DAS SÚAS
DETERMINACIÓNS

DOC 02.- PLANOS DE INFORMACIÓN

DOC 03.- PLANOS DE ORDENACIÓN

DOC 04.- NORMAS URBANÍSTICAS

DOC 05.- CATÁLOGO

DOC 06.- ESTUDO ECONÓMICO E MEMORIA DE VIABILIDADE
ECONÓMICA

DOC 07.- DOCUMENTO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN
AMBIENTAL ESTRATÉXICA



ALFONSO
BOTANA



ÍNDICE


15017_PEID_202502_AI_PORD_01ZON

Asinan:

Alfonso Botana Castelo
Arquitecto

Beatriz García Becerra
Arquitecta

Paula Fernández Otero
Bióloga



- Delimitación do ámbito
- Dotación privada de equipamento = Área de movemento da edificación (AME)
- Patrimonio Cultural
- Contorno de protección



GRÁFICO
DE FOLLAS



ARCHIDIOCESIS DE
SANTIAGO
DE COMPOSTELA



ALFONSO
BOTANA

15017_PEID_202504_AI

Abril 2025

ETRS89 29N
EPSG: 25829

1:2.000



CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA)

PEID CEMITERIO

Alfonso Botana S.L.

Aprobación inicial

III. PLANOS DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA

III.01 Zonificación

0204080

Metros

ÍNDICE XERAL

PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN XOÁN DE ANCEIS, MUNICIPIO DE CAMBRE (A CORUÑA)

**DOC 01.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E
OBJECTIVOS, ASÍ COMO DAS SÚAS
DETERMINACIÓNS**

DOC 02.- PLANOS DE INFORMACIÓN

DOC 03.- PLANOS DE ORDENACIÓN

DOC 04.- NORMAS URBANÍSTICAS

DOC 05.- CATÁLOGO

**DOC 06.- ESTUDO ECONÓMICO E MEMORIA DE VIABILIDADE
ECONÓMICA**

**DOC 07.- DOCUMENTO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN
AMBIENTAL ESTRATÉXICA**

DOC 04.- NORMAS URBANÍSTICAS

TITULO 1 .- NORMAS URBANÍSTICAS DE CARÁCTER XERAL	3
ARTIGO 1 .- ÁMBITO DE APLICACIÓN	3
ARTIGO 2 .- RÉXIME URBANÍSTICO DO SOLO	3
ARTIGO 3 .- VIXENCIA E REVISIÓN	3
TITULO 2 .- NORMAS PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PEID	3
ARTIGO 4 .- COMPETENCIAS	3
ARTIGO 5 .- INSTRUMENTOS	4
TITULO 3 .- NORMAS DE USO	4
ARTIGO 6 .- DISPOSICIÓN XERAIS	4
ARTIGO 7 .- CONDICIÓNS PARTICULARES DO USO DOTACIONAL DE CEMITERIO	4
TITULO 4 .- NORMAS XERAIS DE EDIFICACIÓN	4
ARTIGO 8 .- DISPOSICIÓN XERAIS	4
ARTIGO 9 .- ADAPTACIÓN Á CONTORNA	4
TITULO 5 .- NOMAS PARTICULARES	6
ARTIGO 10 .- DEFINICIÓN, CLASIFICACIÓN E CONDICIÓNS	6

TITULO 1 .- NORMAS URBANÍSTICAS DE CARÁCTER XERAL

ARTIGO 1 .- ÁMBITO DE APLICACIÓN

A presente NORMATIVA URBANÍSTICA será de aplicación en todo o ámbito da "PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN XOÁN DE ANCEIS" no concello de Cambre (A Coruña), delimitado nos correspondentes planos de ordenación e redactouse de acordo coas disposicións contidas nos textos legais, cuxas abreviaturas en diante serán as seguintes:

- o LSG: Lei 2/2016: Lei 2/2016, do 10 de febreiro, de solo e urbanismo de Galicia
- o RLSG: Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia.

ARTIGO 2 .- RÉXIME URBANÍSTICO DO SOLO

As Normas Subsidiarias de Planeamento (NNSSPP) do Concello de Cambre acadaron a súa aprobación definitiva o 27 de Xullo de 1994 e foron publicadas no BOP de A Coruña o 30.08.1994. Estas constitúen o instrumento urbanístico de ordenación integral do municipio, no que se clasifica a totalidade do solo e se establece o réxime xurídico aplicable ao mesmo, definindo os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística e as determinacións orientadas a promover o seu desenvolvemento e execución e clasifica o ámbito do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións (PEID) como Solo Non Urbanizable Común.

ARTIGO 3 .- VIXENCIA E REVISIÓN

A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do PEID aprobado, quedará condicionada a que o acordo de aprobación definitiva se publique, no prazo dun mes dende a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia, e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, no Boletín Oficial da Provincia, ademais da súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia e da notificación individual a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

O PEID terá vixencia indefinida, sen prexuízo da súa revisión ou eventuais modificacións (Art. 82.1 LSG).

TITULO 2 .- NORMAS PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PEID

ARTIGO 4 .- COMPETENCIAS

O desenvolvemento, xestión e execución do presente PEID, corresponden ao Arzobispado de Santiago de Compostela, por tratarse dun plan de iniciativa particular, sen prexuízo da atribución de competencias a Órganos específicos municipais, da Comunidade Autónoma ou do Estado.

ARTIGO 5 .- INSTRUMENTOS

O desenvolvemento e execución das determinacións contidas no PEID poderá levarse a cabo mediante a redacción dos seguintes instrumentos:

1. Proxectos de Obras Ordinarias.
2. Proxectos de Edificación.

En ambos casos estarase ao disposto na lexislación sectorial vixente de aplicación.

TITULO 3 .- NORMAS DE USO

ARTIGO 6 .- DISPOSICIÓN XERAIS

1. O uso dotacional de equipamentos comprende tódolos locais, edificacións e espazos de carácter público ou privado destinadas a satisfacer as necesidades dos cidadáns e nel inclúse o uso concreto de servizos públicos no que se inclúen instalacións como os cemiterios.

ARTIGO 7 .- CONDICIÓN PARTICULARES DO USO DOTACIONAL DE CEMITERIO

1. Na categoría de cemiterio son admisibles así mesmo, aquelas instalacións con servizo de enterramento, que tamén poden ofrecer servizos relixiosos, neste caso sempre que a normativa sectorial o permita.
2. Serán de aplicación complementaria as condicións de aproveitamento e usos do solo establecidas na normativa das NNSSPP (artigos 18 ao 23), as condicións particulares establecidas para os equipamentos (artigo 64) e as condicións establecidas para o solo rústico pola LSG.

TITULO 4 .- NORMAS XERAIS DE EDIFICACIÓN

ARTIGO 8 .- DISPOSICIÓN XERAIS

1. As presentes Normas teñen por obxecto regular as condicións aplicables ás "obras que poidan realizarse nas edificacións existentes", así como ás "novas edificacións" que se constrúan no ámbito do PEID debendo cumprir as normas de deseño e calidade establecidas nas NNSSPP (artigo 24), na LSG así como os criterios establecidos na Guía de Cor e Materiais de Galicia" publicada polo Instituto de Estudos do Territorio.
2. Estas normas aplicaranse con carácter xeral, salvo determinacións específicas contidas nas Normas Particulares incluídas na presente normativa, en cuxo caso aplicaranse estas últimas.

ARTIGO 9 .- ADAPTACIÓN Á CONTORNA

1. A composición volumétrica das edificacións e construcións favorecerán a súa integración na paisaxe e a adaptación do conxunto ás características da topografía e da paisaxe do lugar.

2. Para o acabado das construcións empregaranse materiais e técnicas construtivas que ofrezan un resultado acorde coas formas e as cores propias do lugar e da arquitectura tradicional, poidendo empregarse como referencia a Guía de cor e materiais desenvolvida para a grande área paisaxística do Golfo Ártabro.
3. Para construcións de características substancialmente diferentes das da arquitectura tradicional, como as empregadas nos cemiterios, nos que non resulte congruente empregar os materiais e técnicas construtivas tradicionais, deben seleccionarse os materiais e as cores en atención ás características da paisaxe de acollida, de tal xeito que se procure a mellor integración cromática e textural posible. Son preferibles solucións que impliquen un mantemento baixo, co fin de asegurar unha boa imaxe durante o maior tempo posible, tales como as pezas prefabricadas de formigón ou outros materiais, susceptibles de facilitar a montaxe e de recibir tratamentos texturais e cromáticos personalizados diferentes da pintura (máis estables e duradeiros). No caso de utilizarse estes materiais prefabricados, convén coidar os acabamentos para transmitir unha imaxe de calidade do conxunto. En calquera caso prohíbese o emprego de materiais que degraden visualmente a paisaxe pola súa cor, brillo ou similares, así como as fábricas de ladrillo ou bloque de formigón sen revestir. A efectos de harmonizar coas instalacións existentes, empregarase o branco no acabado final das construcións.
4. As cubertas serán congruentes coas cubertas da arquitectura tradicional, empregando preferentemente a tella como material de cubrición. Se ben, poderase optar por outro material evitando en calquera caso os tons excesivamente rechamantes e que non se adapten ao ámbito no que se atopan.
5. Para a carpintaría exterior (portas, ventás e ocos de ventilación) empregarase como referencia a Guía de cor e materiais para esa grande área paisaxística.
6. As construcións ou instalacións auxiliares ou complementarias (tales como casetas, etc.) remataranse na mesma cor que as construcións principais, agás que se trate de elementos prefabricados non susceptibles de tratamento cromático. Se se trata de elementos puntuais, lineais ou de moi pequena superficie, poden rematarse coa cor empregada para a carpintaría exterior das construcións.
7. No caso de ampliacións, as novas construcións ou instalacións integraranse coas existentes co fin de acadar unha axeitada imaxe de conxunto. Se estas se atopasen nun mal estado de conservación, ou as súas características fosen discordantes cos criterios de integración paisaxística expostos nestas directrices, o proxecto de ampliación debe prever as obras de mellora ou acondicionamento precisas para conseguir unha adecuada imaxe do conxunto.
8. Os peches deben quedar integrados cos existentes, cunha única tipoloxía e procurando unha imaxe harmónica e homoxénea. Na mesma liña, os paramentos dos nichos da totalidade do cemiterio (incluíndo os adxacentes ao ámbito) deben ter un único tratamento de cor, coherente co existente no vello cemiterio e procurando a homoxenidade do conxunto dotacional..

9. Na pavimentación exterior, sinalización, áreas de lecer e elementos de mobiliario urbano etc., recoméndase consultar a Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos.

TITULO 5 .- NOMAS PARTICULARES

ARTIGO 10 .- DEFINICIÓN, CLASIFICACIÓN E CONDICIÓN

1. EIDO DE APLICACIÓN

A presente ordenanza será de aplicación a ampliación do cemiterio previsto en solo rústico e delimitado no presente PEID. Para o non establecido nos apartados seguintes será de aplicación de maneira complementaria o establecido pola LSG para o solo rústico.

2. TIPOLOXÍA

En función das características tipolóxicas do entorno no que se sitúa o equipamento, da súa función e das esixencias da regulamentación e normativas vixentes, o equipamento que se implante deberá adoptar a mesma tipoloxía que o cemiterio existente.

3. OCUPACIÓN MÁXIMA DA PARCELA

A superficie máxima ocupada pola edificación na parcela poderá estenderse á totalidade da parcela, segundo o disposto no artigo 61.2 do RLSG. A tal efecto, non resulta esixible o recuamento a lindeiros.

4. ALTURA MÁXIMA DE CORNIXA

A altura máxima de cornixa, salvo xustificación expresa, non poderá superar os 4m desde a rasante do terreo no punto medio de cada fachada da construción.

5. PECHES.

a) Poderá seguirse o disposto na Guía de Caracterización e Integración Paisaxística de Valados publicada polo Instituto de Estudos do Territorio.

b) Poderán ser macizos e rematados cun enfoscado en branco e unha altura máxima de 1,5m a efectos de harmonizar cos existentes no cemiterio orixinal.

6. CONDICIÓN ESTÉTICAS.

Resultarán de aplicación as determinacións para a adaptación á contorna descritas no ARTIGO 9.

7. ACCESIBILIDADE.

Garantirase en todo momento o cumprimento das condicións de accesibilidade para uso dos espazos públicos segundo o disposto na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade ou normativa que a substitúa.

8. CONDICIÓN DE USO. Nos edificios destinados a equipamento relacionados nas TÍTULO 3.- NORMAS DE USO, coas condicións establecidas nos mesmos.

9. PATRIMONIO CULTURAL. O ámbito do PEID, por estar no contorno de protección dun ben catalogado, será de aplicación de maneira complementaria as condicións establecidas no Catálogo do presente PXOM.


Asinan:



Alfonso Botana Castelo
Arquitecto



Beatriz García Becerra
Arquitecta



Paula Fernández Otero
Bióloga

ÍNDICE XERAL

PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN XOÁN DE ANCEIS, MUNICIPIO DE CAMBRE (A CORUÑA)

**DOC 01.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E
OBJECTIVOS, ASÍ COMO DAS SÚAS
DETERMINACIÓNS**

DOC 02.- PLANOS DE INFORMACIÓN

DOC 03.- PLANOS DE ORDENACIÓN

DOC 04.- NORMAS URBANÍSTICAS

DOC 05.- CATÁLOGO

MEMORIA

FICHA

NORMAS DE PROTECCIÓN

**DOC 06.- ESTUDO ECONÓMICO E MEMORIA DE VIABILIDADE
ECONÓMICA**

**DOC 07.- DOCUMENTO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN
AMBIENTAL ESTRATÉXICA**

ÍNDICE

MEMORIA	3
1 INTRODUCCIÓN	3
2 PARTE DESCRIPTIVA.....	3
2.1 LISTADO DE ELEMENTOS	3
3 PARTE XUSTIFICATIVA	3
3.1 CRITERIOS DE CATALOGACIÓN.....	3
3.2 OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN	4
3.3 ADECUACIÓN AO PLANEAMENTO URBANISTICO MUNICIPAL.....	4
3.4 ADECUACIÓN Á NORMATIVA SECTORIAL.....	5

DOC 05.- CATÁLOGO

MEMORIA

1 INTRODUCCIÓN

O presente documento constitúe o CATÁLOGO do PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN XOÁN DE ANCEIS (en adiante PEID), no municipio de Cambre (A Coruña), de conformidade coas disposicións contidas no Artigo 184 do Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia (en diante RLSG). O presente documento redáctase segundo as determinacións dos artigos 195 a 198 do RLSG.

2 PARTE DESCRIPTIVA

2.1 LISTADO DE ELEMENTOS

A relación de elementos integrantes do presente catálogo recóllese na táboa seguinte:

Ficha	Código do elemento	Denominación
1	01.PA.AR.01	Igrexa Parroquial de San Xoán de Ancéis

3 PARTE XUSTIFICATIVA

3.1 CRITERIOS DE CATALOGACIÓN

A LPCG no seu artigo 91 considera que integran o patrimonio etnolóxico de Galicia, entre outros, os bens inmobles, que se consideren relevantes para a identidade, a cultura e as formas de vida do pobo galego ao longo da historia.

Trala realización dunha exploración *in situ* do ámbito de estudo, o presente catálogo incorpora unicamente as mostras da arquitectura relixiosa da zona, coincidentes coa Igrexa Parroquial de San Xoán de Ancéis.

Para os bens catalogados no presente PEID, delimítanse os correspondentes contornos de protección, que varían en función do tipo de ben protexido. Enténdese como contorno de protección, os espazos e construcións próximas aos bens do patrimonio cultural cuxa alteración incida na percepción e comprensión dos valores culturais dos bens no seu contexto ou poida afectar á súa integridade, apreciación ou estudo. Na delimitación destes contornos estarase ao disposto no artigo 12.2 da LPCG.

A delimitación dos correspondentes contornos de protección, gráfase nos planos de ordenación, tendo en conta que os contornos de protección afectarán ás edificacións coas

súas parcelas completas, así como ás fachadas que delimitan os espazos públicos.

Os contornos de protección delimitáronse seguindo preexistencias do territorio, atendendo á relación dos bens coa área territorial á que pertencen e establecendo unha delimitación que siga as pegadas físicas existentes no territorio (límites de parcelas, camiños, muros, cómaros, ...), evitando en todo caso liñas xeométricas abstractas.

En xeral, os contornos estudáronse de maneira individualizada, mais cando varios elementos singulares se articulan nun conxunto, o contorno de protección trázase a partir dos elementos exteriores do conxunto e abranguendo a totalidade daquel.

3.2 OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN

Para a recompilación da información necesaria para a elaboración do presente catálogo, foron consultados os seguintes documentos:

- Normas Subsidiarias de Planeamento de Cambre, aprobadas o 27 de xullo de 1994.
- Plan Básico Autonómico (en diante PBA), aprobado por decreto 83/2018, de 26 de xullo.
- Visor de Aproveitamentos Forestais de Galicia, por incorporar información xeolocalizada dos xacementos arqueolóxicos identificados ata o momento.
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Cambre en redacción, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación municipal, en sesión extraordinaria do 1 de decembro de 2022.

A información restante achegada no presente catálogo, provén da labor de campo realizada sobre o terreo.

3.3 ADECUACIÓN AO PLANEAMENTO URBANÍSTICO MUNICIPAL

O instrumento de ordenación urbanística vixente no municipio son as Normas Subsidiarias de Planeamento (NNSS) aprobadas definitivamente o 27 de Xullo de 1994 e publicadas no BOP de A Coruña o 30.08.1994.

Tratándose dun documento tan antigo, carece do grao de precisión esixible a un documento urbanístico actual, e incorpora unha pequena parte dos elementos catalogados no municipio. Neste sentido, é preciso recorrer ao Plan Básico Autonómico, como instrumento complementario do planeamento municipal, cuxas determinacións resultan de aplicación para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do planeamento municipal vixente.

No tocante ao patrimonio cultural, o PBA indica no seu artigo 66.2 que os futuros instrumentos que se desenvolvan a partir del, deberán incluír un estudo do patrimonio cultural que puidese existir no ámbito. O resultado de dito estudo, incorpórase no presente documento.

Tendo isto en conta, o presente PEID respecta os elementos catalogados polo PBA, e concreta a súa delimitación e catalogación.

3.4 ADECUACIÓN Á NORMATIVA SECTORIAL

A Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia constitúe a base normativa fundamental na que se fundamenta a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, de forma que lle sirva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sustentable e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras.

Asemade, a Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia regula no capítulo V do título I as intervencións nos edificios incluídos no ámbito territorial das categorías de bens definidos na Lei do patrimonio cultural de Galicia e ámbitos obxecto de planeamento especial de protección.

O presente catálogo incorpora unha ficha individualizada de cada elemento catalogado, na que se recollen os seus datos identificativos, ubicación e delimitación do seu ámbito de protección, descrición das súas características construtivas, estado de conservación e determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación, nivel de protección ao que está sometido, actuacións autorizables, clasificación do ben segundo o establecido no artigo 8 da LPCG, categoría do ben inmovible segundo o establecido no artigo 10 da LPCG, valores culturais que xustifican a súa catalogación e o nivel de protección asignado.

Asinan:






Alfonso Botana Castelo
Arquitecto



Beatriz García Becerra
Arquitecta



Paula Fernández Otero
Bióloga



- Delimitación do ámbito do PEID Patrimonio cultural
- Ordenación
- Elemento analizado
 - Contorno de protección arq. etno.
 - Equipamento

Código do elemento: **AR.01.01**

Nº de ficha: 1/ 1

Denominación:
Igrexa de San Xoán de Anceis
Localización: **Castrobó**
Parroquia: **Anceis (San Xoán)**

Coordenadas UTM:
552.157,25 / 4.791.699,73
Sistema de coordenadas:
Proyección: (U.T.M.) ETR3 89 Zona 29N
Unidades: metros

Ordenanza ou norma de aplicación:
A regulada nas Normas de Protección do Patrimonio Cultural para o seu nivel de protección

Clasificación do ben:
Catalogado

Categoría do ben:
Monumento

Nivel de protección:
Estrutural

Actuacións autorizables:
As relacionadas do artigo 42 da LPCG segundo o nivel de protección do elemento e no capítulo V do título I da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Clasificación do solo:
Solo rústico

Estado de conservación:
Ben

Uso actual:
Relixioso

Titularidade:
Privado

Descrición do ben:
Inmable da arquitectura relixiosa relacionado co culto relixioso católico. De orixe románica con pranta rectangular e ábsida tamén rectangular. No lado norte ábrese unha capela de orixe tamén románica. Unha boa colección de canzorriños tanto nos muros da igrexa como nos da capela. Na ábsida rectangular, no exterior, ábrese unha ventá románica con arquiños lobulados e liña crebada. No interior da capela, un sarteiro gótico nun arcosolio. Edificación histórica relevante na construción do territorio e na súa caracterización cultural, testemuño dunha época histórica.

Determinacións sobre o ben para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación:
Realizaranse as actuacións necesarias para o mantemento e conservación do ben, dos materiais, elementos e sistemas construtivos empregados.



ÍNDICE XERAL

PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN XOÁN DE ANCEIS, MUNICIPIO DE CAMBRE (A CORUÑA)

**DOC 01.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E
OBXECTIVOS, ASÍ COMO DAS SÚAS
DETERMINACIÓNS**

DOC 02.- PLANOS DE INFORMACIÓN

DOC 03.- PLANOS DE ORDENACIÓN

DOC 04.- NORMAS URBANÍSTICAS

DOC 05.- CATÁLOGO

MEMORIA

FICHA

NORMAS DE PROTECCIÓN

**DOC 06.- ESTUDO ECONÓMICO E MEMORIA DE VIABILIDADE
ECONÓMICA**

**DOC 07.- DOCUMENTO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN
AMBIENTAL ESTRATÉXICA**

ÍNDICE

NORMAS DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL	3
CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS	3
Art.1.- Ámbito de aplicación	3
Art.2.- Normativa de aplicación.....	3
Art.3.- Tipos de bens do patrimonio cultural de Galicia	4
Art.4.- Réxime xeral de protección	4
Art.5.- Réxime de autorizacións	6
Art.6.- Catálogo de protección.....	6
CAPÍTULO II.- PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO E ETNOGRÁFICO	6
SECCIÓN 1.- Disposicións xerais.....	6
Art.7.- Ámbito de aplicación	6
Art.8.- Actuacións excepcionais	7
Art.9.- Condicións de uso	7
Art.10.- Determinación e alcance da protección.....	7
SECCIÓN 2.- Niveis de protección	8
Art.11.- Nivel I.- Protección integral.....	8
Art.12.- Nivel II.- Protección estrutural	9
Art.13.- Nivel III.- Protección ambiental	10
SECCIÓN 3.- Modelos de intervención	10
Art.14.- Concepto	10
Art.15.- Investigación.....	10
Art.16.- Valorización	10
Art.17.- Mantemento	10
Art.18.- Conservación	11
Art.19.- Consolidación.....	11
Art.20.- Restauración	11
Art.21.- Rehabilitación.....	12
Art.22.- Reestruturación.....	13
Art.23.- Ampliación	13
Art.24.- Reconstrución	13
Art.25.- Declaración de ruína e demolición dos edificios catalogados.....	13
SECCIÓN 4.- Contornos de protección.....	14
Art.26.- Delimitación dos contornos de protección	14
Art.27.- Intervención e condicións das actuacións nos contornos de protección.....	14
Art.28.- Criterios específicos de intervención no contorno de protección	17

DOC 05.- CATÁLOGO

NORMAS DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

Art.1.- Ámbito de aplicación

As Normas de Protección serán de aplicación a tódolos bens de interese artístico, histórico arquitectónico, arqueolóxico e etnográfico, aos conxuntos urbanos, lugares etnográficos, xacementos e zonas arqueolóxicas, así como os sitios naturais, xardíns e parques que teñan valor artístico, histórico ou antropológico, comprendidos no contorno do PEID. Asemade, serán de aplicación a aqueles elementos tradicionais que sexan merecedores da súa conservación aínda que non se considere necesaria a súa catalogación.

Art.2.- Normativa de aplicación

Ao patrimonio cultural seralle de aplicación a lexislación e normativa seguintes:

- a) Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.
- b) Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na CCAA de Galicia
- c) Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos
- d) Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio.
- e) Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- f) Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- g) Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia
- h) Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- i) Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia
- j) Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 247 do 28.12.2018)

k) Decreto 92/2019, do 11 de xullo, polo que se modifica o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

l) Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

m) Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas.

n) Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Art.3.- Tipos de bens do patrimonio cultural de Galicia

De conformidade co establecido no Art. 8 LPCG e sen prexuízo da normativa posterior que a substitúa, o Patrimonio Cultural de Galicia clasifícase como:

1) BENS DE INTERESE CULTURAL: Serán considerados como Bens de Interese Cultural (BIC) aqueles bens e manifestacións inmateriais que sexan declarados como tales por ministerio da lei ou mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia, a proposta da concellería competente en materia do patrimonio cultural, de acordo co establecido co procedemento establecido pola lei.

2) BENS CATALOGADOS: Terán esta consideración os elementos non declarados de interese cultural, que se recollen no Catálogo do Patrimonio Cultural elaborado para este PEID, así como aqueles bens e manifestacións inmateriais que polo seu notable valor cultural sexan incluídos no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia a través de calquera dos procedementos de inclusións previstos na LPCG.

Art.4.- Réxime xeral de protección

1) DETERMINACIÓNS XERAIS

Todos os bens recollidos nos apartados anteriores así como as áreas delimitadas na súa contorna quedan suxeitos a unha especial protección. Calquera intervención nun elemento do Patrimonio Cultural está regulada con carácter básico pola lexislación sectorial de patrimonio e complementariamente polas disposicións e determinacións do presente PEID en virtude dos graos de protección atribuídos a cada elemento.

Calquera actuación que se pretenda realizar nos bens de interese cultural ou catalogados, así como nos seus contornos de protección, terá que ser autorizada pola consellería competente en materia de Patrimonio cultural, conforme ao establecido na Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia e na Lei 1/2019 de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

2) DETERMINACIÓNS NOS INSTRUMENTOS DE DESENVOLVEMENTO

De conformidade co disposto no artigo 34.1 LPCG, todos os plans, programas e proxectos relativos a ámbitos como a paisaxe, o desenvolvemento rural ou as infraestruturas ou calquera outro que poida supoñer unha afección ao patrimonio cultural de Galicia pola súa incidencia sobre o territorio, deberán ser sometidos ao informe da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, que establecerá as medidas protectoras, correctoras e compensatorias que considere necesarias para a salvagarda do patrimonio cultural afectado, sen prexuízo das súas competencias para a posterior autorización das intervencións que puideren derivar dos documentos en trámite.

3) DEBER DE CONSERVACIÓN E COMUNICACIÓN

Segundo o disposto nos artigos 32, 36 e 37 LPCG, as persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre bens protexidos integrantes do patrimonio cultural están obrigadas a:

- a) Conservalos, mantelos e custodialos debidamente, así como a evitar a súa perda, destrución ou deterioración.
- b) Comunicarlle á consellería competente en materia de patrimonio cultural calquera dano ou prexuízo que sufrisen e que afecte de forma significativa ao seu valor cultural.
- c) Permitir o acceso aos ditos bens a todo aquel persoal habilitado, acreditado ou designado pola administración competente para desenvolver funcións de inspección, investigación ou realización dos informes técnicos que así se xustifiquen, tal e como queda detallado no articulado completo da LPCG (art. 36).

4) SOBRE BENS NON SINALADOS OU CATALOGADOS

É obriga informar ao organismo competente en materia de patrimonio cultural sobre o achado de restos arqueolóxicos ou históricos que non figuren no presente Catálogo, principalmente cando se teña intención de realizar obras ou intervencións sobre eses achados ou nos terreos afectados por eles. A finalidade desa obriga de información dirixese a que sexa ese organismo o que determine e valore a importancia de tales restos antes de que se permita a concesión de licenza municipal.

A ocultación de achados arqueolóxicos, vestixios, pezas ou elementos que se presupoñan constituíntes do Patrimonio Histórico, artístico e cultural dos pobos de España, responsabilizará aos que así procedan, de acordo ás leis vixentes e en concordancia co contido do artigo 46 da Constitución española.

5) INFRACCIÓNS

Toda acción ou omisión que vulnere as prescricións contidas no presente título será considerada como infracción urbanística grave, sen prexuízo de outras que estean tipificadas e sancionadas pola lexislación.

Art.5.- Réxime de autorizacións

1) Os artigos 39 e 45 da LPCG establecen que as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección, terán que se autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establecen nesta lei.

2) . En relación co réxime de autorizacións, ademais da LPCG, será de aplicación a Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración urbanas de Galicia.

Art.6.- Catálogo de protección

1) Os bens do patrimonio cultural e os seus contornos de protección existentes no entorno do PEID inclúense en Catálogo do presente documento.

2) Para cada ben protexido, o catálogo contén unha ficha individualizada na que figuran: clave e datos identificativos, ubicación e delimitación do seu ámbito de protección, descrición das súas características construtivas, estado de conservación e determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación, nivel de protección ao que está sometido, actuacións autorizables, clasificación do ben segundo o establecido no artigo 8 da LPCG, categoría do ben inmovible segundo o establecido no artigo 10 da LPCG, valores culturais que xustifican a súa catalogación e o nivel de protección asignado.

3) As condicións que se establecen neste artigo, así como as determinacións contidas nas fichas do catálogo teñen carácter normativo e serán de aplicación aos elementos catalogados e aos seus contornos de protección comprendidos no entorno do PEID.

4) O Catálogo terá carácter aberto, sendo susceptible de incorporarse os xacementos ou bens patrimoniais que se descubran con posterioridade á aprobación definitiva do presente PEID, en cuxo caso se tramitará a correspondente modificación puntual do PEID.

5) Os novos bens que se incorporen ao Catálogo serán obxecto dun tratamento documental de nivel similar aos agora recollidos, debendo especificar para cada un deles as correspondentes áreas ou contornos de protección, así como todos aqueles outros requisitos que sexan indicados pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural. En tanto non estean incorporados ao Catálogo, estes novos bens contarán co contorno de protección subsidiario que, para cada categoría, se especifica no artigo 38 da LPCG.

CAPÍTULO II.- PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO E ETNOGRÁFICO

SECCIÓN 1.- Disposicións xerais

Art.7.- Ámbito de aplicación

As condicións establecidas neste capítulo serán de aplicación a tódolos edificios, conxuntos e

elementos catalogados no presente PEID, así como aos seus contornos de protección grafitados nos Planos de Ordenación.

Art.8.- Actuacións excepcionais

En cada nivel de protección poderá ser autorizado excepcionalmente pola consellería competente en materia de patrimonio cultural outro tipo de intervencións distinto ao establecido de forma xeral, nos casos en que se analicen de forma pormenorizada as características e condicións de conservación do ben e o seu entorno de protección, os valores culturais protexidos e as melloras funcionais, sempre que o proxecto de intervención xustifique a súa conveniencia en aras dun maior beneficio para o conxunto do patrimonio cultural de Galicia.

Art.9.- Condicións de uso

- 1) Nos edificios catalogados permítense, en xeral, os usos actuais.
- 2) Tamén se permitirán aqueles usos que supoñan a recuperación dos usos orixinais do edificio e para os que foron proxectados ou construídos, sempre que se xustifique axeitadamente esta circunstancia.
- 3) A utilización dos bens declarados de interese cultural ou catalogados quedará subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa protección, polo que os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola consellería competente en materia de patrimonio cultural.
- 4) Os usos dotacionais de equipamento público ou privado situados en edificios comprendidos nos niveis de protección integral e estrutural, non poderán cambiar de uso, salvo que se xustifique que o uso actual supón deterioro dos valores que xustifican a catalogación do ben.

Art.10.- Determinación e alcance da protección

- 1) ALCANCE DA PROTECCIÓN: O ámbito de protección dos bens catalogados comprende:
 - a) O elemento catalogado e a correspondente parcela en que se sitúa o elemento.
 - b) O "contorno de protección" do elemento.
- 2) NIVEIS DE PROTECCIÓN: Para conseguir unha adecuada protección dos bens do patrimonio arquitectónico e etnográfico, os elementos catalogados inclúense, de acordo cos seus valores, en algún dos seguintes niveis de protección:
 - a) NIVEL I.- PROTECCIÓN INTEGRAL
 - b) NIVEL II.- PROTECCIÓN ESTRUCTURAL
 - c) NIVEL III.-PROTECCIÓN AMBIENTAL

2) CONTORNO DE PROTECCIÓN: Para cada un dos elementos catalogados establécense, nos artigos seguintes, os criterios para delimitar o contorno de protección de cada elemento, así como as condicións que deben cumprir as actuacións que se pretendan realizar nos mesmos.

SECCIÓN 2.- Niveis de protección

Art.11.- Nivel I.- Protección integral

1) ÁMBITO DE APLICACIÓN

a) O nivel de protección integral será de aplicación aos elementos catalogados aos que se asigna este nivel de protección na ficha correspondente do catálogo.

b) Comprende aqueles edificios, construcións e bens inmobles de natureza semellante que reúnen un excepcional valor arquitectónico ou unha relevante significación cultural ou cidadá. A mesma protección alcanza aos monumentos declarados ou incoados con base ao establecido na lexislación estatal ou autonómica sobre patrimonio cultural.

c) Considéranse BIC por definición regulamentaria os seguintes elementos:

c-1) Todos os hórreos e cabazos de máis de cen anos de antigüidade. (Decreto 449/1973 do 22 de Febreiro e considerados BIC pola disposición Adicional Segunda da Lei 16/1985, do 25 xuño, del Patrimonio Histórico Español).

c-2) Todos os escudos, encoros, pedras heráldicas, selos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de máis de cen anos de antigüidade. (Decreto 571/1963 do 14 de Marzo e considerados BIC pola disposición Adicional Segunda da Lei 16/1985, do 25 de xuño, del Patrimonio Histórico Español).

c-3) Os afectados polo Decreto do 22 de abril de 1949 sobre os Castelos Españois, considerados BIC pola disposición Adicional Segunda da Lei 16/1985, do 25 de xuño, del Patrimonio Histórico Español.

2) ACTUACIÓNS AUTORIZABLES. De conformidade co disposto no Art. 42.1 LPCG serán actuacións autorizables en elementos con nivel de protección integral as seguintes:

a) As de investigación, valorización, mantemento, conservación, consolidación e restauración.

b) As de rehabilitación poderán autorizarse sempre que o proxecto de intervención garanta a conservación dos valores culturais protexidos e que se trate de adaptacións necesarias para adecuar o uso orixinal aos condicionantes actuais de conservación, seguridade, accesibilidade, confortabilidade ou salubridade ou para adecuar o ben a un novo uso compatible cos seus valores culturais que garantan a súa conservación e o acceso público ao mesmo.

c) As ampliacións dun ben inmoble, exclusivamente en planta, no marco dunha actuación de rehabilitación, con carácter complementario a esta, sempre que resulten imprescindibles para desenvolver o uso proposto e se resolvan como volumes diferenciados.

d) As de reconstrución, de xeito excepcional, cando se utilicen partes, elementos e materiais orixinais dos que se poida probar a súa autenticidade e posición orixinal.

e) Serán de aplicación os criterios de intervención en inmobles declarados BIC, definidos no artigo 44 da Lei 5/2016, e mesmo os criterios expresados, de ser o caso, nas fichas de elementos do Catálogo do presente PEID.

Art.12.- Nivel II.- Protección estrutural

1) ÁMBITO DE APLICACIÓN

a) O nivel de protección estrutural será de aplicación aos elementos catalogados aos que se asigna este nivel de protección na ficha correspondente do catálogo.

b) Comprende aqueles edificios e bens inmobles con valor histórico, artístico, construtivo, tipolóxico ou arquitectónico suficientemente significativo e que posúen unha elevada calidade na súa conformación arquitectónica global, tanto exterior como interior, o que determina a súa valoración singular e a súa conservación para manter as súas condicións arquitectónicas tanto volumétricas, estruturais e tipolóxicas como ambientais, sen prexuízo de que poidan realizarse obras interiores ou exteriores con elas compatibles e adecuadas ao uso pertinente, a súa estrutura e función urbana ou no medio rural.

2) ACTUACIÓN AUTORIZABLES. De conformidade co disposto no Art. 42.2 LPCG serán actuacións autorizables en elementos con nivel de protección estrutural as seguintes:

a) As de investigación, valorización, mantemento, conservación, restauración, consolidación e rehabilitación.

b) A reestruturación puntual ou parcial poderán autorizarse si a través do proxecto de intervención se xustifica a súa necesidade de forma específica e documentada e si se reducen a un alcance limitado sobre os elementos irrecuperables, que deberán ser substituídos por elementos análogos ou coherentes cos orixinais.

c) As ampliacións, en planta e en altura, dun ben inmoble no marco dunha actuación de rehabilitación, con carácter complementario a esta, sempre que resulten imprescindibles para desenvolver o uso proposto e que no seu deseño se conserven a súa concepción e o seu significado espacial.

d) As de reconstrución, de forma excepcional, cando se utilicen partes, elementos e materiais orixinais de os que se poda probar a súa autenticidade e posición orixinal.

Art.13.- Nivel III.- Protección ambiental

1) ÁMBITO DE APLICACIÓN

a) O nivel de protección ambiental será de aplicación aos elementos catalogados aos que se asigna este nivel de protección na ficha correspondente do catálogo.

b) Comprende a protección dun conxunto de arquitecturas, cultas ou populares, que polo seu grao de coherencia arquitectónica, tipolóxica e etnográfica informan da calidade xeral do patrimonio edificado ou son expresión da cultura arquitectónica tradicional e que caracterizan aos conxuntos rurais.

2) ACTUACIÓN AUTORIZABLES. De conformidade co disposto no Art. 42.3 LPCG serán actuacións autorizables en elementos con nivel de protección ambiental as seguintes:

a) As de investigación, mantemento, conservación, consolidación, restauración, rehabilitación e reestruturación parcial ou total.

b) As de ampliación, sempre que non supoñan un deterioro ou destrución dos valores culturais que aconsellaran a súa protección.

SECCIÓN 3.- Modelos de intervención

Art.14.- Concepto

Segundo o establecido no Art. 40 LPCG, as intervencións nos bens materiais protexidos polo seu valor cultural ou, no seu caso, no seu entorno de protección ou na súa zona de amortecemento poden clasificarse nalgúns dos tipos seguintes:

Art.15.- Investigación

Son aquelas accións que teñan por obxecto ampliar o coñecemento sobre o ben ou o seu estado de conservación e que afecten directamente ao seu soporte material. Inclúe as accións e procedementos necesarios para elaborar unha diagnose e caracterizar os materiais e os riscos que afecten ao ben.

Art.16.- Valorización

Son aquelas medidas e accións sobre os bens culturais ou o seu ámbito próximo que teñan por obxecto permitir a súa apreciación, facilitar a súa interpretación e acrecentar a súa difusión, especialmente no ámbito educativo, e a súa función social.

Art.17.- Mantemento

1) Son aquelas actividades cotiás, continuas ou periódicas de escasa complexidade técnica sobre o soporte material dos bens ou o seu ámbito próximo para que manteñan as súas características, funcionalidade e lonxevidade, sen que se produza ningunha substitución ou

introdución de novos elementos.

2) Procedementos e actuacións de monitorización que teñan por obxecto realizar o seguimento e a medición das lesións, dos axentes de deterioro ou dos posibles factores de risco, e os dirixidos a implantar e desenvolver accións de conservación preventiva.

Art.18.- Conservación

Son aquelas medidas e accións dirixidas a que os bens conserven as súas características e os seus elementos en adecuadas condicións, que non afecten á súa funcionalidade, ás súas características formais ou ao seu soporte estrutural, polo que non suporán a substitución ou a alteración das súas principais elementos estruturais ou de deseño, pero si actuacións no seu ámbito co obxecto de evitar as causas principais do seu deterioro.

Art.19.- Consolidación

Son aquelas accións e medidas dirixidas ao afianzamento, o reforzo ou a substitución de elementos danados ou perdidos para asegurar a estabilidade do ben, preferentemente co uso de materiais e elementos da mesma tipoloxía que os existentes, ou con alteracións menores e parciais dos seus elementos estruturais, respectando as características xerais do ben.

Art.20.- Restauración

1) Son aquelas accións para restituír o ben ou as súas partes ao seu debido estado, sempre que se dispoña da documentación suficiente para coñecelo ou interpretalo, con respecto aos seus valores culturais.

2) A restauración pode implicar a eliminación de elementos estraños ou engadidos sen valor cultural ou a recuperación de elementos característicos do ben, conservando a súa funcionalidade e estética.

3) As obras autorizadas dentro das "actuacións" de restauración serán:

a) OBRAS DE REPARACIÓN propias para asegurar a estabilidade, hixiene e ornato do edificio podendo necesitar da achega de elementos novos cuxa natureza material será igual á dos substituídos e que haberán de ser recoñecibles.

b) OBRAS DE ADECUACIÓN FUNCIONAL esixidas para o correcto desenvolvemento das actividades autorizadas no edificio, sempre que no degraden a súa conformación tipolóxica e valores arquitectónicos.

4) Cando o edificio ou partes do mesmo desaparecesen, sufridas graves alteracións da súa configuración tipolóxica e arquitectónica, ou sexa, que precisase a súa adecuación funcional, admitíranse no marco dun Proxecto Integral de Restauración as seguintes obras:

a) OBRAS DE RESTITUCIÓN ou volta ás súas condicións orixinais de elementos

arquitectónicas alterados.

b) OBRAS DE RECONSTRUCCIÓN que poidan propoñer a recuperación tipolóxica das invariantes arquitectónicas do edificio.

c) OBRAS DE MODERNIZACIÓN E ADECUACIÓN DAS CONDICIÓNS DE HABITABILIDADE E USO que poden incluír actuacións de consolidación.

5) Este conxunto de actuacións terá que complementarse, no seu caso, coas obras de eliminación de elementos que non sexan de interese para a historia do edificio e se mostren incoherentes coas características tipolóxicas e arquitectónicas orixinarias da edificación.

Art.21.- Rehabilitación

1) Son aquelas accións e medidas que teñan por obxecto permitir a recuperación dun uso orixinal perdido ou novo compatible cos valores orixinais dun ben ou dunha parte del, que poden supor intervencións puntuais sobre os seus elementos característicos e, excepcionalmente e de maneira xustificada, a modificación ou a introdución de novos elementos imprescindibles para garantir unha adecuada adaptación aos requirimentos funcionais para a súa posta en uso.

2) Inclúense as accións destinadas á adaptación dos bens por razón de accesibilidade.

3) De conformidade co establecido no Art. 8 A das NHV-2010, distínguense os seguintes TIPOS DE OBRAS DE REHABILITACIÓN, que poderán presentarse individualmente ou asociados entre si:

a) OBRAS DE ADECUACIÓN ESTRUCTURAL: Son as que teñen por obxecto proporcionar ao edificio seguridade construtiva garantindo a súa estabilidade e resistencia mecánica.

b) OBRAS DE ADECUACIÓN FUNCIONAL DO EDIFICIO: Son as obras que afectan aos elementos comúns da edificación e que teñen por obxecto proporcionar ao edificio mellores condicións no relativo aos requisitos básicos do Código Técnico da Edificación ou mellorar as súas condicións de accesibilidade e que non estean incluídas nos demais tipos de obras.

c) OBRAS DE ADECUACIÓN FUNCIONAL DA VIVENDA: Son obras realizadas no interior dunha vivenda existente que teñen por obxecto proporcionar a esta mellores condicións no relativo aos requisitos básicos do Código Técnico da Edificación sen alterar a súa distribución interior

d) OBRAS DE REMODELACIÓN DO EDIFICIO: Son aquelas obras que teñen por obxecto acadar algún dos seguintes resultados:

d-1) Variar os límites das vivendas existentes dentro dos límites da edificación orixinal.

d-2) Variar o número de vivendas existentes dentro dos límites da edificación orixinal.

d-3) Execución de baleirados que impliquen a eliminación ou substitución, total ou

parcial, da estrutura do solo que afecte dúas ou máis vivendas.

d-4) Creación de novas vivendas adecuando ao uso de vivenda espazos existentes na edificación orixinal que anteriormente non tiñan ese uso.

e) OBRAS DE REMODELACIÓN DE VIVENDA: Son aquelas que, realizadas dentro dos límites da vivenda orixinal, teñen por obxecto a variación de distribución interior desta para adecualas ás necesidades dos usuarios, mellorar as condicións relativas aos requisitos básicos do Código Técnico da Edificación ou mellorar as súas condicións de accesibilidade.

Art.22.- Reestruturación

Son aquelas accións de renovación ou transformación en inmobles nos que non se poida garantir o seu mantemento ou o seu uso polas súas malas condicións de conservación ou por deficiencias estruturais e funcionais graves e que poden supor unha modificación da súa configuración espacial e a substitución de elementos da súa estrutura, acabado ou outros determinantes da súa tipoloxía, cun alcance puntual, parcial ou xeral.

Art.23.- Ampliación

Son aquelas accións destinadas a complementar en altura ou en planta bens inmobles existentes con criterios de integración compositiva e coherencia formal compatibles e respectuosos cos seus valores culturais preexistentes.

Art.24.- Reconstrución

1) Son aquelas accións destinadas a completar un estado previo dos bens arruinados utilizando partes orixinais destes cuxa autenticidade poida acreditarse.

2) Por razóns xustificadas de recomposición, interpretación e correcta lectura do valor cultural ou da imaxe do ben, admitiranse reconstrucións parciais de carácter didáctico ou estrutural que afecten a elementos singulares perfectamente documentados.

Art.25.- Declaración de ruína e demolición dos edificios catalogados

1) Tras incoar un expediente de declaración de ruína, nos termos previstos no Art. 141 LSG e 341 RLSG, dalgún ben inmovible declarado de interese cultural, a consellería competente en materia de patrimonio cultural intervirá como interesada en devandito expediente, e deberán serlle notificadas a apertura e as resolucións que se adopten no expediente.

2) En ningún caso poderase demoler o inmovible sen a autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural, sen que a declaración de ruína vincule á consellería para autorizar a demolición.

3) No caso de que a situación de ruína supoña un perigo inminente de danos para as persoas, a entidade que incoase o expediente de ruína deberá adoptar as medidas oportunas para evitar

os danos. Tomaranse as medidas necesarias que garantan o mantemento das características e dos elementos singulares do edificio, que non poderán incluír máis demolicións que as estritamente necesarias, e observaranse os termos previstos na resolución da consellería competente en materia de patrimonio cultural.

4) O incumprimento das medidas sinaladas no apartado anterior, que provoque un agravamento na situación do ben, levará a obrigação para a persoa titular da propiedade de repor o ben ao seu debido estado.

SECCIÓN 4.- Contornos de protección

Art.26.- Delimitación dos contornos de protección

Os contornos de protección para os elementos puntuais que non aparezan delimitados no catálogo, por provir de aparicións posteriores á aprobación definitiva do presente PEID, estarán constituídas por unha franxa cunha profundidade medida dende o elemento ou vestixio exterior do ben que coincide coas distancias dos contornos subsidiarios fixados polo artigo 38 da LPCG. Estes contornos xenéricos serán de aplicación de forma provisional, en tanto non se delimite o contorno concreto, o cal haberá de cumprir as consideracións expostas na LPCG respecto dos contornos de protección.

Art.27.- Intervención e condicións das actuacións nos contornos de protección

1) En aplicación do disposto no Art. 45.1 da LPCG, as intervencións que se realicen no contorno de protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados deberán contar coa autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural cando teñan por obxecto:

- a) Novas construcións e instalacións de carácter definitivo ou provisional.
- b) As intervencións de calquera tipo que se manifesten cara ao espazo exterior público ou privado das edificacións existentes.
- c) As actuacións que afecten a estrutura parcelaria, os elementos configuradores característicos da estrutura territorial tradicional, os espazos libres e a topografía característica do ámbito, incluídos os proxectos de urbanización.
- d) A implantación ou os cambios de uso que poidan ter incidencia sobre a apreciación dos bens no territorio, incluídas as cortas e as repoboacións forestais.
- e) As remocións de terras de calquera tipo no contorno de protección dos bens integrantes do patrimonio arqueolóxico.

2) Aínda que, en todo caso, deberán ser coherentes cos valores xerais do contorno, non precisarán autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural as seguintes intervencións nos contornos de protección dos bens de interese cultural ou

catalogados:

a) As reparacións de cubertas que afecten só ao material de cubrición, repoñendo o mesmo tipo de material tradicional existente, e as substitucións de cubertas, incluído o recambio da estrutura de soporte, sempre que como acabado se utilice tella cerámica, curva ou plana, ou lousa nos casos onde sexa característica; e se garanta que as capas intermedias da cubrición non queden vistas en ningún punto do perímetro da cuberta e que os encontros entre vertentes nas cumieiras se resolvan co propio material de cubrición.

Estas intervencións non poderán incluír apertura de ocos, construción de chemineas, modificación da solución dos beirados introducindo cornisas ou voos, nin calquera outra modificación da forma do tellado, que sí precisarán de autorización.

b) A pintura das fachadas e das carpinterías exteriores nunha das cores que, para a área xeográfica en que se atope o inmovible, se defina ou oriente dende a Administración autonómica. En caso contrario, será necesaria a autorización para determinar a cor e os acabados apropiados.

c) A reparación de carpinterías sempre que se manteña o material, a solución formal e construtiva e os acabados existentes, excepto nos casos en que estea establecido por algunha condición xeral de protección do ámbito a necesaria adaptación a algún tipo orixinal característico deste.

d) A reparación de revestimentos se se mantén a solución formal e construtiva existente e as súas cores e acabados están definidos ou orientados desde a Administración autonómica, para a área xeográfica en que se atope o inmovible.

Non se aplicará este criterio ao mantemento de materiais construtivos deseñados para empregarse revestidos cando permanezan vistos ou sen acabar, como as fábricas de bloque de formigón ou ladrillo visto, ou o emprego de materiais de construción en sistemas ou funcións para os cales non estean deseñados, como os forros de fachadas con materiais de cobertura de cubertas, ou os peches de leiras e edificios con elementos de mobiliario ou refugallo industriais.

Admitiranse as reparacións das impermeabilizacións de medianeiras e fachadas secundarias con forros de placa de fibrocemento minionda sempre que como remate se pinten da mesma cor que o resto das fachadas do inmovible.

e) Os traballos de reforzo ou mellora estrutural, sempre que non produzan ningún efecto visible ou aparente desde o exterior e non exista unha protección, mesmo con carácter xeral, que estableza algunha determinación concreta de protección estrutural para os inmobles localizados no devandito entorno.

Cando este tipo de traballos afecten ao subsolo, no caso de contornos de bens do patrimonio arqueolóxico, deberán someterse a autorización.

f) As reparacións e reposicións de peches de leiras que empreguen os materiais, técnicas e solucións construtivas tradicionais orixinais dos elementos nos que se intervén ou a construción de novos peches segundo os modelos que sexan definidos pola Administración autonómica, excepto no caso dos contornos de protección dos bens do patrimonio arqueolóxico.

g) A reposición de tendidos de instalacións de subministración de enerxía, voz e datos, ou outros servizos públicos existentes, sempre que se realicen sen alterar o trazado, posición e características ambientais dos tendidos de redes, liñas e instalacións existentes e non afecten ao rexistro arqueolóxico dos bens.

Deberán someterse a autorización as actuacións deste tipo nos ámbitos nos que existan determinacións concretas sobre as características dos tendidos ou cando fosen identificadas como un elemento deturpador dos valores culturais dos bens ou da súa contorna.

h) A reparación de materiais de pavimentación de vías ou espazos públicos mantendo os existentes, sen alterar a sección do viario nin os peches que o delimitan.

i) A mellora do trazado actual de redes de instalacións subterráneas, sempre e cando aquel non se manifeste ao exterior e na pavimentación se empregue o mesmo material que o existente, excepto no caso dos contornos de protección dos bens do patrimonio arqueolóxico, e sen prexuízo do indicado nos artigos 99.2 e 100.1.

j) A reparación do mobiliario urbano mantendo o material, a solución formal e construtiva e os acabados existentes.

k) Os traballos de limpeza de bens inmobles, espazos libres, vías públicas ou bens artísticos localizados nos mesmos que non contén cunha protección cultural individualizada.

l) Os traballos de poda e tratamento de silvicultura sobre árbores e arbustos de relevancia ambiental, sempre que non se altere o seu carácter en relación coa escena urbana e a paisaxe natural na que se encadran.

m) Os cambios de actividade sen reforma dos locais ou cando a reforma non afecte ao aspecto exterior. Os rótulos e a sinalización sí deberán someterse a autorización, excepto nos casos nos que se empreguen os mesmos soportes e dimensións que os existentes e xa fosen autorizados previamente.

n) As obras de reforma ou rehabilitación que só afecten ao interior das edificacións existentes nos casos nos que se sigan os criterios recollidos nos apartados anteriores.

o) A realización de actividades e eventos efímeros, sempre que se produzan de forma illada e sen instalacións de carácter permanente, ligadas a actividades públicas periódicas como festas, actividades lúdicas, culturais, romarías, encontros ou concertos e se dispoña dos medios para a normal vixilancia e cautela dos bens que poidan verse afectados e que, con carácter xeral, non permanezan montadas un prazo maior de 72 horas, sempre que non se

afecten materialmente os bens protexidos, en especial cos ancoraxes, instalacións, medios auxiliares ou apoios en inmobles protexidos.

p) As probas deportivas atléticas, non consistentes en actividades de lanzamento, e as probas ciclistas ou en vehículos motorizados que transcorran por vías públicas calquera que sexa a titularidade destas, coas reservas establecidas na letra anterior.

q) As actuacións de investigación e mantemento que, realizadas sobre os inmobles localizados na contorna, non afecten aos propios bens protexidos. Estas intervencións deben interpretarse de maneira estrita segundo a definición do artigo 40.a) e c) e non implicarán efectos sobre a conservación dos materiais tradicionais, a integración volumétrica e os aspectos cromáticos do conxunto, aplicando os criterios definidos no artigo 46.

r) Os aproveitamentos forestais que se realicen no contorno de protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados, cando non leven consigo un cambio de uso, e que, conforme a lexislación forestal, estean suxeitos a autorización, para a tutela dos valores obxecto de protección pola presente lei, requirirán da emisión dun informe sectorial da consellería competente en materia de cultura, que se integrará no procedemento de outorgamento da correspondente autorización forestal.

Art.28.- Criterios específicos de intervención no contorno de protección

1) Nos contornos de protección dos elementos catalogados debe manterse cos seus valores ambientais, polo que as intervencións que se realicen deben resultar harmoniosas coas condicións características do ámbito. Deberán procurar a súa integración en materiais, sistemas construtivos, volume, tipoloxía e cromatismo, así como garantir a contemplación axeitada do ben conforme ás condicións establecidas no artigo 46 da LPCG.

2) En concreto, teranse en conta os seguintes criterios específicos, sen prexuízo da aplicación de criterios de viabilidade para a implantación e desenvolvemento de intervencións e actividades:

a) Procurarase evitar os movementos de terras que supoñan unha variación significativa da topografía orixinal do contorno.

b) Procurarase a compatibilidade cos elementos configuradores da estrutura territorial tradicional, como son a rede de camiños, os muros de peche, sebes, tapias, taludes e outros semellantes.

c) Empregaranse materiais, solucións construtivas e características dimensionais e tipolóxicas en coherencia co ámbito en calquera tipo de intervencións.

d) Manterase preferentemente a estrutura e a organización espacial da contorna, coa conservación xeral das aliñacións e rasantes.

e) Procurarase e valorarase a integración e compatibilidade dos usos e costumes tradicionais e característicos configuradores do ambiente cos de nova implantación.

f) Facilitarase a implantación de actividades complementarias compatibles cos valores culturais dos bens que garantan a continuidade do seu mantemento co establecemento de novos usos.

Asinan:



Alfonso Botana Castelo
Arquitecto



Beatriz García Becerra
Arquitecta



Paula Fernández Otero
Bióloga

ÍNDICE XERAL

PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN XOÁN DE ANCEIS, MUNICIPIO DE CAMBRE (A CORUÑA)

**DOC 01.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E
OBXECTIVOS, ASÍ COMO DAS SÚAS
DETERMINACIÓNS**

DOC 02.- PLANOS DE INFORMACIÓN

DOC 03.- PLANOS DE ORDENACIÓN

DOC 04.- NORMAS URBANÍSTICAS

DOC 05.- CATÁLOGO

**DOC 06.- ESTUDO ECONÓMICO E MEMORIA DE VIABILIDADE
ECONÓMICA**

**DOC 07.- DOCUMENTO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN
AMBIENTAL ESTRATÉXICA**

DOC 06.- ESTUDO ECONÓMICO E MEMORIA DE VIABILIDADE ECONÓMICA

NON PROCEDENCIA NA ELABORACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Dado que a parcela obxecto do PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN XOÁN DE ANCEIS, no municipio de Cambre (A Coruña), é de titularidade privada, pertence ao Arzobispado de Santiago de Compostela e promotor do PEID, non corresponde desenvolver este documento.

Asinan:



Alfonso Botana Castelo
Arquitecto



Beatriz García Becerra
Arquitecta



Paula Fernández Otero
Bióloga



INDICE XERAL

PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN XOÁN DE ANCEIS, MUNICIPIO DE CAMBRE (A CORUÑA)

DOC 01.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E OBXECTIVOS, ASÍ COMO DAS SÚAS DETERMINACIÓNS

PARTE I INFORMATIVA

PARTE II XUSTIFICATIVA

DOC 02.- PLANOS DE INFORMACIÓN

DOC 03.- PLANOS DE ORDENACIÓN

DOC 04.- NORMAS URBANÍSTICAS

DOC 05.- CATÁLOGO

DOC 06.- ESTUDO ECONÓMICO E MEMORIA DE VIABILIDADE ECONÓMICA

DOC 07.- DOCUMENTO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

ÍNDICE

DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉGICO

1 INTRODUCCIÓN	3
2 OBOECTIVOS DO PEID	3
3 DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DO PEID	4
4 ALCANCE, CONTIDO E ALTERNATIVAS PROPOSTAS	5
4.1 ALCANCE E CONTIDO	5
4.2 ANÁLISE DE ALTERNATIVAS.....	6
4.2.1 Alternativa 0	7
4.2.2 Alternativa 1	7
4.2.3 Avaliación comparativa das alternativas	8
5 CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL	9
5.1 LOCALIZACIÓN E DELIMITACIÓN DO ÁMBITO	9
5.2 CARACTERIZACIÓN DO TERRITORIO	10
5.2.1 Características naturais	10
5.2.2 Usos do solo e edificacións	12
5.2.3 Medio socioeconómico.....	13
5.2.4 Patrimonio cultural	15
5.2.5 Estudo da paisaxe.....	16
5.3 INFRAESTRUTURAS EXISTENTES	18
5.4 VULNERABILIDADE DO ÁMBITO ANTE RISCOS.....	19
5.4.1 Risco de incendio.....	19
5.4.2 Contaminación atmosférica	20
5.4.3 Risco sísmico	20
6 EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES	20
7 EFECTOS PREVISIBLES SOBRE OS PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS CONCORRENTES	22
7.1 DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO	22
7.2 DIRECTRICES DE PAISAXE.....	23
7.3 PLAN BÁSICO AUTONÓMICO.....	24
7.4 PLANEAMENTO MUNICIPAL VIXENTE	24
8 MOTIVACIÓN DA APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA SIMPLIFICADA	26
9 RESUMO DOS MOTIVOS DA SELECCIÓN DAS ALTERNATIVAS CONTEMPLADAS	27
10 MEDIDAS PREVISTAS PARA PREVER, REDUCIR E CORRIXIR EFECTOS NEGATIVOS RELEVANTES	28
11 MEDIDAS PREVISTAS PARA O SEGUIMENTO AMBIENTAL DO PLAN	29

DOC 07.- DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉGICO

1 INTRODUCCIÓN

O presente documento constitúe o DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉGICO do PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN XOÁN DE ANCEIS (en adiante PEID), no municipio de Cambre (A Coruña).

O PEID desenvólvese para obter solo clasificado para equipamento que permita proceder á ampliación e urbanización do cemiterio parroquial de San Xoán de Anceis, no municipio de Cambre. A tal fin o PEID define os espazos e usos concretos a implantar na parcela e establece as medidas necesarias para a súa adecuada integración no territorio e a súa correcta conexión co sistema viario xeral.

2 OBXECTIVOS DO PEID

O plan especial de infraestruturas e dotacións ten como obxectivo obter solo clasificado para equipamento que permita proceder á ampliación do cemiterio parroquial de San Xoán de Anceis, no municipio de Cambre, definir as condicións de implantación da ampliación, do seu acceso e das medidas complementarias necesarias para a súa integración cos elementos que bordean o ámbito. O plan vai definir tamén as actuacións necesarias para a axeitada conexión co sistema viario e coas infraestruturas de servizos, exteriores ao ámbito.

Os criterios xerais de ordenación son:

- Minimizar a superficie alterada e optimizar os movementos de terra, realizando unha ordenación acorde ao medio, procurando a máxima integración topográfica minimizando o impacto paisaxístico da dotación.
- Establecer un deseño coherente coa contorna empregando materiais, cores e formas construtivas similares, creando nexos de unión coa zona e contribuíndo a xeración de espazos exteriores de calidade e seguros para o colectivo que empregará ás instalacións.

A continuación, enuméranse as variables ambientais sobre as que as determinacións do PEID proposto teñen algún efecto e os obxectivos propostos para acadar unha planificación sustentable.

VARIABLES AMBIENTAIS	OBXECTIVOS
Paisaxe	Favorecer a integración paisaxística da ampliación do cemiterio na contorna
Patrimonio natural e cultural	Preservar a integridade funcional dos sistemas naturais e os elementos do patrimonio cultural.
Sociedade	Contribuír a unha contorna saudable e mellorar a calidade de vida
Economía	Potenciar os recursos locais. Contribuír á dinamización laboral
Energía	Minimizar o consumo enerxético da dotación.

VARIABLES AMBIENTAIS	OBXECTIVOS
Atmosfera	Minimizar as emisións atmosféricas debidas a urbanización do ámbito da ampliación.
Ciclo hídrico	Minimizar o consumo de recursos e facilitar o ciclo natural da auga
Ciclo de materiais	Xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos.
Solo	Pular por un desenvolvemento ordenado e eficiente propoñendo unha ocupación racional do solo. Integrar a dotación no contorno: minimizar o consumo do solo e a fragmentación do territorio.

3 DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DO PEID

A tramitación do PEID rexerase polo disposto no artigo 75 da Lei 2/2016.

"1. A tramitación dos plans parciais e plans especiais axustarase ao seguinte procedemento:

a) O órgano municipal competente procederá á súa aprobación inicial e someterao a información pública como mínimo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

b) Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable.

c) Cando, con posterioridade ao trámite de información pública, se pretendan introducir modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, abrirase un novo trámite de información pública.

d) Os servizos xurídicos e técnicos municipais deberán emitir informe respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade do plan coa lexislación vixente.

e) A aprobación de plans especiais non previstos no plan xeral e de plans especiais de protección que conteñan a ordenación detallada do solo urbano consolidado requirirá, en todo caso, a previa emisión do informe preceptivo e vinculante no que se refira ao control da legalidade e á tutela dos intereses supra-municipais, así como ao cumprimento das determinacións establecidas nas Directrices de ordenación do territorio e dos plans territoriais e sectoriais. Para estes efectos, cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o órgano municipal competente aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que sexan pertinentes e someterallo, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano competente en materia de urbanismo para o seu informe preceptivo, que deberá ser emitido no prazo de dous meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellaría. Transcorrido este prazo sen que se comunicase o informe solicitado, poderá continuarse a tramitación do plan.

O órgano competente en materia de urbanismo, no prazo dun mes, examinará a integridade do proxecto de plan. De se apreciar algunha deficiencia, requirirá a súa emenda. Ata o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a emisión do informe.

f) Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o concello procederá á súa aprobación definitiva.

2. No suposto dos plans parciais e plans especiais que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, en virtude do disposto no artigo 46.1, seguirase o procedemento establecido no artigo 60, puntos 2, 3,4, 5, 8, 9, 10, 11 e 12.

3. No suposto dos plans parciais e plans especiais que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica simplificada, en virtude do disposto no artigo 46.2, con carácter previo á aprobación inicial do documento, realizaranse os seguintes trámites:

g) O promotor remitirá ao órgano ambiental a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, á que achegará o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico, co contido establecido na lexislación vixente.

h) O órgano ambiental, no prazo de dous meses, contados desde a recepción da documentación completa, formulará o informe ambiental estratéxico, tras identificar e consultar as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas por un prazo de dous meses.

i) No caso de plans especiais non previstos no plan xeral e de plans especiais de protección que conteñan a ordenación detallada do solo urbano consolidado, entre os órganos que haberá que consultar estará o competente en materia de urbanismo.

j) O órgano ambiental, tendo en conta o resultado das consultas, determinará no informe ambiental estratéxico se o plan ten ou non efectos significativos no medio. No caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza.

k) O informe ambiental estratéxico remitirase no prazo de quince días hábiles para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica do órgano ambiental.

4. A aprobación definitiva dos plans parciais e dos plans especiais corresponderalle ao órgano municipal competente."

Unha vez aprobado definitivamente o plan especial, e licitadas o proxecto e as obras de execución, tanto da edificación como da urbanización poderá ampliarse o cemiterio.

A urbanización do ámbito desenvolverase nunha única etapa.

4 ALCANCE, CONTIDO E ALTERNATIVAS PROPOSTAS

4.1 ALCANCE E CONTIDO

O alcance físico do PEID circunscríbese ao ámbito delimitado nos planos e forma parte da mesma parcela que o cemiterio existente, propiedade do Arzobispado (referencia catastral 2319101NH5921N), sobre a que se ampliará a superficie do actual cemiterio nunha extensión bruta de 2186,06 m².

A ampliación atópase nos terreos colindantes polo sur co cemiterio parroquial existente limitado pola presenza de vivendas e polo sistema viario. Esta natureza do ámbito promove e garante un desenvolvemento adecuado ás necesidades que require a actuación.

Sobre o usos previstos, o PEID clasifica Dotación privada de Equipamento na zona da futura ampliación do actual cemiterio.

O uso sanitario está regulado pola lexislación sectorial en materia de policía sanitaria.

A única construción que se vai executar no PEID, será a ampliación do actual cemiterio parroquial de San Xoán de Anceis. No que respecta ás condicións de edificación da ampliación

do equipamento existente, estarase ao disposto na da Lei do Solo de Galicia para a clase de solo na que se desenvolven as actuacións.

O plan especial establece condicións estéticas e construtivas para os nichos de obra nova que se poidan construír na ampliación.

O volume máximo da edificación é similar ao das edificacións existentes da contorna ao igual que as características tipolóxicas da edificación.


Respecto ao aproveitamento, non se contempla ningún tipo de aproveitamento dos indicados no artigo 42 da Lei do Solo de Galicia, mais ao tratarse dun cemiterio privado, poderá sacarse un rendemento da venda dos novos espazos de enterramento, resultado da ampliación do equipamento.

Ao non haber aproveitamento nin edificabilidade, non se precisa cumprir cunha reserva mínima de prazas de aparcamento.

O PEID define unha única zona de ordenación, tal e como se recolle no plano PORD-01ZON, destinada integramente a área de movemento da edificación (AME).

A zonificación proposta polo PEID non require dunha superficie mínima de parcela, tal e como se indica no artigo 61.2 do RLSG e a superficie máxima ocupada pola edificación poderá extenderse ao 100% do ámbito segundo o disposto no artigo 61.3 do RLSG. polo que as condicións de posición e edificación esixidas defínense no cadro seguinte:

Zonificación	Ocupación máxima	100 % da parcela
	Área de movemento da edificación	2.186,06 m2



Zonificación proposta

4.2 ANÁLISE DE ALTERNATIVAS

Para valorar o grado de cumprimento dos obxectivos propostos estudáronse como alternativas a alternativa 0, como situación de partida respecto ao escenario tendencial en caso de non desenvolverse o PEID e a alternativa 1 que propón unha ordenación do ámbito resultante da aplicación de todos os medios que a lexislación urbanística e sectorial vixente poñen o alcance do planeamento.

4.2.1 Alternativa 0

Denomínase Alternativa 0 á opción de non realizar o plan especial, mantendo a situación actual. O Concello de Cambre non dispón de planeamento xeral, polo que a alternativa 0 provén polo tanto do establecido para o ámbito nas Normas Subsidiarias de Planeamento (NNSS) aprobadas definitivamente o 27 de Xullo de 1994 e publicadas no BOP de A Coruña o 30.08.1994.

As NNSS vixentes de Cambre, non está adaptado á vixente Lei 2/2016, do 10 de febreiro, nin á anterior Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), polo que seguindo o regulado polo punto 2b) da disposición transitoria da LSG aos terreos de estudo, por estar clasificados nas vixentes NNSS como Solo Non Urbanizable Común, se lles debe aplicar o disposto na LSG para o solo rústico.

O núcleo de Seoane conta coa Igrexa parroquial de San Xoán de Anceis e co seu cemiterio, que na actualidade non conta con mais espazo para a construción de mais corpos pétreos.

Na actualidade existe no termo municipal un cemiterio municipal -de titularidade pública situado ao sur da Vila de Cambre. Conta cunha escasa superficie que abrangue un total de 3.378 m², o que supón un estándar de 0,11 m² por habitante. Esta dotación necesita ser completada polos cemiterios de titularidade privada repartidos polas parroquias de maneira que se poda elevar ese estándar.

As peculiares características da organización social e da distribución da nosa poboación, e das tradicións xeradas arredor dos usos e costumes mortuorios incidiron no desenvolvemento dos cemiterios parroquiais, a grande maioría dos cales datan de épocas moi anteriores a calquera normativa reguladora, e por cuxas características non resultan de doada modificación ou adaptación a criterios técnicos, ao situárense en lugares con moitas limitacións espaciais, de conservación patrimonial e de desenvolvemento potencial. O mantemento desta alternativa contribúe á problemática que presentan este tipo de dotacións de necesidade para a poboación.

4.2.2 Alternativa 1

A alternativa 1 contempla o desenvolvemento dun plan especial. A formulación deste Plan especial de infraestruturas e dotacións resulta obrigada en tanto que é de aplicación o artigo 36.4 da Lei do solo de Galicia, o cal esixe da aprobación dun plan especial para a admisión do uso dotacional en terreos que teñen a clasificación de solo rústico.

A súa necesidade xurde do estado de ocupación do cemiterio existente, vencellado á igrexa

parroquial de San Xoán de Anceis que fai necesaria unha ampliación que albergue as condicións adecuadas de control sanitario de vertidos, ventilación, e adaptación ás condicións legais establecidas para nichos na lexislación de aplicación.

O cemiterio de San Xoán de Anceis permite a súa ampliación cara o sur sen afectar a elementos de interese patrimonial ou natural nin a poboación próxima resultando polo tanto unha actuación de interese xeral para o Concello de Cambre, baseada na ampliación e desenvolvemento dun equipamento dotacional de necesidade. Polo tanto, descártase outra alternativa de localización e garántese a compactación e minimización sobre a ocupación do solo e todos os efectos negativos que implica noutras variable como, por exemplo, a paisaxe.

4.2.3 Avaliación comparativa das alternativas

A continuación procedeuse á comparación de alternativas. Analízase a valoración do grao de eficacia na integración e desenvolvemento dos obxectivos relacionados por cada variable, para cada unha das alternativas propostas.

A metodoloxía proposta baséase na consecución dun único valor resultado para cada unha delas, a través dunha valoración semicualitativa do grado de Integración dos criterios de sustentabilidade para cada unha das variables establecidas no documento de referencia.

O valor global para a elección da alternativa ven dado pola seguinte expresión:

Moi baixo	Baixo	Medio	Alto	Moi alto
1	2	3	4	5

VARIABLES AMBIENTAIS	OBXECTIVOS	A0	A1
Paisaxe	Favorecer a integración paisaxística da ampliación do cemiterio na contorna	3	5
Patrimonio natural e cultural	Preservar a integridade funcional dos sistemas naturais e os elementos do patrimonio cultural.	3	5
Sociedade	Contribuír a unha contorna saudable e mellorar a calidade de vida	3	5
Economía	Potenciar os recursos locais. Contribuír á dinamización laboral	2	5
Enerxía	Minimizar o consumo enerxético da dotación.	5	5
Atmosfera	Minimizar as emisións atmosféricas debidas a urbanización do ámbito da ampliación.	5	5
Ciclo hídrico	Minimizar o consumo de recursos e facilitar o ciclo natural da auga	3	5
Ciclo de materiais	Xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos.	5	5
Solo	Pular por un desenvolvemento ordenado e eficiente propoñendo unha ocupación racional do solo. Integrar a dotación no contorno: minimizar o consumo do solo e a fragmentación do territorio.	2	5
TOTAL		31	45

A valoración comparativa entre o mantemento da situación actual (alternativa 0) e a alternativa de ordenación resultante da aplicación de todos os medios que a lexislación urbanística e sectorial vixente poñen o alcance do planeamento (alternativa un) conclúe segundo o método empregado que a alternativa de ordenación que máis puntuación obtén é a un sendo polo tanto a máis coherente desde un punto de vista da sustentabilidade e polo tanto a proposta polo PEID.

5 CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL


5.1 LOCALIZACIÓN E DELIMITACIÓN DO ÁMBITO

O ámbito obxecto do PEID atópase no municipio de Cambre (A Coruña). O territorio municipal encádrase na Área Urbana de A Coruña (definida nas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, DOT), inserida na Rexión Urbana Ártabra.

O ámbito do Plan Especial correspóndese con parte dunha única parcela de titularidade do Arzobispado de Santiago de Compostela, con referencia catastral 2319101NH5921N, emprazada en Seoane de Abaixo, na parroquia de San Xoán de Anceis. Esta parroquia está situada no suroeste do municipio limita ao norte coa parroquia de Sigrás, ao leste coas de Andeiro e Meixigo, ao sur co termo municipal de Carral e ao oeste co de Culleredo. Ten unha superficie de 527,9 ha, e unha densidade de poboación de 243 hab/km².

A ampliación proposta abrangue unha superficie de 2.186,06 m² desa parcela na zona que forma o agregado urbano Sigrás-Anceis, cara o sur e leste da Igrexa parroquial de San Xoán de Anceis e do cemiterio existente.

O ámbito delimita polo norte co núcleo de Seoane e polo resto de puntos con solos rústicos propios dun mosaico agrícola e rurourbano.



Localización do ámbito do PEID

5.2 CARACTERIZACIÓN DO TERRITORIO

5.2.1 Características naturais

a) CLIMA

O municipio de Cambre presenta un clima oceánico, tépedo e húmido, cunha escasa variación das temperaturas ao longo do ano e unha reducida pluviosidade anual no contexto oceánico. Trazos que permiten falar da existencia dun microclima que se debe á influencia do relevo, a posición en relación aos ventos dominantes e a dirección das fronteiras nubradas. O resultado son uns invernos non excesivamente húmidos, en relación ao resto de Galicia, de temperaturas suaves e abundancia de días nubrados, a consecuencia da sombra pluviométrica en que queda este sector coruñés en relación aos ventos de S.W. e N.W.; mentres que os veráns son pouco calorosos e curtos, debido á humidade e ao impacto dos ventos que se producen ao dominar no verán as situacións de N.E.

En balance, un clima suave cun panorama xeral de invernos benignos e veráns frescos, aínda que matizado localmente

b) XEOMORFOLOXÍA

O relevo do territorio é froito do modelado fluvial. Concretamente, é a rede hidrográfica do río Mero a que atravesa o seu val dende o encoro de Cecebre ata a ría do Burgo.

O contorno presenta unha topografía suave, caracterizada pola secuencia de pequenas elevacións so interrompidas pola presenza de grandes vales (como o do río Mero) e con altitudes na súa maior parte por debaixo dos 200 m de altitude e con pendentes en xeral, inferiores ao 10%.

O ámbito do PEID presenta unha lixeira pendente cara o surlleste con valores inferiores ao 10%. As altitudes van desde o 72 aos 50 m sobre o nivel do mar.

c) XEOLOXÍA

As características litolóxicas do termo municipal de Cambre corresponden ás do Dominio da "Serie de Ordes" Precámbrico – Cámbrico, con inclusión de áreas pertencentes ao Cuaternario Holoceno, nas áreas aluviais do contorno do sistema fluvial do Río Mero.

No ámbito delimitado os materiais aflorantes predominantes son os xistos de Ordes da Unidade de Betanzos cun grao de metamorfismo baixo.

É unha das rochas máis características e abundantes da Galicia Central e Occidental. Son metasedimentos monótonos que proceden de rochas pelíticas e grauváquicas. Son xistos, lousas, filitas, metagrauvas, conglomerados, metapelitas carbonosas e cuarcitas

d) HIDROLOXÍA

O ámbito pertence á Demarcación hidrográfica Galicia Costa, en concreto ao sistema de explotación do Río Mero, Arteixo e Ría da Coruña.

O ámbito non afecta a ningún curso de auga nin se atopan próximos ao ámbito do PEID. Tampouco existen captacións para abastecemento humano, outras zonas protexidas, identificadas polo Plan Hidrolóxico vixente (PHGC), próximas, nin zonas incluídas nos recentes

estudos de inundabilidade realizados polo organismo de conca Augas de Galicia.

O PHGC identifica a masa de auga subterránea denominada Coruña-Betanzos-Ares Ferrol (014.011), que presenta risco en estudo por contaminación difusa.

En canto á contaminación das augas subterráneas, o Mapa de Vulnerabilidade do Medio Físico á Contaminación dos Mantos Acuíferos (Xunta de Galicia, 1996) encadra aos depósitos sedimentarios cuaternarios nas zonas moi vulnerables fronte á contaminación urbana e industrial nas que, polo tanto, é preciso extremar as medidas preventivas e impoñer medidas de control. Porén, nos terreos precámbricos e paleozoicos, a contaminación afectará, case que en exclusiva, ás augas superficiais, debido á súa baixa ou nula permeabilidade.

e) BIODIVERSIDADE

O ámbito atópase dentro do punto de vista bioxeográfico na rexión Eurosiberiana, Provincia Atlántico-Medioeuropea, Subprovincia Atlántica e Sector Galaico-Portugués. A vexetación potencial correspóndese segundo Rivas Martínez (1987) coa serie 8c propia das carballeiras colinas da asociación *Rusco aculeati-Quercetum roboris sigmetum*. Esta serie corresponde no seu óptimo estable a unha carballeira densa de carballos (*Quercus robur*), que pode levar asociados unha certa cantidade de rebolos (*Quercus pyrenaica*), acibros (*Ilex aquifolium*), castiñeiros (*Castanea sativa*), loureiros (*Laurus nobilis*) y alcornoques (*Quercus suber*). A degradación moderada dos bosques desta serie permite a extensión das xesteiras oceánicas colinas e mesomediterráneas cuxa estrutura se corresponde cun piorno de gran talla rico en fentos, silvas e toxos.

As ripisilvas características do territorio son as pertencentes á asociación *Senecio bayonensis-Alnetum glutinosae*, ameneiral ribeirogo claramente termófilo e de influencia mediterránea.

O inventario nacional de habitats non identifica habitats de interese para a súa conservación nin no ámbito nin na súa contorna.

O ámbito do PEID atópase nun espazo rurourbano con relativa densidade de poboación, infraestruturas e dotacións, polo que a flora e a fauna están compostas por especies xeneralistas e adaptadas a medios agrícolas e urbanos.

Neste contexto, e malia que no termo municipal están potencialmente presentes especies de flora e fauna de especial interese para a conservación, que inclúe diversas especies ameazadas, no ámbito non se ten rexistrada a súa presenza.

No que respecta á conservación das especies ameazadas en Galicia, cómpre destacar que o territorio litoral acolle zonas de presenza da especie de ave ameazada Escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. lusitanica Steinbacher), que conta cun plan de recuperación e de conservación. O "Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitanica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. lusitanica Steinbacher) en Galicia", establece unha zonificación segundo a área de distribución potencial, a área de presenza e a área de conservación prioritaria da escribenta das canaveiras. A delimitación da Área de Distribución Potencial abrangue todo o territorio de Cambre, e inclúe aqueles humidaís costeiros que poderían ser utilizados pola subespecie lusitanica, así como as áreas de descanso durante os movementos dispersivos ou entre as áreas de distribución actual, ou ben en épocas diferentes ás de cría e en especial durante o inverno. A delimitación inclúe todos os humidaís de Galicia de

vexetación palustre de grande tamaño que se encontran entre a liña de costa e 15 km cara ao interior. Neste sentido, é preciso manifestar que non se atopan, no contorno do ámbito hábitats axeitados para dita especie ameazada, polo que a súa presenza na área é pouco probable.

Non se identifican árbores ou formacións senlleiras catalogadas no ámbito nin na súa contorna nin se atopan hábitats de interese comunitario para a súa conservación.

f) ÁREAS ESTRATÉXICAS DE CONSERVACIÓN

A ampliación proposta atópase dentro da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo promovida pola Asociación de Desenvolvemento Rural "Mariñas-Betanzos" foi declarada pola UNESCO en maio de 2013. A reserva abrangue o territorio dos concellos coruñeses de Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Sada e Sobrado, e conta cunha superficie total de 116.724,3 ha, das cales 113.969,6 ha (97,64%) corresponden a medio terrestre, e 2.754,7 ha (2,36%) corresponden a medio mariño.

Caracterízase por acoller unha elevada riqueza de especies silvestres, tanto no relativo á flora como á fauna, representativas do medio mariño, costeiro, e continental da Rexión Bioxeográfica Atlántica. Á diversidade de especies debe engadirse unha importante diversidade de hábitats que inclúe 49 tipos de hábitats (68% dos presentes en Galicia), 12 designados como prioritarios (66% dos presentes en Galicia).

No que respecta á zonificación, a Zona Núcleo da reserva comprende aqueles enclaves do territorio que albergan os ecosistemas naturais menos alterados e os espazos de maior valor ecolóxico. A Zona Tampón serve de área de amortiguamento entre as zonas núcleo e transición, e desempeña unha función intrínseca de conservación da diversidade biolóxica e antropolóxica, así como de conectividade que permita o intercambio xenético entre as especies e os seus desprazamentos polo territorio. Pola súa parte, a Zona de Transición abrangue a superficie ocupada polos asentamentos humanos, as terras circundantes, as infraestruturas de maior entidade, e de forma xeral as superficies antropizadas e transformadas por actividades humanas. Esta zona é a que maior capacidade ten para absorber os impactos derivados da actividade económica, e onde residen a maior parte das actividades produtivas desenvolvidas no ámbito da Reserva, sendo esta a que ocupa o ámbito do PEID.

No ámbito do PEID non existen espazos naturais protexidos incluídos na Rede Natura 2000 ou na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos.

5.2.2 Usos do solo e edificacións

En Cambre a ocupación do solo está fortemente condicionada pola súa progresiva introdución na Área Urbana da Coruña, pois as parroquias urbanas emprazadas no fondo da Ría do Burgo (O Temple, Cambre e Sigrás), forman xa parte da súa primeira coroa metropolitana, e as restantes parroquias, que presentan menores densidades de ocupación residencial e entre as que se atopa a de San Xoán de Anceis,, intégranse na segunda coroa. Nun marco territorial singularizado pola urbanización difusa metropolitana, tal e como describen as DOT, o desenvolvemento recente de Cambre caracterizouse pola expansión residencial de moi baixa

densidade global sobre unha matriz de orixe rural e a carón das infraestruturas viarias provocando a extensión lineal dos agregados de núcleos urbanos e rurais.

Segundo o mapa de usos do solo (SIOSE 2014) o ámbito atópase nunha zona de mosaico agrícola e urbano rodeado e prados e cultivos.

O ámbito atópase integrado no núcleo de Seoane entre vivendas unifamiliares illadas e as vías de comunicación que conectan o núcleo con outros asentamentos e infraestruturas.



Vista do cemiterio no núcleo de Seoane

Na parcela desenvólvese o uso propio dun equipamento relixioso ao albergar a Igrexa de San Xoán de Anceis e o cemiterio, que conta con sepulturas, osario, instalacións de abastecemento, saneamento e electricidade e zonas para cinzas de incineración ou columbario.

Existe un peche perimetral de formigón con celosía prefabricada e un peche metálico formado con paneis soldados de aceiro galvanizado en cor verde con postes de aceiro verde colocado sobre unha base de bloque de formigón prefabricado. No límite sur da parcela co solo rústico existe unha plantación de cipreses de alto porte.



Peches no ámbito de cemiterio

5.2.3 Medio socioeconómico

O municipio de Cambre acolle un total de 119 entidades de poboación agrupadas en 12 parroquias: Anceis (á que pertence o ámbito do PEID), Andeiro, Brexo, Bribes, Cambre, Cecebre, Cela, San Lorenzo, O Temple, Pravio, Sigrás e Vigo.


As parroquias situadas ao noroeste do municipio dan cabida aos principais núcleos urbanos:

Santa María do Temple, onde se foi conformando un fragmento urbano de alta densidade e uns 9.000 habitantes, integrando os núcleos de O Temple e O Graxal; Santa María de Cambre onde se sitúan o núcleo histórico de Cambre e o recente asentamento da Barcala. Ao sueste, as parroquias con menor densidade de poboación (Andeiro e Vigo), máis próximas ao seu pasado rural. Entre estes dous territorios aparece unha área central ocupando, a ambos os dous lados do río Mero, as parroquias de: Sigrás, Anceis, Meixigo, Brexo, Cela, Pravio, Cecebre e Bribes; onde se mesturan núcleos preexistentes e crecementsos recentes. Trátase de parroquias con densidades de poboación superiores aos 200 hab/km² (os casos de Sigrás e Cela superan os 500 hab/km²), propias dun ámbito metropolitano.

Trátase dun municipio de pequeno tamaño, moi por debaixo da media no contexto provincial (124,2 km²) e autonómico (93,9 km²), cunha densidade de poboación de 593,14 hab./km², moi superior á media autonómica (94,1 hab./km²) e á provincial (143,8 hab./km²).


Segundo datos do IGE a poboación de Cambre no ano 2022 é de 24.505 habitantes. O municipio rexistra un incremento poboacional moi importante nos últimos anos. A puxanza demográfica de Cambre é unha consecuencia directa do proceso de metropolitanización que emana da cidade herculina. Nese contexto, o diferencial de prezos con Coruña exerceu como un potente catalizador do proceso de deslocalización demográfica.

O municipio pasa dos 10.685 habitantes no ano 1986, a 24.505 habitantes en 2022; un incremento de 13.820 habitantes en 36 anos que supón en termos relativos un crecemento dun 56%.



Evolución demográfica no municipio de Cambre


A parroquia de Anceis, onde se sitúa o ámbito do PEID, concentra 1.290 habitantes no ano 2022, o que supón o 5,26% da poboación municipal. Dende o ano 2000 a poboación parroquial incrementouse en 38 habitantes, se ben dende o ano 2020 experimenta un progresivo decrecemento.



Evolución demográfica na parroquia de San Xoán de Anceis

O saldo vexetativo no municipio é negativo (-74) dado que se produce un maior número de defuncións (222) que de nacementos (148).

Como se pode observar no gráfico, esta tendencia vense producindo e incrementando nos últimos cinco anos.




Evolución do crecemento vexetativo no municipio

O 67% da poboación ten unha idade comprendida entre os 16 e os 64 anos e mais do 19% é maior de 65 anos, resultando a idade media de 45,35 anos.

O grupo de idade con maior número de efectivos abrangue desde os 40 aos 64 anos.

- A poboación menor de 18 anos en Cambre é de 3.799, o 15,5%.
- A poboación entre 18 y 65 anos en Cambre é de 16.358 o 66,8%.
- A poboación maior de 65 anos en Cambre é de 4.348 o 17,7%.



Poboación segundo grupos quinquenais de idade

Respecto as actividades económicas, o peso do sector servizos no municipio foise incrementando ano tras ano, pasando de representar no ano 1999 un 47,1% dos afiliados ó 79% no ano 2022. Isto non significa que o resto de sectores non gañen número de afiliados, senón que crecen a un ritmo menor que o sector servizos.

O sector industrial ocupa ao 12% da poboación activa e o sector da construción a un 8%.

5.2.4 Patrimonio cultural

Non se identifican elementos do patrimonio cultural de Galicia no ámbito pero si se inclúe no contorno de protección establecido para a Igrexa de San Xoán de Anceis.



Elementos do patrimonio cultural na contorna do PEID

5.2.5 Estudo da paisaxe

Segundo as Directrices de paisaxe de Galicia, aprobadas mediante Decreto 238/2020, do 29 de decembro, os instrumentos de ordenación do territorio deberán estudar a paisaxe do seu ámbito territorial, en canto aos aspectos sinalados na determinación DX.01 que procedan en cada caso, en atención á natureza e ámbito territorial do instrumento en cuestión. O presente PEID incorpora un Estudo da paisaxe do ámbito no seu Anexo 03.1.

Segundo a Estratexia Galega da Paisaxe desenvolvida a partir da Lei de Protección da Paisaxe de Galicia (Lei 7/2008, do 7 de xullo) o ámbito do PEID pertence á Gran Área Paisaxística do Golfo Ártabro (GAP), dentro da comarca Golfo Ártabro Interior.

A posición costeira determina a caracterización paisaxística da GAP Golfo Ártabro, ben sexa pola propia presenza do litoral ou polas diversas influencias que este exerce nas súas dinámicas (socioeconómicas e climáticas, por exemplo). A súa división en dúas comarcas paisaxísticas ben diferenciadas (litoral e interior) é debida a unha gran diversidade xeográfica, estética e funcional nunha superficie relativamente pequena. Esta ausencia de homoxeneidade tradúcese en áreas e comarcas paisaxísticas de superficie reducida pero dunha gran variedade estética.

Segundo o Catálogo de Paisaxes de Galicia a zona de estudo non pertence a ningunha área de especial interese paisaxístico.

Entre os valores ecolóxicos non destacan elementos bióticos merecedores de protección pola súa singularidade ou naturalidade. Non existen hábitats de interese comunitario para a súa conservación ou áreas estratéxicas de conservación na zona estudo.

Entre os valores culturais, o ámbito do PEID abrangue parte do contorno de protección da Igrexa de San Xoán de Anceis. Non presenta elementos do patrimonio cultural de Galicia.



Igrexa de San Xoán de Anceis

O ámbito e a súa contorna non presenta valores panorámicos entendo como tales os establecidos polo Catálogo de Paisaxes como miradoiros, sendas ou camiños e rutas BTT.

Trátase, en resumo, dun ámbito antropizado, bordeado por vías urbanas que non conta con elementos bióticos singulares e relevantes que requiran medidas de cautela ou protección específicos, máis alá das propios do tratamento e acondicionamento coidadoso do ámbito.

O ámbito obxecto de estudo esta incluído no novo PXOM de Cambre (aprobado inicialmente) como solo urbano destinado ao uso de equipamento privado (PrCE0101).

De acordo co Catálogo das Paisaxes de Galicia as paisaxes de Cambre afectadas intensamente pola rururbanización, o crecemento periurbano e o desenvolvemento de infraestruturas, presentan moi baixa calidade, e grandes impactos territoriais e ambientais derivados da densa rede de infraestruturas e da urbanización difusa.

Na diagnose e ao respecto das causas e dinámicas da paisaxe no Catálogo dise sobre a rururbanización, o crecemento periurbano e o desenvolvemento de infraestruturas, o seguinte: "O considerable transvase de poboación das áreas rurais ás urbanas que experimentou Galicia entre 1960 e 1980 terminou ocasionando este tipo de paisaxe que algúns denominan "maia rururbana" (Oliveira et al., 2009). Esta nova paisaxe urbana caracterízase por edificacións de tipoloxía menos homoxénea, con gran variedade de materiais e cores e, en xeral, unha deficiente ordenación urbana. Dende os anos setenta, en Galicia as construcións de tipo urbano expandíronse fóra dos límites que, de forma pouco precisa, definían entón os núcleos urbanos.

A paisaxe destas zonas, rururbanas e periurbanas, caracterízase pola presenza dunha densidade media de edificacións de diferentes tipoloxías e usos, que se serven de redes viarias e de servizos moitas veces incompletas. Esas edificacións non ocupan a totalidade do espazo, de tal modo que conviven con áreas rurais, ofrecendo unha gran diversidade de combinacións e texturas da

paisaxe. Os elementos escénicos deste tipo de paisaxe son moi heteroxéneos, en escala, forma e cor, e non existen pautas compositivas, polo que a maior parte destas áreas merecen unha valoración paisaxística moi baixa.

Respecto a visibilidade do ámbito, e como consecuencia da morfoloxía do territorio as cuncas visuais son abertas, con horizontes formados por suaves ondulacións, interrompidos pola urbanización difusa que provocan os numerosos asentamentos de poboación que existen neste ámbito.

O principal factor a ter en conta no que respecta á visibilidade do ámbito, é súa posición dentro do propio núcleo de Seoane, limitado polo norte pola igrexa parroquial e o cemiterio. Esta situación e o feito de que a intervención do PEID non implique a construción de ningunha edificación (agás a futura ampliación do cemiterio), fai que xa nunha primeira aproximación intúase que o impacto visual non vaia ser importante.

Por outra banda, a topografía suave e homoxénea da contorna próxima, sen fortes elevacións, implica que dende distancias intermedias e longas tampouco haxa unha grande visibilidade da proposta do PEID.

5.3 INFRAESTRUTURAS EXISTENTES

Respecto a infraestrutura viaria, a Igrexa de San Xoán de Anceis sitúase nas marxes do viario local que comunica o núcleo de Seoane co resto de asentamentos de Cambre. O acceso ao equipamento relixioso realízase a través de esta vía. O interior do recinto relixioso so é de acceso peonil.

Desde esta vía se accede á estrada da deputación DP-1702 que discorre cara o oeste do cemiterio e enlaza a súa vez coa estrada N-550 e coa autovía do noroeste A-6.

Existe unha praza de aparcadoiro á entrada da igrexa para persoas con mobilidade reducida.

O viario existente serve de conductor para as redes de servizos.

A rede de abastecemento na zona presenta un diámetro de 80mm e procede do depósito regulador de Tabeaio (Carral), con canalización de $\varnothing$ 150 mm a través dun contador de turbina de $\varnothing$ 100 mm. Bastécese do depósito de almacenamento de A Castellana. Dende o depósito a rede segue en canalización de $\varnothing$ 200 mm, cara a Rocha, pola estrada DP-1702.

A rede de saneamento provén do colector do río Valiñas. Recolle as augas residuais de Sigrás, Anceis e zona occidental do municipio. Existe un bombeo cara o norte da ampliación que recolle as augas residuais deste núcleo e impúlsaa directamente ao colector que discorre polas estradas DP-1702, AC-123 e AC-214, ata a súa descarga no bombeo de A Telva.

A rede eléctrica pertence á empresa Naturgy (Gas Natural Fenosa), e desenvólvese a través dunha rede de media tensión (MT) en 20 KW e unha distribución en baixa tensión (en 400-200 V).

Existe iluminación pública nas marxes do viario e no propio recinto da igrexa e do cemiterio que consta de dous puntos propios.

Existe un punto de xestión de residuos á entrada da igrexa con contedores para o depósito recollida de refugallo.

5.4 VULNERABILIDADE DO ÁMBITO ANTE RISCOS

A exposición a riscos naturais e tecnolóxicos é un dos aspectos clave a ter en conta polos seus efectos previstos na ordenación do territorio, tal e como recolle o “Informe de Sustentabilidade Ambiental” das Directrices de ordenación do territorio. Deste modo, na determinación 3.1.14 régúlase o seguinte: “os instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico deberán conter unha análise dos riscos naturais e tecnolóxicos aos que se expón o territorio do seu ámbito de influencia, debendo estes terreos expostos quedar excluídos do proceso urbanizador e, en todo caso, dos usos polos que poden verse afectadas as persoas e bens materiais ou que deixen de ser funcionais no caso de materialización do risco”.

O PLATERGA (Plan Territorial de Emerxencias de Galicia) clasifica o concello do Cambre como de risco potencial de emerxencia baixo a partir da análise do risco estatístico (alto), da vulnerabilidade (moi alta) e do risco por emerxencias especiais (baixo). O risco derivado das emerxencias especiais inclúe: a avaliación do risco químico, que se considera que non existe o o risco por mercadorías perigosas, que é moderado neste caso; o risco de sismos, baixo o risco de incendios forestais, avaliado como baixo; o alto risco de inundacións na contorna do río Mero ; o risco de nevaradas, considerado baixo; o risco de temporais, avaliado como alto; e o risco de salvamento en praias, que non existe no municipio.

RISCO ESTATÍSTICO			VULNERABILIDADE	
Frecuencia	Casualidade	Risco Estatístico	Poboación (hab)	Vulnerabilidade poboacional
Alto	Moi alto	Moi alto	21.523	Moi alto

RISCO POTENCIAL DE EMERXENCIA				
Risco Químico	Mercadorías perigosas	Sismos	Incendio Forestal	Inundacións
Sen risco	Moderado	Baixo	Baixo	Alto
Nevaradas	Temporais	Sapraga	Riego Especial	
Baixo	Alto	Sen risco	Baixo	

A continuación, para minimizar os posibles riscos naturais e tecnolóxicos no ámbito do plan, que poidan causar danos ás persoas, ós seus bens, e/ou ó medio ambiente, desenvólvense en detalle os principais riscos.

5.4.1 Risco de incendio

En relación ao planeamento e ordenación dos recursos forestais o ámbito do PEID pertence á Demarcación de Betanzos e ao Distrito forestal II Bergantiños - Mariñas Coruñesas. O “Plan de Defensa contra Incendios Forestais do Distrito II Bergantiños – Mariñas Coruñesas”, regulado polos artigos 14 e 15 da Lei 3/2007, foi aprobado na Orde de 13 de marzo de 2009 sobre aprobación dos plans de defensa contra incendios forestais de distrito.

Con base en criterios da información histórica sobre a ocorrencia de incendios forestais, vulnerabilidade poboacional, ameazas aos ecosistemas forestais e a protección do solo fronte á erosión, clasifícase o territorio segundo o risco espacial de incendio forestal en Galicia en zonas de baixo risco, medio risco e alto risco de incendio forestal. A Orde do 18 de abril do 2007 define as zonas de alto risco (ZAR) de incendio como as superficies onde se recoñece como prioritaria a aplicación de medidas máis rigorosas de defensa contra os incendios forestais ante o elevado risco de incendio, pola especial frecuencia ou virulencia dos incendios forestais ou a importancia dos valores ameazados. A incidencia dos lumes forestais acontecidos en Cambre dende os últimos 10 anos favoreceu que o municipio non se clasifique como zona de risco de alto risco de incendio.

Segundo o PLADIGA 2023 a de San Xoán de Anceis non se identifica como parroquia con alto risco de incendio.

O punto de vixilancia máis cercano é o do Monte Xalo.

5.4.2 Contaminación atmosférica

Segundo se establece no Plan Básico Autonómico non se identifican no ámbito ou próximos establecementos susceptibles de provocar accidentes graves debido a intervención de substancias perigosas (Real Decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas).

5.4.3 Risco sísmico

Considerase como zona xeográfica con risco de sufrir terremotos de intensidade igual ou superior a VI, a aqueles Concellos incluídos no Anexo do Real Decreto 997/2002, de 27 de setembro, polo que se aproba a Norma de Construción Sismoresistente, Parte Xeral e de Edificación (NCSE-02), publicada no BOE nº 244 de 11 de outubro de 2002, que relaciona os Concellos cunha aceleración sísmica básica igual ou maior de 0.4 g entre os que non se atopa o municipio de Cambre.

O Plan Especial fronte ao Risco Sísmico de Galicia (SISMIGAL) establece a clasificación sísmica das parroquias de Galicia e encadra ás parroquias do termo dentro da área con perigosidade sísmica V-VI. A vulnerabilidade da edificación do municipio é clasificada como baixa.

6 EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES

A continuación descríbense os efectos previstos sobre as variables ambientais afectadas polo desenvolvemento do PEID. Neste aspecto debe terse en conta o carácter estratéxico deste tipo de avaliacións fronte ao carácter máis específico da avaliación ambiental de proxectos.

Os efectos negativos máis importantes prodúcense sobre as variables solo e paisaxe. Con todo, cabe dicir que debido á localización e a superficie ocupada pola dotación proposta non cabe esperar efectos negativos significativos.

a) OCUPACIÓN DO TERRITORIO

Co PEID promóvese un uso eficiente e sostible do solo pulando por unha optimización dos recursos existentes ao proporse unha zona colindante co cemiterio existente. Iso favorece unha ocupación racional do solo e polo tanto unha menor degradación deste recurso así como a dispoñibilidade dos servizos, infraestruturas e outros elementos existentes no contorno do ámbito.

O PEID proposto mantén a clasificación do solo establecida polo instrumento de planeamento vixente no concello.

O PEID considera os riscos naturais e tecnolóxicos existentes para escoller a alternativa finalmente seleccionada. Non existen riscos naturais ou tecnolóxicos potenciais na contorna do ámbito que impidan o desenvolvemento da actuación prevista polo PEID.

b) PAISAXE, PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL

- **INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA:** O ámbito non se atopa en situación de fragilidade nin de alta exposición visual, senón que se localiza dentro dun núcleo rural. A alternativa escollida permite integrar de xeito harmónico o uso dotacional na paisaxe ao integrarse no núcleo de Seoane a carón do cemiterio existente e prever unha franxa verde de amortecemento co solo rústico. Ademais, o PEID establece pautas que orienten a elección de materiais de acabado, encamiñados a unha mellor integración da ampliación.
- **CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL.** A proposta non afecta a áreas estratéxicas de conservación polo que non se ven afectados directa nin indirectamente, non provocando efectos negativos significativos. Non se agardan efectos de ningún tipo sobre o patrimonio cultural de Galicia.
- **FRAGMENTACIÓN DO TERRITORIO.** O PEID consolida unha área na que xa se desenvolve o mesmo uso e supón a alternativa máis racional para a optimización de recursos e polo tanto tamén para evitar contribuír á fragmentación do territorio.

c) SOCIEDADE E ECONOMÍA

Co obxectivo de avanzar de cara a unha mellor cohesión social, son de aplicación o artigo 31.3 "Políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda" da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para la Igualdad efectiva de mujeres y hombres, así como o artigo 20.1 c) do "real Decreto Legislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto Refundido de la Ley del Suelo y Rehabilitación Urbana.

O recoñecemento das diferentes realidades sociais debe estar presente no deseño urbano, evitando contribuír á redución da privacidade dos individuos e ao retroceso do espazo público. Neste senso, terase en conta a necesidade de espazos seguros que ademais de selo transmitan sensación de seguridade, potenciando a independencia e a liberdade dos colectivos máis vulnerables.

A secuencia integrada neste PEID persegue a creación de espazos flexibles, accesibles e permeables a través das seguintes pautas e decisións de deseño

- A rede de espazo público ten continuidade, evitando a formación de espazos en fondo de saco.
- So existe itinerario peonil accesible
- Proxéctase unha iluminación equilibrada evitando os recunchos escuros.

Respecto a Gobernanza, o procedemento de avaliación ambiental estratéxica ao que somente o presente PEID garante a participación pública na proposta.

d) ATMOSFERA

O desenvolvemento do PEID non suporá efectos signifvcativos sobre esta variable.

e) CICLO HÍDRICO

O desenvolvemento da ampliación proposta polo PEID non prevé efectos significativos sobre esta variable respecto a situación de partida.

O PEID conta entre os seus obxectivos optimizar o consumo de recursos hídricos no rego de zonas verdes.

f) ENERXÍA

As instalacións terán en conta as medidas necesarias para minimizar o consumo enerxético.

g) XESTIÓN DE RESIDUOS

Os residuos orixinados pola actividade prevista xestionaranse eficientemente asegurando o menor consumo de recursos e a menor xeración de residuos posible, e garante a implantación e capacidade do sistema de recollida selectiva para favorecer a reutilización e reciclaxe dos materiais.

h) CAMBIO CLIMÁTICO

O desenvolvemento do PEID non suporá efectos signifvcativos sobre esta variable.

i) MOBILIDADE

A ampliación non require da construción de novas infraestruturas. O ámbito consta dun itinerario peonil e accesible e de plaza de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

7 EFECTOS PREVISIBLES SOBRE OS PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS CONCORRENTES.

7.1 DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

As Directrices de Ordenación do Territorio aprobadas mediante Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, inclúen o municipio de Cambre na rexión urbana que formas as cidades de A Coruña-Ferrol, a rexión urbana Ártabra. As DOT identifican os concellos integrantes da rexión urbana como espazos cunha crecente presenza de edificacións dispersas e de urbanizacións residenciais de diverso tamaño, onde se deixa sentir a presión urbana, residencial e turística, de forma que, conforme os usos primarios perden importancia, esta zona asume trazos periurbanos

caracterizados por un poboamento disperso e difuso.

Segundo as DOT o principal obxectivo territorial en relación cos equipamentos é lograr a máxima accesibilidade e cobertura da poboación cos niveis de calidade imprescindibles para que as diferentes dotacións cumpran a súa función de forma efectiva. Este obxectivo implica unha maior eficacia e coherencia entre a oferta de equipamentos e as necesidades de cada ámbito territorial.

En canto ás Determinacións Orientativas destácase a seguinte:

"Det. 2.4.3.- O planeamento urbanístico municipal e os plans e programas das administración considerarán os ámbitos parroquias nos seus diagnósticos para a planificación, e procurarán localizar as súas actuacións de dotación ou desenvolvemento nos núcleos principais das citadas parroquias, aproveitando o seu carácter de centralidade e relación parroquial, para optimizar a rendibilidade social dos recursos."

De conformidade coas DOT, o ámbito da ampliación do cemiterio de San Xoán de Anceis proposto localízase nun lugar apropiado e congruente co carácter do equipamento e co uso existente, con accesos peonil e rodado. O ámbito proposto sitúase nunha contorna urbanizada, integrado no núcleo de Seoane e non afecta a elementos do patrimonio natural con valores para a súa conservación nin altera os valores culturais da igrexa de San Xoán de Anceis.

Segundo a determinación 8.2 das DOT, como forma de garantir a coherencia da planificación e de evitar o risco da incorporación de actuacións con criterios alleos e inconsistentes coas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, o PEID realiza unha ANÁLISE DA COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA (ACE) da alternativa proposta, co obxectivo de avaliar o grao de compatibilidade entre o planeamento e as aliñacións ou concordancias estratéxicas, obxectivos e criterios das DOT.

7.2 DIRECTRICES DE PAISAXE

Segundo as Directrices de paisaxe de Galicia, aprobadas mediante Decreto 238/2020, do 29 de decembro, os instrumentos de ordenación do territorio deberán estudar a paisaxe do seu ámbito territorial, en canto aos aspectos sinalados na determinación DX.01 que procedan en cada caso, en atención á natureza e ámbito territorial do instrumento en cuestión.

De acordo co artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, o PEID realiza un estudo da paisaxe, proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03), e co contido que regula o artigo citado.

As determinacións do PEID acóllense aos obxectivos de calidade paisaxística xeral: OX.1, OX.2, OX.3, OX.4, OX.5 e OX.8.

De acordo co artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, o PEID realiza un estudo da paisaxe, proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03), e co contido que regula o artigo citado.

7.3 PLAN BÁSICO AUTONÓMICO

O Plan Básico Autonómico (PBA) é un instrumento de planeamento urbanístico que ten por obxecto delimitar, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, as afeccións derivadas da lexislación sectorial e identificar os asentamentos de poboación existentes; así mesmo, establece unha regulación de carácter xeral dos diferentes usos do solo e da edificación.

As determinacións contidas no Plan básico autonómico son as seguintes:

- Relación cos instrumentos de ordenación do territorio.
- Determinación das afeccións derivadas das lexislacións sectoriais sobre o territorio.
- Identificación dos asentamentos de poboación existentes.
- Regulación dos usos do solo e da edificación.

O decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (PBA) establece que dito documento será de aplicación para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do planeamento municipal vixente, sen que en ningún caso se poida modificar a clasificación do solo nin alterar as determinacións do planeamento que complementa.

Neste sentido, no ámbito de estudo o PBA identifica unha serie de afeccións, contempladas no plano de información 03_1.

7.4 PLANEAMENTO MUNICIPAL VIXENTE

O instrumento de ordenación urbanística vixente no municipio son as Normas Subsidiarias de Planeamento (NNSS) aprobadas definitivamente o 27 de Xullo de 1994 e publicadas no BOP de A Coruña o 30.08.1994.

As NNSS vixentes de Cambre, non está adaptado á vixente Lei 2/2016, do 10 de febreiro, nin á anterior Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), polo que debemos seguir o regulado polo punto 2b) da disposición transitoria da LSG que indica:


“b) Ao solo urbanizable delimitado, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo urbanizable.

Ao solo urbanizable non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.”

Malia o anterior, ao solo urbanizable delimitado, non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico con planeamento de desenvolvemento aprobado inicialmente antes da entrada en vigor desta lei, aplicaráselle o réxime do solo urbanizable previsto nela.

Así mesmo, ao solo urbanizable delimitado, non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico con planeamento de desenvolvemento aprobado definitivamente antes da entrada en vigor desta lei, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.”


Polo que aos terreos que nos ocupa, por estar clasificados nas vixentes NNSS como Solo Non Urbanizable Común, se lles debe aplicar o disposto na LSG para o solo rústico.



O concello de Cambre promoveu no ano 2019 a elaboración dun Plan Xeral de Ordenación Municipal que iniciou a súa tramitación o 03 de setembro de 2019. Dito planeamento foi aprobado inicialmente en sesión extraordinaria de data 1 de decembro de 2022 e publicada no DOG nº13 do xoves 19 de xaneiro de 2023.

Durante o prazo de dous anos a partir de entón suspendeuse o procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición, así como de títulos habilitantes para a implantación de usos ou actividades en todo o termo municipal de Cambre, excepto naqueles ámbitos onde simultaneamente se cumpran as condicións das vixentes normas subsidiarias do plan e as do Plan xeral de ordenación municipal aprobado inicialmente, prazo que será contado a partir da data de aprobación inicial deste instrumento de plan urbanístico e que se extinguirá en todo caso coa aprobación definitiva do mesmo.

Compre destacar que o PXOM aprobado inicialmente recolle o ámbito do presente PEID como equipamento relixioso privado (PrCE.0101) situado no solo urbano que forman os asentamentos agregados de A Cabana-Castrobó-A Rocha e Seoane.



Ámbito do PEID no PXOM

8 MOTIVACIÓN DA APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

A Avaliación Ambiental Estratéxica é unha ferramenta de xestión que permite a integración de criterios de sostibilidade nos procesos de elaboración de políticas, plans e programas co obxectivo de garantir un desenvolvemento que permita afrontar os grandes retos da sustentabilidade como o uso racional dos recursos naturais, a prevención e redución da contaminación, a innovación tecnolóxica e a cohesión social, á vez que fomenta a transparencia e a participación cidadá.

Trátase dun instrumento plenamente consolidado que acompaña ao desenvolvemento e cuxo procedemento atopase regulado pola Lei 21/2013 de 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Lei 9/2018, de 5 de decembro, polo Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e polo Real Decreto-lei 23/2020, de 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e en outros ámbitos para a reactivación económica.

A Lei 21/2013, de 9 de decembro, distingue dous tipos de avaliación ambiental estratéxica:

- ORDINARIA. Cando con carácter xeral se presume que un plan terá efectos significativos sobre o medio e, polo tanto, debe ser avaliado antes da súa aprobación, adopción ou autorización.
- SIMPLIFICADA. Cando é necesario que o órgano ambiental determine se un plan ten efectos significativos sobre o medio, segundo os criterios establecidos no anexo V da citada Lei. Se conclúe que o plan ten efectos significativos sobre o medio deberá tramitarse o procedemento ordinario.

O artigo 6 da Lei 21/2013, ao igual que o artigo 46 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia (LSG), define o ámbito de aplicación da avaliación ambiental estratéxica determinando no seu punto 2 que serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada:

"b) Os plans e programas mencionados no apartado anterior que establezan o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión."

Atendendo ao establecido nos artigos citados, considérase o PEID PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN XOÁN DE ANCEIS, no municipio de Cambre, promovido polo Arzobispado de Santiago de Compostela, axústase aos supostos previstos para avaliación ambiental simplificada por canto trátase dun planeamento que establece o uso dun ámbito de reducida extensión recollido no PXOM vixente.

De conformidade co exposto elaborase o presente DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO que permite iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada descrito nos artigos 29 a 32 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O presente documento elaborase conforme o establecido no Art.29, punto 1 da Lei 21/2013, de avaliación ambiental.

9 RESUMO DOS MOTIVOS DA SELECCIÓN DAS ALTERNATIVAS CONTEMPLADAS

Para valorar o grado de cumprimento dos obxectivos propostos estudáronse como alternativas a alternativa 0, como situación de partida respecto ao escenario tendencial en caso de non desenvolverse o PEID e a alternativa 1 que propón unha ordenación do ámbito resultante da aplicación de todos os medios que a lexislación urbanística e sectorial vixente poñen o alcance do planeamento.

A alternativa 0 propón o mantemento da situación actual, é dicir, non desenvolver o PEID e manter o ámbito nas condicións que establecen as NNSS, como Solo Non Urbanizable Común, ao que se lle debe aplicar o disposto na LSG para o solo rústico.

Na actualidade existe no termo municipal un cemiterio municipal -de titularidade pública situado ao sur da Vila de Cambre. Conta cunha escasa superficie que abrangue un total de 3.378 m², o que supón un estándar de 0,11 m² por habitante. Esta dotación necesita ser completada polos cemiterios de titularidade privada repartidos polas parroquias de maneira que se poda elevar ese estándar. Non ampliar o cemiterio de San Xoán de Anceis contribúe a manter este déficit. Por outra parte, dada as tradicións xeradas arredor dos usos e costumes mortuorios moitas parroquias contan con cemiterio parroquial se ben non todos eles poden ampliar a súa capacidade xa que a maioría datan de épocas moi anteriores a calquera

normativa reguladora, e por cuxas características non resultan de doada modificación ou adaptación a criterios técnicos, ao situárense en lugares con moitas limitacións espaciais, de conservación patrimonial e de desenvolvemento potencial. O mantemento desta alternativa contribúe á problemática que presentan este tipo de dotacións de necesidade para a poboación.

O cemiterio de San Xoán de Anceis permite a súa ampliación cara o sur sen afectar a elementos de interese patrimonial ou natural nin a poboación próxima resultando polo tanto unha actuación de interese xeral para o Concello de Cambre, baseada na ampliación e desenvolvemento dun equipamento dotacional de necesidade.

A valoración comparativa entre o mantemento da situación actual (alternativa 0) e a alternativa de ordenación resultante da aplicación de todos os medios que a lexislación urbanística e sectorial vixente poñen o alcance do planeamento (alternativas un) conclúe segundo o método empregado que a alternativa de ordenación que mais puntuación obtén é a un sendo polo tanto a mais coherente coa desde un punto de vista da sustentabilidade e polo tanto a proposta polo PEID.

10 MEDIDAS PREVISTAS PARA PREVER, REDUCIR E CORRIXIR EFECTOS NEGATIVOS RELEVANTES

En coherencia co expresado no apartado 6 non se considera necesario establecer medidas para previr, reducir ou corrixir os posibles efectos negativos do plan, máis alá das propias medidas de carácter urbanístico establecidas polo plan especial para a adecuada inserción da actuación no seu entorno como son:

- A ampliación ten continuidade co existente, evitando a formación de espazos en fondo de saco.
- Dentro do ámbito de ampliación so existe itinerario peonil accesible, sen existir acceso motorizado.
- Proxéctase unha iluminación equilibrada evitando os recunchos escuros.
- Durante o desenvolvemento do plan especial, solicitaranse os correspondentes informes ás empresas subministradoras das redes de abastecemento, saneamento e electricidade, relativos ás suficiencia de ditos servizos.
- En cumprimento do artigo 43.3 da LSG, o PEID, como planeamento que establece a ordenación detallada terá en conta as previsións necesarias para evitar barreiras arquitectónicas e urbanísticas, de maneira que as persoas con mobilidade reducida vexan facilitado ao máximo o acceso directo aos espazos públicos e ás edificacións públicas e privadas, de acordo coa normativa vixente sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.
- Como medidas de integración paisaxística, estarase ao disposto na Guía de Cor e Materiais de Galicia da Grande Área Paisaxística do Golfo Ártabro. Tamén se terá en conta a Guía de Boas Prácticas en Intervencións en Espazos Públicos.
- Se prevé unha franxa verde de amortecemento polo límite sur da ampliación en

contacto co solo rústico. Ademais, o PEID establece pautas que orienten a elección de materiais de acabado, encamiñados a unha mellor integración da ampliación.

- Emprego de materiais filtrantes e mantemento do terreo no seu estado natural na maior parte do ámbito.

11 MEDIDAS PREVISTAS PARA O SEGUIMIENTO AMBIENTAL DO PLAN

Debido a que os impactos máis importantes que se prevén no desenvolvemento e aplicación da modificación senón que procederán da propia urbanización, considerase que debe ser o proxecto de urbanización o que adopte as medidas necesarias para o seguimento e vixilancia ambiental.


Asinan:



Alfonso Botana Castelo
Arquitecto



Beatriz García Becerra
Arquitecta



Paula Fernández Otero
Bióloga



 Delimitación do ámbito




GRÁFICO
DE FOLLAS



15017_PEID_202311_B
Novembro 2023

ETRS89 29N
EPSG: 25829

1:2.500



CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA)

PEID CEMITERIO


Alfonso Botana S.L.

Borrador

VII. AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

VII.01 ALTERNATIVA 0





- Delimitación do ámbito
- Dotación privada de equipamento = Área de movemento da edificación (AME)



15017_PEID_202311_B
Novembro 2023 ETR389 29N
EPSG: 25829

1:2.500



CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA)

PEID CEMITERIO

Alfonso Botana S.L.

Borrador

VII. AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA

VII.02 ALTERNATIVA 1





INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO RELATIVO AO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN XOAN DE ANCEIS DO CONCELLO DE CAMBRE

Promotor: Arcebispado de Santiago de Compostela

Órgano substantivo: Concello de Cambre

Expediente: 2024AAE2934

ANTECEDENTES

- 1 O 27.7.1994 apróbanse definitivamente as Normas subsidiarias de planeamento municipal (NNSSPP) vixentes no concello de Cambre.
- 2 O 12.9.2024 recibimos na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade un escrito do Concello de Cambre no que solicitaba iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Plan especial infraestruturas e dotacións para a ampliación do cemiterio parroquial de San Xoán de Anceis" (en diante plan ou PEID). Achega un borrador do plan e un documento ambiental estratéxico
- 3 O 18.9.2024 iniciamos un período de consultas previo á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de trinta (30) días hábiles.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o Regulamento que a desenvolve (RLSG), aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro, integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica regulado na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 Segundo o artigo 46.2.b da LSG, debe ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada o planeamento de desenvolvemento urbanístico, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.
- 3 A avaliación ambiental estratéxica simplificada conclúe cun informe ambiental estratéxico, que ten a natureza de informe preceptivo e determinante (artigo 5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental). Neste informe o órgano ambiental determinará se o plan pode ter ou non efectos significativos no medio (artigo 75.3 da LSG). No caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza. No caso de prever efectos ambientais significativos, someterase a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria.





- 4 Antes de emitir o informe ambiental estratéxico, o órgano ambiental deberá consultar ao órgano competente en materia de urbanismo, ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas (artigo 75.3 da LSG), que se pronunciarán no prazo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ao amparo do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Obxecto do planeamento

Obxecto: Obtención de solo de equipamento destinado a ampliar o cemiterio parroquial de Anceis (San Xoán), situado no suroeste do municipio de Cambre e clasificado nas NNSSPP vixentes como solo non urbanizable común.

Superficie do ámbito: 2.186,06 m²



Localización do ámbito do PEID

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito do PEID emprázase nunha contorna rururbana nas proximidades do núcleo de Seoane, entre vivendas unifamiliares illadas e espazos de cultivos. O ámbito limita polo noroeste co cemiterio parroquial e polo suroeste cun camiño rural de acceso.

A fronte suroeste está pechado con dous tipoloxías diferentes e as traseiras dos nichos do cemiterio adxacente (fóra do ámbito) presentan acabados de cor dispares.





Os terreos presentan un relevo suave, cunha topografía practicamente cha. Están ocupados maioritariamente por nichos e por vexetación herbácea ao suroeste. O bordo sueste do ámbito presenta un peche vexetal e na súa fronte, fóra do ámbito, existe unha sebe de coníferas de alto porte.

Dentro do ámbito da actuación non existen bens do patrimonio cultural catalogados aínda que ao noroeste atópase a Igrexa de San Xoán de Anceis (núm. 8) catalogada nas NNSSPP e cuxo contorno de protección afecta á totalidade do ámbito.

No borrador indícase que nas inmediacións existe unha rede de saneamento e unha rede de abastecemento de auga. Tamén existen puntos de alumeado público nas marxes do viario lindeiro.



 Delimitación do PEID  Elementos catalogados

3. Proposta de plan

Análise de alternativas: O documento ambiental estratéxico só contempla unha única alternativa viable (ademais da alternativa cero, que sería non tramitar o PEID), xustificando que é *a máis coherente desde un punto de vista da sustentabilidade*.





Resumo da proposta: A proposta cualifica o ámbito como solo destinado a equipamentos para ampliar o cemiterio existente. Define as condicións de implantación, o seu acceso, as actuacións necesarias para a conexión co sistema viario e as infraestruturas de servizos; e as medidas complementarias necesarias para a súa integración cos elementos que bordean o ámbito.

4. Consultas previas

Realizamos as seguintes consultas previas á formulación deste informe ambiental:

<i>Administracións públicas afectadas</i>	<i>Resposta</i>
Dirección Xeral de Urbanismo	x
Instituto de Estudos do Territorio	x
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x

Asemade, o borrador do PEID e o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería para que o público puidese consultalos e facer observacións ou suxestións de carácter ambiental. Non se recibiu ningún comentario.

O promotor deberá considerar na elaboración do PEID a totalidade das observacións e suxestións recibidas, para o cal se lle remiten os textos íntegros dos informes formulados na fase de consultas previas. Non obstante, resúmense a continuación as principais cuestións que poden ter incidencia na avaliación ambiental do planeamento.

Dirección Xeral de Urbanismo

Informa que o planeamento vixente clasifica o ámbito como solo non urbanizable común, contiguo a solo non urbanizable común interior a núcleo coa cualificación de equipamentos ou institucións; correspondente co resto da parcela catastral sobre a que se atopan a igrexa e o cemiterio actual. En aplicación da disposición transitoria primeira da LSG, o réxime de aplicación para o solo non urbanizable ou solo rústico será o disposto nesa lei para o solo rústico.

Considera que o borrador do documento é axeitado ao fin proposto de ordenación dun equipamento en solo rústico.

Recorda que o PEID non está previsto no planeamento xeral vixente polo que é posible sempre que as súas determinacións non esixan a previa definición dun modelo territorial, conforme ao artigo 70.2 da LSG e 177.3 do RLSG.

O informe recolle determinacións referidas ás Normas Técnicas de Planeamento de Galicia, ademais de mencionar aspectos sobre a tramitación.





Instituto de Estudos do Territorio

Considera que o cemiterio existente presenta acabados nos paramentos e nas tipoloxía de peches que carecen de homoxeneidade co cemiterio contemporáneo adxacente

Sinala que a diversidade peches confiren unha imaxe desordenada do conxunto dotacional que non ten sido avaliada no estudo da paisaxe e para o que non se adoptan medidas preventivas ou correctoras. Conclúe mencionando que deberá completarse o estudo da paisaxe coa avaliación dos impactos existentes establecendo medidas adicionais.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Sinala que a Igrexa de San Xoán de Anceis está situada fóra do ámbito do PEID polo que non é esixible a incorporación da súa ficha no Catálogo. Sen embargo, aprecia o esforzo por actualizar a ficha e menciona unha serie de cuestións a corrixir no Catálogo no que se inclúe a súa ficha (AR.01.01), ademais da súa delimitación e do seu contorno de protección.

5. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Con este PEID preténdese ampliar o cemiterio parroquial, de maneira que o marco que establece para a futura autorización de proxectos é limitado.

O ámbito do plan abrangue unha superficie de reducida extensión (0,22 ha) de terreos rústicos situados a carón dun conxunto parroquial existente e no que xa existen usos de cemiterio polo que non prevemos que o plan teña efectos significativos na ocupación do solo.

O PEID non ven a corrixir os impactos paisaxísticos existentes, se ben incorpora un estudo da paisaxe proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan aínda que debe completarse coa avaliación dos impactos existentes, resultado do cal deberá establecer as medidas adicionais que detalla o Instituto de Estudos do Territorio no seu informe.

O ámbito atópase dentro do contorno de protección da Igrexa de San Xoán de Anceis. Non se prevén afeccións significativas sobre este elemento, se ben deberán terse en conta no PEID as medidas protectoras e correctoras expostas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural no seu informe. Tampouco prevemos que o plan teña efectos significativos sobre o patrimonio natural xa que non existen elementos de interese natural que poidan verse afectados.

Tendo en conta o uso e a pequena entidade da ampliación do equipamento proposto no plan, non prevemos unha demanda importante de recursos hídricos para abastecemento. Tampouco é previsible unha incidencia significativa na mobilidade,





pois o ámbito linda coa rede viaria existente e o tráfico asociado ao novo uso terá carácter puntual; ademais, a proximidade á igrexa parroquial e ao asentamento de Seoane permitirá facer parte dos desprazamentos a pé. Con todo, cómpre xustificar no PEID a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos, así como o emprazamento e características dos accesos e aparcadoiros necesarios, de xeito que se garanta a funcionalidade e accesibilidade á dotación e se evite calquera afección ao patrimonio cultural.

De acordo con todo o indicado, INFORMO:

Que a partir da documentación presentada polo promotor e tendo en conta o resultado das consultas realizadas e os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, non prevemos que a Plan especial infraestruturas e dotacións para a ampliación do cemiterio parroquial de San Xoán de Anceis teña efectos ambientais significativos pero deberán atenderse as seguintes condicións:

- 1) De acordo co indicado polo Instituto de Estudos do Territorio, o PEID debe completar o estudo da paisaxe, resultado do cal deberá establecer medidas adicionais, e en particular nos seguintes aspectos:
 - As novas construcións ou instalacións deben integrarse coas existentes para acadar unha imaxe de conxunto axeitada e adoptar medidas nas ordenanzas ou normas reguladoras para minimizar os impactos perceptivos.
 - Os peches deben quedar integrados cos existentes, cunha única tipoloxía. Os paramentos dos nichos da totalidade do cemiterio (incluíndo os adxacentes ao ámbito) deberían ter un único tratamento de cor.
 - O PEID debe establecer criterios específicos sobre regulación de alturas máximas e coherencia tipolóxica para futuras construcións.
- 2) Para contribuír a unha axeitada salvagarda dos valores do patrimonio cultural, teranse en conta as medidas protectoras e correctoras expostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no seu informe:
 - No caso de que se manteña no Catálogo a ficha da Igrexa de San Xoán de Anceis (AR.01.01), esta deberá completarse para que conteña toda a información esixida pola normativa vixente, así como o seu contorno de protección que deberá representarse nos planos de ordenación.
 - Corrixirase a normativa do Catálogo do borrador do PEID para incluír o réxime de protección aplicable aos bens catalogados completo.





- A ordenación detallada definitiva deberá dar cumprimento ás esixencias do artigo 46 da LPCG relativo aos criterios específicos de intervención nos contornos de protección.

Este **informe ambiental estratéxico** remitirase ao promotor e ao Concello de Cambre, xunto con **copia dos informes recibidos na fase de consultas previas**, e farase público a través do *Diario Oficial de Galicia* e do portal web desta consellería (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>).

Segundo o disposto no artigo 35.2.c) da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás que se acorde unha prórroga por dous anos adicionais.

Contra o informe ambiental estratéxico non procede recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra o acto de aprobación definitiva do instrumento de planeamento, nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación co artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María José Echevarría Moreno.

Directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

